

foz

O Concello impulsa un plan integral de mellora viaria e reurbanizacións. **Páx. 8**

viveiro

Portos de Galicia anuncia investimentos clave para o peirao vello de Viveiro. **Páx. 11**

trabada

O Concello moderniza infraestruturas con investimentos en turismo, vivenda e deporte. **Páx. 14**

a pontenova

A Pontenova fúndase coa pesca na súa gran Festa da Troita 2025. **Páx. 16**

riotorto

A XVI Feira da Artesanía do Ferro celebrárase o domingo 20 de abril. **Páx. 23**

Entre loita e incerteza

Alcoa, Sargadelos e a sanidade da Mariña: Tres desafíos clave que poñen en xogo o futuro económico e social de comarca



Eleccións á dirección do PSOE provincial

Á esperada candidatura de José Tomé súmase outra encabezada por Iván Castro. **Páx. 3**

Nace unha nova escola musical na comarca

Ó Compas do Río Ouro busca garantir o ensino musical e xa conta con 30 alumnos e un coro. **Páx. 4**

O Pleno apoia o Plan Deputación

Foi aprobado por unanimidade o reparto dos cartos en cada un dos 67 concellos. **Páx. 27**

Amigos do Ouro



A Sociedade Pesca Amigos do Ouro ten un compromiso coa natureza. **Páx. 21**

Asociación A Rebolaxe



O colectivo mantén viva a música tradicional galega. **Páx. 25**

Uxío Rodríguez



Falamos co surfista de Viveiro, que estivo competindo en Hawai. **Páx. 29**

HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA

AENOR AENOR ECA ECA GWO

GRUPO FORMAT

formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:
www.grupoforma-t.com
TEL.: 982 513 605

A MARIÑA

O Goberno pecha a porta á intervención da SEPI en Alcoa



A planta de Alcoa afronta un momento crucial no seu futuro. Recente-mente, tivo lugar unha reunión de seguimento no Ministerio de Indus-tria, no que o obxectivo principal foi revisar os compromisos adquiridos e establecer as bases para asegurar a continuidade da factoría, que em-plega a máis de 1.000 persoas. José Antonio Zan, presidente do co-mité de empresa, destacou que, na xuntanza, a administración reiterou o seu compromiso para aumentar as compensacións por CO2 e axilizar a conexión das redes eléctricas. A Xun-ta de Galicia tamén confirmou a au-torización para a ampliación da balsa de lodos vermellos, unha infraestruc-tura clave para a continuidade da ac-tividade produtiva. Por parte de Alcoa, a compañía anunciou que está a piques de cum-prir varios obxectivos importantes, como o inicio do recrecemento do Dique de Balsa de Residuos (DBR), a orde para o rearranque das insta-lacións e a incorporación dun novo socio. Non obstante, a multinacional admitiu que os próximos dous anos serán de fluxo de caixa negativo, pero confía en que a situación mello-re a partir do terceiro ano. Un dos aspectos máis destacados na reunión foron as negociacións coas empresas enerxéticas Endesa, Green Alley e Capital Energy, responsables dos contratos de compravenda de enerxía (PPAs). A situación das PPAs, que son fundamentais para garantir a viabilidade da planta, segue sendo

un punto de fricción, xa que Endesa non entregará enerxía até 2028 e ou-tras empresas aínda non finalizaron os acordos. A Xunta de Galicia, por boca da con-selleira de Economía e Industria, Ma-ría Jesús Lorenzana, destacou que este ano será “crucial” para Alcoa, dado que a empresa sairá da súa condición de “empresa en crise”, o que lle permitirá acceder a axudas públicas e outras fontes de finan-ciamiento. A administración galega comprometeuse a seguir traballan-do para que se cumpran os prazos. Pola súa parte, o BNG, a través do deputado Néstor Rego, criticou a fal-ta de transparencia no acordo asina-do entre Alcoa, o Goberno e a Xunta. Rego alertou de que, de seguir esta liña, a situación podería acabar con-ducindo a un proceso de desindus-trialización similar ao que afectou as plantas de Alcoa en A Coruña e Avilés. O BNG propón, ademais, que o Goberno explore mecanismos de financiamento alternativos, como a concesión de créditos reembolsa-bles, para asegurar que Alcoa cum-pla cos compromisos adquiridos. Aínda que o Goberno galego deixou claro que non intervirá a través da SEPI, Zan afirmou que o futuro da factoría depende da capacidade de Alcoa e do comité de empresa para chegar a un acordo que garanta a continuidade da produción e os pos-tos de traballo. “É fundamental que todas as partes cumpran co acorda-do”, concluíu.

A sanidade pública en loita

Milleiros de persoas maniféstanse en Viveiro polo futuro da sanidade pública

Milleiros de persoas saíron ás rúas de Viveiro para participar na manifestación convocada pola Plataforma na Defensa da Sanidade Pública da Mariña, baixo o lema “Pola resurrección da nosa sanidade”. O obxectivo da mobilización foi denunciar o desmantelamento dos servizos sanitarios e a falta de persoal nos hospitais e centros de saú-de da comarca, situación que afecta gravemente a atención sanitaria. A protesta comezou no Centro de Saúde, onde se leu un manifesto a cargo de Ovidio González e Montse Porteiro. A continuación, os manifestantes percorreron as rúas de Viveiro, con consignas como “Rueda, es-coita, a sanidade está en loita” e “A atención primaria sempre é necesaria”, evidenciando a in-dignación pola crise sanitaria. Os grupos políticos tamén se su-marón á protesta. Lara Méndez, secretaria de Organización do PSdeG, expresou a súa preocu-pación polo “grave déficit de persoal, servizos e atención” nos centros de saúde e hospitais comarcais. O secretario de Sa-nidade do PSdeG, Julio Torrado, asegurou que a situación se de-



bía a unha “decisión voluntaria” do Goberno do PP. Pola súa par-te, Carmela López, alcaldesa de Burela, destacou que a protesta busca mellorar as condicións do hospital de Burela e a atención primaria na comarca. O PSdeG do Vicedo alertou da falta de médicos e pediatras, o que obriga aos veciños a des-prazarse a outras localidades. O Grupo Socialista de Viveiro de-nunciou que o centro de saúde está funcionando con só o 70 % do persoal, e o Hospital da Mari-ña sofre carencias importantes. O BNG da Mariña pediu o incre-mento do orzamento sanitario e a recuperación da súa Área Sa-

nitaria, eliminada polo PP, o que supón un retroceso na calidade da atención. A CIG-Saúde criticou a situación “insostible” da atención prima-ria, destacando a falta de profes-ionais e a carencia de servizos especializados. Denunciaron a derivación de pacientes a hos-pitais privados e a falta de con-sultas e servizos clave, como cirurxía vascular ou logopedia, provocando listas de espera in-terminables. A manifestación foi unha forte mostra de descontento, con un claro rexeitamento aos recortes e ao deterioro dos dereitos bási-cos en sanidade na Mariña.

A Mancomunidade dá un paso adiante na súa estratexia de turismo sostible

A Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense avanzou na con-solidación do turismo sostible cun encontro coa Axencia Turismo de Galicia en Santiago. A vicepresidenta da Mancomunidade, Ana Ermida, e a técnica do Plan de Sostibilidade Tu-rística, Claudia del Pino, reuníronse co director da Axencia, Xosé Manuel Merelles, para destacar os proxectos

en marcha na comarca. Entre eles, subliñaron a promoción da marca A Mariña Galicia de Corazón, a cam-paña Toma o teu tempo e iniciativas como a Rede de Rutas de Sendeiris-mo e a sinalización do Camiño do Mar. Tamén se trataron proxectos colaborativos como o SICTED, a pro-moción da gastronomía local e os acordos con Galicia Destino Sostible

e o Corredor da España Verde para reforzar o ecoturismo. Merelles valo-rou positivamente os avances e a im-plicación dos axentes locais, desta-cando a riqueza turística da Mariña. Este encontro serviu para establecer unha comunicación máis directa en-tre ambas entidades e fortalecer o turismo sostible na comarca.

Cuando necesitas energía limpia y accesible, **él está aquí**

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en [edpenergia.es](https://www.edpenergia.es)

José Tomé e Iván Castro optan á dirección do PSOE na provincia

O Comité Provincial do PSdeG-PSOE de Lugo aprobou as bases e o calendario do 5º Congreso Provincial Ordinario, que terá lugar o vindeiro 10 de maio na cidade de Lugo. Esta cita congresual marcará un momento clave para o socialismo lucense, consolidando o proxecto do partido na provincia e reforzando a súa estrutura para afrontar os retos dos próximos anos.

Toca renovar a dirección do partido e para iso José Tomé Roca, presidente da Deputación de Lugo e alcalde de Monforte de Lemos, confirmou a súa precandidatura á reelección como secretario Xeral do PSdeG na provincia. Con ampla traxectoria institucional e orgánica, reafirma o seu compromiso cun partido forte, unido e centrado en defender os intereses da provincia fronte a un Partido Popular que só mira polos seus propios intereses, esquecendo as necesidades da xente.

José Tomé Roca afronta esta nova etapa coa ilusión de seguir fortalecendo o proxecto socialista na provincia, escoitando á militancia e respondendo ás necesidades de todos os sectores produtivos e sociais que fan de Lugo unha terra con futuro. Subliña que a unidade e a fortaleza do partido son claves para garantir un mellor posicionamento na defensa dos servizos públicos, do benestar da cidadanía e do desenvolvemento económico da provincia. “Nós traballamos por máis sanidade, máis emprego, máis industria”, sinalou, en clara referencia á falta de compromiso do PP cos sectores estratéxicos da provincia de Lugo.

O seu proxecto para o PSdeG en Lugo pasa por manter e ampliar as alcaldías socialistas, recuperar as perdas e renovar o Goberno da Deputación. Pero o obxectivo vai máis aló: conseguir un cambio real



na Xunta de Galicia e garantir a continuidade dun goberno progresista en España que poña ás persoas no centro da política.

Para iso, Tomé aposta por reforzar as agrupacións locais, dotadas dos recursos necesarios e darlles máis protagonismo, tanto cando gobernan como cando están na oposición. A súa proposta inclúe un maior peso dos asuntos comarcais e provinciais dentro da Executiva do partido, apostando pola participación, a coordinación e a acción política efectiva.

Tomé Roca defende unha Galicia e unha provincia de Lugo que aposte pola reindustrialización sostible, a innovación e a creación de emprego de calidade, fronte a un PP que só se preocupa por manter os seus privilexios. “Mentres eles se dedican ás fotos e aos banquetes, nós traballamos para que Lugo teña un futuro con máis oportunidades para todos e todas”, asegurou.

A ALTERNATIVA. Iván Castro, deputado provincial e portavoz socialista en Paradelas presentou pouco despois a súa precandidatura.

Castro presentaralle á militancia da provincia un programa baseado en



“devolverlle a ilusión á militancia. Apostamos por un proxecto renovador que conte con todas e con todos, con humildade, traballo e proximidade aos concellos.”

Xunto a el están Mayra García Bermudez, ex-alcaldesa de Trabada, Juan José Díaz Valiño, exsecretario de organización provincial, José María Arias, alcalde de Castroverde, Marisol Morandeira, alcaldesa de Guitiriz, José Fernández, alcalde de Navia, Judith López e Alba Sinde portavoces no concello do Saviñao e Castro de Rei respectivamente, David Rodríguez, Secretario de Organización do PSdeG en Monterroso, tamén o acompañou a Secretaria de Organización das Xuventudes Socialistas de Lugo Elena Cordero

Iván Castro presenta unha candidatura na que conflúen compañeiros e compañeiras que ostentan responsabilidades de goberno como alcaldes e alcaldes, pero tamén a moitos portavoces en concellos onde o PSOE está na oposición.

A candidatura aposta por unha profunda renovación do PSOE de Lugo, pero ao mesmo tempo conta co respaldo de socialistas históricos que ven necesario “darlle un novo impulso ao Partido en Lugo”.

O futuro de Sargadelos queda en suspenso tras frear o peche



O futuro da fábrica de Sargadelos parece asegurado despois de que o seu administrador único, Segismundo García, rectificase a súa decisión de pechar a factoría. Así, García comunicou aos traballadores que non haberá despedimentos e que, previsiblemente, a vindeira semana retomarán a actividade.

O anuncio do peche, xustificado polas deficiencias de seguridade detectadas pola Inspección de Traballo, causara un gran impacto en Galicia, poñendo en risco non só os postos de traballo, senón tamén un dos maiores símbolos culturais e industriais da Mariña lucense. Fundada no século XIX e recuperada no século XX por Isaac Díaz Pardo, Sargadelos representa unha parte esencial da identidade galega, recoñecida internacionalmente polo seu deseño e calidade artesanal.

Foron os propios traballadores os que informaron aos medios tras saír dunha reunión con García, celebrada despois de atopar as portas da fábrica pechadas ao comezo da xornada. Segundo trasladaron, o empresario pediulles tempo para buscar unha solución e aseguroulles que a suspensión temporal da actividade respondía a cuestións de seguridade.

A pesar da incerteza inicial, os empregados decidiron permane-

cer no recinto ata o final da súa quenda para evitar posibles reclamacións e, polo momento, non teñen previsto presentar denuncias, confiando en que se atope unha saída viable. Mentres tanto, García manifestou a súa intención de negociar coas institucións implicadas, como a Consellería de Emprego e a Inspección de Traballo, que alertou sobre as 36 deficiencias que deben ser corrixiadas na planta.

O caso espertou unha forte reacción política. A Deputación de Lugo e o BNG esixiron á Xunta que interviñese para evitar o peche. O presidente da Deputación, José Tomé, lembrou que a clausura da fábrica sería ilegal sen autorización da autoridade laboral, pois debería pasar por un Expediente de Regulación de Emprego (ERE) ou xustificar perdas económicas prolongadas. Desde o BNG, a viceportavoz Olalla Rodil destacou que Sargadelos non só é unha fábrica, senón tamén un emblema cultural que non pode desaparecer.

O peche de Sargadelos non só poría en risco a economía da comarca, senón tamén un legado único para Galicia. O paso atrás de Segismundo García dá un respiro á factoría, pero o futuro da empresa segue condicionado á resolución dos problemas de seguridade e ás negociacións cos organismos competentes.

XLV FESTA DA TROITA a pontenova 2025

DECLARADA DE INTERESE DEPORTIVO NACIONAL

MELLOR EVENTO DEPORTIVO DE ESPAÑA 2022

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO

XI Concurso de Salmón

XVII Concurso Internacional de Mosca

XLV Concurso Popular

30 de Abril:

09:00 - Eugenio Linares (Escultor con motoserra), días 30 de Abril e 01 de Maio

10:00 - Venta e Exposición de novos materiais de Pesca (Casa da Cultura)

19:00 - Inauguración das novas pedras no “Paseo do Pescador” e acto seguido
Visita o Museo da Pesca

21:00 - Recoñecementos do CIT e imposición das Troitas de Ouro

21:30 - Pregón a Cargo de Miguel Angel Revilla, e o remate

- Apertura da Caseta e degustación de Troitas de “Ribeira de Piquín”
Verbena polas Orquestras

GRAN PARADA e GRUPO BEATRIZ

1 de Maio:

07:00 - Concentración de Pescadores na “Praza dos Fornos”

09:00 - Comenzo concursos de Pesca (Lance, Salmón e Mosca)

12:00 - Exhibición de Pesca á Mosca polos campións do mundo Pablo Castro, Pascal Cognard, Said Yahiaoui, Fran Llamas e a competidora Raquel Cabeza.

13:30 - Remate dos Concursos, Pesaxe e clasificación, e seguidamente

- “Macro” Sesión Vermout coa Orquestra **SALSARENA**

16:30 - IV Campionato de Billarda “FESTA DA TROITA”

18:00 - Entrega trofeos no Salón de Actos da Casa da Cultura

Organiza:



Colabora:



Ó Compas do río Ouro, unha escola de música para o futuro

O proxecto nace do compromiso das familias para garantir unha formación musical estable nos concellos veciños de Valadouro e Alfoz

Por Ana Somoza

A Asociación Cultural e Xuvenil Ó Compás do Río Ouro naceu co obxectivo de ofrecer continuidade ás clases de música para a infancia e a mocidade da comarca. Helena Cornide Pumares, presidenta da entidade, explica que a iniciativa xurdiu a principios de ano, cando un grupo de nais e pais do Valadouro e Alfoz decidiron unirse para garantir que os seus fillos puidesen seguir aprendendo música sen ter que desprazarse a outras localidades. “Os nenos, as súas ganas de aprender e formar parte dun grupo musical foron realmente o motor deste proxecto, porque gozaban moito coa música”, comenta Cornide. O proxecto deu os seus primeiros pasos en febreiro, cando as familias implicadas tomaron a decisión de crear unha asociación que permitise estruturar e consolidar unha escola de música na comarca. Desde entón, o traballo foi intenso, pero o esforzo viuse recompensado co apoio do Concello do Valadouro, que cedeu un local

para as clases, e coa colaboración de Francisco Javier García Canto, máis coñecido como Fran Cupeiro, quen asumiu a coordinación da escola. A escola conta cun equipo de cinco profesores especializados en diferentes disciplinas musicais. Luís encárgase das clases de piano e coro, Brais imparte vento metal e linguaxe musical, Xacobe é o responsable da sección de corda e orquestra, Jose Meitín ensina guitarra, combo rock e dirixe o coro de adultos, mentres que Pablo Peláez imparte vento madeira, coro xuvenil e linguaxe musical. Todos eles son músicos da Mariña, o que permite ofrecer unha formación próxima e adaptada á realidade da contorna. A resposta das familias foi moi positiva, e en pouco tempo a asociación conseguiu reunir 30 socios, con 30 alumnos matriculados na escola e unha decena de persoas adultas inscritas no coro. “A escola está aberta a todas as idades”, destaca Cornide, quen asegura que a intención é seguir crecendo e ampliando a oferta.

LOCAL E ENSINO. Na actualidade, as clases impártense no que fora a escola de agricultura, detrás do Concello do Valadouro. Trátase dun espazo amplo, con varias aulas equipadas con calefacción e todo o material necesario para desenvolver as actividades musicais. Con todo, a asociación ten previsto trasladarse proximamente ao antigo matadoiro do Valadouro, un edificio situado ao lado do parque que o Concello está acondicionando para acoller a escola de música. A actividade da escola arrancou oficialmente o 10 de marzo e, segundo a presidenta, a acollida foi mellor do esperado. “Os primeiros días o alumnado estaba un pouco nervioso e andaba algo alborotado pola novidade: local novo, profesorado novo, etc. Pero atrévome a dicir que todos saíron cun sorriso enorme! É a mellor recompensa que podemos ter!”, afirma Cornide. A tradición musical da comarca foi un factor determinante para poñer en marcha esta iniciativa. “A nosa comarca sempre foi terra de músicos e no pasado ata contaba con multitude de orquestras”, lembra Cornide, que destaca os múltiples beneficios da música, tanto a nivel educativo como persoal. “A música axuda a socializar, mellora o estado de ánimo, a concentración, axuda a manexar mellor as emocións, fomenta a creatividade... Pero, sobre todo, é unha forma máis de gozar da vida, tanto para os pequenos como para os adultos”, engade.

PROXECTOS E DESAFÍOS. A prioridade da asociación nestes momentos é consolidar a escola de música



ca e garantir a súa continuidade a longo prazo. Pero, a medio prazo, tamén se contemplan outras iniciativas culturais abertas a toda a poboación. “Temos moitas ideas, pero estamos comezando e temos que ir paso a paso”, sinala Cornide. A posibilidade de organizar talleres de música, encontros culturais ou

“Os nenos, as súas ganas de aprender e formar parte dun grupo musical foron realmente o motor deste proxecto”

mesmo actividades relacionadas con outras artes, como a literatura ou o audiovisual, está sobre a mesa, pero a asociación prefire avanzar con cautela. O apoio institucional foi clave para poñer en marcha o proxecto, e a presidenta recoñece que a colaboración do Concello do Valadouro foi fundamental. “Desde o primeiro minuto apoiáronnos para que puidésemos levar a cabo a escola de música. Cedeunos o local e contamos cunha achega económica. Pouco máis podemos pedirlle ao Goberno local agora mesmo, xa que até o momento nos apoiou en todo momento e nos proporcionou todo o

necesario para comezar”, afirma Cornide. A curto prazo, un dos principais desafíos da asociación é aumentar o número de socios para poder ampliar a oferta formativa e garantir a viabilidade do proxecto. “Os comezos sempre son difíciles, pero estamos dispostas a traballar o que faga falta para que tanto a escola como a asociación teñan continuidade e unha longa vida”, asegura a presidenta. A escola xa ten cubertas todas as prazas dispoñibles para este curso, pero aínda quedan prazas abertas para clases de vento metal. Ademais, faise un chamamento ás persoas adultas interesadas en cantar para unirse ao coro, que xa conta cun grupo de dez integrantes. A actividade da escola non se limitará ao curso escolar, xa que tanto a coral como a banda seguirán en funcionamento durante o verán. “Queremos que todas as persoas que teñan interese pola música poidan formar parte deste proxecto. Estamos seguros de que formaremos un equipo moi bo”, comenta Cornide. De feito, se hai demanda, a asociación está disposta a ampliar os horarios de clases no vindeiro curso para dar cabida a máis alumnado. Para aquelas persoas interesadas en contactar coa asociación, a información está dispoñible na súa páxina de Facebook ou a través do teléfono 674038003, onde poden preguntar por Helena Cornide.

O PP reclama a gratuidade do servizo de FEVE en Galicia

Os deputados do Partido Popular de Lugo no Congreso, Jaime de Olano, Francisco Conde e Cristina Abades, criticaron a “discriminación” do Goberno do Estado ao negar a gratuidade do servizo de FEVE en Galicia, mentres que en Asturias e Cantabria os usuarios gozan de abonos gratuítos polos mesmos motivos. Os parlamentarios populares solicitaron unha aclaración ao Goberno de Pedro Sánchez sobre os motivos desta diferenza de trato. Segundo indican, a resposta recibida confirma “a falta de interese do Goberno central por corrixir esta situación”.

A discriminación prédixose pola decisión do Estado de compensar a Asturias e Cantabria polos atrasos na entrega de material rodante, previsto para o ano 2023. Con todo, a liña de FEVE que pasa por Lugo e A Coruña está igualmente afectada, sen que o Goberno aplique as mesmas medidas compensatorias para Galicia. “Mentres noutras comunidades gozan da gratuidade do servizo, en Galicia non. É de xustiza un trato igualitario, ademais de que se realicen as melloras necesarias nesta infraestrutura”, explicaron os deputados populares.

Obras en Riotorto e Mondoñedo para facilitar a mobilidade

A Consellería do Medio Rural destina máis de 400.000 euros á mellora de infraestruturas viarias nos concellos de Riotorto e Mondoñedo dentro dun plan que se desenvolverá entre 2024 e 2026. Estes fondos servirán para acondicionar e renovar camiños municipais, mellorando a conectividade e a accesibilidade das zonas rurais.

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, visitou o avance das obras en Vilar de Santiago, Riotorto, acompañada pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, e os alcal-



des de Mondoñedo, Manuel Otero, e Riotorto, Clemente Iglesias. Durante a visita, Gómez destacou que estas actuacións son fundamentais para fomentar o desenvolvemento e a fixación de poboación no rural. A modernización das vías de comunicación facilita os desprazamentos da veciñanza, mellora os accesos ás explotacións agrarias e fortalece a cohesión social e territorial. Ademais, sinalou que unha boa infraestrutura viaria repercute directamente na competitividade das empresas e explotacións do sector primario.

NOVAS

ribadeo

O Concello logra financiamento para expropiar terreos no litoral

O Concello conseguiu un investimento de 300.000 euros procedentes de fondos europeos para a expropiación de terreos co obxectivo de incrementar a superficie e mellorar a conectividade do hábitat no litoral. Así o anunciou o alcalde, Dani Vega, quen destacou a importancia deste financiamento e as xestións realizadas para obtelo.

“Aprobamos un proxecto de expropiación para conservar e mellorar a conectividade do hábitat na praia das Catedrais, un espazo natural único que queremos seguir protexendo. Este é un paso máis para garantir a súa conservación”, sinalou Vega.

O rexedor explicou que o proxecto foi aprobado cunha dotación de preto de 300.000 euros, permitindo non só a expropiación dos terreos, senón tamén a súa preservación a longo prazo. “O mantemento nos próximos anos correrá a cargo do Goberno do Estado, o que demostra a importancia da colaboración institucional. Ademais, este financiamento permite que o Concello non teña que



achegar fondos propios, aforrando recursos municipais”, engadiu.

Vega puxo en valor a capacidade de xestión do Concello, subliñando que Ribadeo é a localidade que máis fondos europeos captou no último ano e oito meses. “Estes investimentos non só benefician a praia das Catedrais, senón tamén o entorno da praia de Esteiro, Illas e a ría de Ribadeo. A nosa prioridade é buscar financiamento doutras administracións para seguir avanzando sen comprometer os recursos muni-

cipais”, afirmou.

O alcalde tamén lembrou outras melloras levadas a cabo na praia das Catedrais grazas á colaboración da Xunta de Galicia, como a mellora dos accesos, o aparcadoiro ou a restauración do muro de pedra, cun investimento de 70.000 euros que tampouco requiriu achega municipal. “Este é o camiño a seguir: unha xestión eficiente que permita conseguir os maiores investimentos posibles para Ribadeo sen cargar aos nosos veciños con máis gastos”, concluíu.

O BNG denuncia a mala xestión do Goberno local e de apropiarse de proxectos



O BNG cargou contra a xestión do goberno municipal tras a perda de varias subvencións destinadas a melloras no concello. Entre elas, destacan os 47.000 euros destinados á renovación do Parque dos Indianos, que quedaron sen executar debido á incapacidade do Concello para achegar a súa parte do investimento, de 12.000 euros. Como consecuencia, o convenio coa Xunta caducou sen que as obras se levasen a cabo.

O voceiro do BNG, Pablo Vizoso, acusou ao executivo municipal de malgastar recursos e de xerar un déficit que afecta á calidade de vida da veciñanza. Ademais, revelou que o Concello tivo que solicitar un crédito de case un millón de euros a finais de 2024 para afrontar débedas pendentes e poder optar a novas axudas.

Outro dos puntos de crítica foi o estado das beirarrúas na rúa que conecta a Avenida de Galicia co Parque dos Indianos, que levan en mal estado desde outubro de 2023 sen que se teñan completado os traballos. O BNG esixe ao goberno local que remate estas actuacións pendentes e cumpra cos compromisos adquiridos.

Ademais, os nacionalistas instan ao Concello a solicitar ao Bispo o arranxo da capela da Atalaia, cuxa reforma quedou incompleta por falta de fondos. Vizoso adver-

tiu que a estrutura está sufrindo un importante deterioro e que é urxente repoñer o revestimento de cal que protexe este tipo de edificacións históricas. Para iso, presentarán unha moción no pleno e solicitarán o acceso ao expediente para analizar a viabilidade do proxecto.

Por outra banda, o BNG criticou que o actual alcalde, Daniel Vega, se atribúa o mérito dunha subvención europea para a compra de terreos no marco do Plan Especial das Catedrais, cando esta foi tramitada polo anterior goberno entre 2021 e 2022. “É un acto deshonroso apropiarse dun traballo que vén de atrás”, afirmaron desde a formación.

Finalmente, os nacionalistas advertiron da perda dunha subvención de 32.865 euros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) por presentar a documentación fóra de prazo. Con esta, a cantidade total de axudas perdidas polo Concello ascende a preto de 80.000 euros. “Este goberno sáenos moi caro aos ribadenses”, concluíu Vizoso.

Os técnicos municipais manifestaron a súa indignación tras as declaracións da perda dunha subvención da Agader. “O que realmente ocorreu foi un erro na recepción da documentación, non unha mala xestión municipal”, explicaron.

Ribadeo acollerá o III Concurso Solidario de Puzzles

O Pavillón Municipal de Deportes será o escenario do III Concurso Solidario de Puzzles, unha cita que reunirá afeccionados de todas as idades o domingo 4 de maio. O recadado destinarase á Asociación Charcot-Marie-Tooth España, que traballa no apoio ás persoas afectadas por esta enfermidade neuromuscular.

A competición estrutúrase en infantil individual e parellas. Os máis pequenos competirán divididos en tres categorías segundo a idade e o número de pezas do quebra cabezas, mentres que na proba de parellas deberán completar un de 500 pezas.

RIBADEO 20/25



O auditorio municipal Hernán Naval acolleu a celebración de Ribadeo 20/25, un evento para conmemorar os 20 anos da declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) e os 25 anos da designación como Destino Turístico. Durante o acto, que contou cunha destacada representación institucional, houbo música en directo, proxeccións audiovisuais e agasallos conmemorativos.

Na casa do ferreiro coitelo de pau.

XVI FEIRA DA
Artesanía do Ferro
de Riotorto

Domingo, 20 de abril do 2025

ORGANIZAN

CONCELLO DE RIORTORTO

AS FERREIRAS de RIORTORTO

APOIAN

ARTESANÍA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

galicia

Ribadeo

PSOE e BNG defenden un modelo alternativo para o futuro da vila ribadense

A actividade política en Ribadeo non se limita ao labor do goberno local, senón que a oposición xoga un papel fundamental na fiscalización das súas accións e na proposta de alternativas que contribúan ao desenvolvemento do concello. O Partido Socialista (PSOE) e o Bloque Nacionalista Galego (BNG) representan as forzas opositoras principais en Ribadeo, e ambos grupos traballan activamente para mellorar a calidade de vida da cidadanía, propoñendo proxectos e denunciando aquelas situacións que consideran prexudiciais para o municipio.

García Rey: “A oposición tamén representa á veciñanza do Concello, e as nosas propostas deben ser escoitadas. Facemos un traballo de escoita continua”

Vizoso: “Non se trata de criticar por criticar, senón de analizar a realidade e traballar para que o pobo avance. A nosa prioridade é mellorar a calidade de vida dos veciños”

O PAPEL DA OPOSICIÓN

Marta García Rey, representante do PSOE, destaca que a oposición non debe limitarse a unha función de control do goberno, senón que debe contribuír activamente coa presentación de propostas que melloren a vida da veciñanza. O seu partido, di, “realiza un traballo continuo de escoita, trasladando aos plenos municipais as queixas e demandas que lle fan chegar os cidadáns”. Pola súa banda, Pablo Vizoso, concelleiro do BNG, reforza esta idea ao indicar que “a oposición ten un papel fundamental de información á sociedade, visibilizando alternativas e formas diferentes de xestionar os recursos municipais”. Para el, a oposición non debe caer na crítica constante sen fundamento, senón “que debe analizar con rigor as necesidades locais e traballar para que Ribadeo avance”.

LABOR CONSTRUTIVO

Os dous representantes coinciden en que a oposición en Ribadeo ten un enfoque construtivo. O PSOE mantén contacto permanente co tecido asociativo da vila e fomenta o diálogo aberto con todos os sectores, mentres que o BNG aposta por unha política baseada na proximidade, atendendo diariamente as consultas e preocupacións da cidadanía. Ambos partidos destacan que o traballo na oposición esixe dedicación e compromiso. Segundo Marta García Rey, “compaxinar a vida persoal co traballo político é



complicado, xa que hai continuas reunións e debates”. Pola súa banda, Pablo Vizoso do BNG, subliña que “estar na oposición require unha constante análise dos documentos municipais, consultas e estudo de propostas, ademais dun intenso labor de comunicación coa cidadanía”.

CRÍTICAS AO GOBERNO

Tanto o PSOE como o BNG critican a xestión do actual goberno do PP en Ribadeo. Marta García consi-



dera que “a súa xestión está máis centrada na imaxe e na publicidade que en resolver os problemas reais do municipio”. Como exemplo, menciona a privatización do servizo de recollida de lixo, unha medida que considera innecesaria, ou a recente corta de árbores no colexio público sen consultar coa veciñanza. Vizoso, do BNG, pola súa parte, denuncia “unha involución na xestión municipal desde a chegada do PP ao gober-

no”. Destaca a falta de avances en proxectos fundamentais como a rehabilitación do Hospital Asilo, o acceso a vivenda para a mocidade ou a mellora das infraestruturas urbanas e rurais. Tamén critica a falta de investimentos en servizos públicos e a tendencia ao despilfarro sen unha estratexia clara de desenvolvemento.

PROPOSTAS

Ambos partidos consideran fundamental recuperar unha xestión



centrada nas persoas. O PSOE aposta por reforzar os servizos sociais, dinamizar o rural e atender mellor ás persoas maiores. Entre as súas propostas destacan a potenciación do polígono industrial, a creación de vivenda social e a mellora da conectividade dixital en todo o concello. O BNG, pola súa parte, defende unha política de igualdade efectiva, unha programación cultural variada e o impulso de proxectos para a mo-

cidade, como o Consello de Participación Xuvenil. Ademais, propoñen a construción dunha nova área polideportiva e a implantación de medidas para un turismo sustentable e respectuoso co medio ambiente.

A VOZ DA VECIÑANZA

Ambos partidos destacan a importancia de manter un contacto directo coa veciñanza para coñecer de primeira man as súas inquedanzas. O PSOE subliña que a participación cidadá debe ser un pilar fundamental na toma de decisións municipais, mentres que o BNG aposta pola realización de encontros abertos e xornadas participativas que permitan escoitar as demandas da poboación e trasladalas aos plenos.

RELACIÓN CO CONCELLO

A pesar das diferenzas, tanto o PSOE como o BNG manteñen unha relación institucional correcta co equipo de goberno. Con todo, ambos coinciden en que a xestión municipal debería ser máis aberta ao diálogo e á participación cidadá. De cara ao futuro, o PSOE traballa para recuperar o goberno municipal e retomar as políticas progresistas que, segundo afirman, marcaron os seus anteriores mandatos. Pola súa banda, o BNG ten como obxectivo reforzar a súa presenza e volver gobernar en 2027, cun proxecto centrado no progreso, a igualdade e o benestar da veciñanza. En definitiva, a oposición en Ribadeo está activa, propoñendo alternativas e fiscalizando a xestión municipal co obxectivo de garantir un futuro mellor para o concello e a súa veciñanza.

A rúa Illa Pancha será renovada grazas a un convenio coa Xunta



O Goberno local acometerá a renovación da rúa Illa Pancha para mellorar o seu firme e dar resposta a unha demanda veciñal histórica. O proxecto enmárcase no convenio asinado coa Xunta de Galicia, que tamén inclúe actuacións no parque de San Miguel.

A rúa Illa Pancha presenta un estado moi deteriorado, con numerosas fochancas que dificultan a circulación e o acceso ás vivendas. Segundo explicou o alcalde, Dani Vega, os traballos consistirán no fresado e limpeza do firme antes da aplicación dun novo aglomerado en quente. “Non podíamos permitir que continuase así. Con esta intervención, os veciños poderán acceder aos seus aparcadoiros con comodidade e contar cun entorno digno”, sinalou o rexedor.

A actuación completárase con melloras na seguridade e accesibilidade da vía, atendendo ás necesidades da veciñanza. O Concello destaca que esta obra é unha das prioridades establecidas dentro do plan de renovación viaria do municipio.

Ademais, o convenio coa Xunta permitirá continuar a reforma do parque de San Miguel, onde xa se renovaron o chan e os xogos infantís. A seguinte fase incluírá a substitución do mobiliario urbano, a instalación

dunha varanda de madeira e a eliminación dos setos vexetais para mellorar a seguridade do recinto.

BEIRARRÚAS. O Concello comezou os traballos de mellora das beirarrúas na rúa Alza ata a confluencia coa rúa Río do Amalló, debido ao seu deterioro. Vega indicou que “neste caso, comezamos pola rúa do cemiterio, a rúa Alza, xa que a beirarrúa estaba totalmente fundida e tivemos que actuar de emerxencia. O que estamos detectando é que as rúas de Ribadeo non recibiron mantemento axeitado durante anos, polo que agora hai que intervir de xeito urxente e eficaz en moitas delas”.

Ademais da renovación da beirarrúa, os traballos inclúen a limpeza da porcallada acumulada durante anos nesta zona. O obxectivo do goberno local é seguir mellorando a infraestrutura viaria, avanzando en novos proxectos de recuperación e mantemento.


“Nos próximos anos haberá que investir en moitas rúas, pero é igual de importante garantir o mantemento de todo o que se vaia renovando. Estamos iniciando esta nova etapa de conservación e mellora, e iremos actuando progresivamente nas zonas que máis o necesiten”, concluíu o alcalde.

Reforzada a seguridade con 3 novas cámaras de vixilancia

O Concello de Ribadeo instalou recentemente tres cámaras de vixilancia de alta resolución co obxectivo de mellorar a seguridade viaria e cidadá. Segundo explicou a concelleira de Seguridade, Montse Seijo, trátase dunha medida prioritaria para garantir o benestar da veciñanza e dos visitantes.

“Damos un paso máis para que o comercio e os viandantes da vila se sintan máis seguros, algo que levan demandando desde hai tempo”, destacou Seijo. As novas cámaras están equipadas cun sistema de detección automática de matrículas conectado coa DXT, o que permitirá un maior control do tráfico e contribuírá á redución de infraccións e delitos.

O centro de control, xestionado pola Policía Local, poderá visualizar as imaxes en tempo real e gardar os rexistros das gravacións. Ademais, nos próximos días instalaranse carteis informativos para



advertir da presenza das cámaras. “Este sistema estará un tempo en proba para verificar o seu bo funcionamento. Estamos convencidos de que será unha medida disuasoria fronte aos actos vandálicos”, concluíu Seijo.

O Concello quiere restaurar a Biblioteca El Viejo Pancho

O Concello vén de solicitar unha subvención á Xunta de Galicia para acometer melloras na Biblioteca Municipal El Viejo Pancho, segundo anunciou a concelleira de Cultura, Begoña Sanjurjo. Recentemente, xa se mellorou a accesibilidade coa instalación dunha rampla na entrada e agora a prioridade será restaurar as fachadas interiores deste acceso, afectadas polas filtracións de auga. Ademais, transformarase unha antiga sala de informática en desuso nunha nova sala de estudo, especialmente pensada para persoas que preparan

exames ou oposicións. Para iso, será necesario instalar novo mobiliario e, sobre todo, un sistema de calefacción, xa que actualmente non existe nesta parte do edificio. Tamén se colocarán deshumidificadores en determinadas salas para garantir a correcta conservación dos fondos bibliográficos. Outras melloras previstas inclúen o cambio de luminarias por iluminación LED na planta baixa, a instalación de novos expositores e a adecuación do patio exterior para a realización de actividades ao aire libre durante o verán.

EN BREVE

COMIDA VECIÑAL. O 13 de abril, a Explanada do Círculo Habanero de A Devesa acollerá a primeira edición da Comida Veciñal organizada pola Asociación de Veciños de A Devesa. A cita, que comezará ás 13:30 horas, contará cunha sesión vermú amenizada por Verónica Cambón, antes de dar paso á comida servida polo *cátering* Chao de Brea, que terá lugar ás 14:30 horas. Ademais da comida, a xornada contará con sorteos e un gran baile para rematar o evento, todo a cargo de Verónica Cambón. Para máis información, tamén se pode contactar no teléfono 682 06 57 07.

AUDICIÓNS. A Escola Municipal de Música e Danza (EMMeD) de Ribadeo pon en marcha un ciclo de audicións abertas ao público que se desenvolverán ata xuño. Estas actuacións permitirán ao alumnado mostrar o traballo realizado nas aulas e achegar a música e a danza á veciñanza. O director do centro, Hugo García, destacou que “estes eventos son momentos especiais para o alumnado e as súas familias, unha oportunidade de compartir o esforzo e a aprendizaxe con toda a comunidade”.

EXPOSICIÓN. Ata o 11 de abril, o Campo de San Francisco acollerá a exposición “Mulleres x Mulleres”, organizada pola Concellería de Igualdade. A concelleira de Igualdade, Begoña Sanjurjo, explicou que esta exposición forma parte da programación do 8M e pretende render homenaxe a mulleres ribadenses, tanto de nacemento como de adopción, en diversos ámbitos: ciencia, deporte, música, política, filantropía ou comercio. A mostra está composta por 12 paneis e foi elaborada polo alumnado do Obradoiro de Animación Sociocultural. Sanjurjo agradeceu o traballo e implicación do estudantado na creación desta iniciativa.

ACADEMIA
A Mariña

MANIPULADOR DE ALIMENTOS
APLICADOR FITOSANITARIOS
BIENESTAR ANIMAL
PROTOCOLOS DE ACOSO
PRERREQUISITOS -APPCC
PROTECCIÓN DE DATOS
FORMACIÓN BONIFICADA

formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098

nahrin

Productos naturales de calidad suiza desde 1954 

- * Línea exclusiva para tratar el dolor con alta efectividad y resultado, sin efectos secundarios.
- * Suplementos nutricionales para tratar y mejorar todo tipo de patologías o dolencias.
- * Cosmética natural, con alta concentración de principio activo, para que tus clientes obtengan el efecto deseado.

¿ERES TERAPEUTA Y BUSCAS SUMAR VALOR A TUS SESIONES? CONSÚLTANOS

Polígono Industrial Cortaficio, Calle B, Nave 4A. 33740 Tapia de Casariego.
Tel.: 619 173 496 - www.nahrin.es

As mascotas focegas xa teñen o seu propio espazo de lecer



Foz xa conta co primeiro parque canino da Mariña, situado no Pico do Castro, xunto ás letras de Foz, na zona que lle dá nome.

O parque, que ocupa unha superficie de 2.000 metros cadrados, está delimitado cun valado perimetral e dispón dunha dobre porta de entrada para garantir a seguridade dos animais. Conta con instalacións como unha marquesiña para protexerse da choiva, bancos con vistas á ría de Foz, unha fonte adaptada para cans e persoas, un almacén e diferentes xogos de axilidade. Ademais, permanecerá aberto as 24 horas do día, xa que dispón de iluminación específica.

O alcalde, Fran Cajoto, destacou que esta iniciativa forma parte dun proxecto máis amplo de me-

llora dos espazos públicos: “Continuamos mellorando e ampliando as áreas de espaxamento do noso pobo. Na anterior lexislatura construímos pistas de petanca, unha pista multideporte en Pintor Laxeiro, abrimos ao público e melloramos o parque de educación vial e agora vimos de mellorar e ampliar xogos de nenos e adultos en distintos parques”.

Sobre a acollida do novo parque, Cajoto mostrouse satisfeito: “Recuperamos para uso público unha área degradada, como eran as antigas instalacións de gas, e conseguimos un espazo pensado especialmente para as mascotas. Pedimos un uso responsable das instalacións e agardamos que tanto os cans como os seus donos as disfruten”.

O Goberno local propón modificacións ao trazado da A-74 para favorecer á veciñanza

O rexedor presentou alegacións ao proxecto de trazado do tramo O Carme - Barreiros da futura autovía da Mariña A-74.

Unha das principais peticións do Concello refírese ao enlace de O Carme, sobre a estrada LU-152 a Ferreira. “Solicitamos que o semienlace proxectado se transforme nun enlace completo, permitindo que os veciños de Santo Acisclo, Santa Cilla, San Martiño e Vilaronte poidan desprazarse cara a Burela e non só en dirección a Ribadeo. Hai moitos desprazamentos diarios a Alcoa ou ao Hospital da Mariña, e esta mellora facilitaría a mobilidade e beneficiaría tanto aos residentes como ao turismo e ás empresas da zona”, explicou o rexedor.

Outras alegacións céntranse na accesibilidade ao camiño da Balsa e á área recreativa do Carme desde a LU-152, no tránsito peonil arredor do enlace de O Carme e na mellora da sección e pavimentado dalgúns camiños de servizo. Tamén se propón estudar a substitución de dous tramos de recheo por viadutos na zona da Baesta, en Vilaronte, para mellorar a permeabilidade da infraestrutura e evitar que se converta nunha barreira para vehículos e animais. “A accesibilidade e a integración no territorio son fundamentais. Xa logramos melloras en alegacións anteriores e seguimos traballando para que este proxecto sexa o mellor posible”, engadiu o rexedor.

O Concello impulsa un plan integral de mellora viaria e reurbanizacións

O Concello continúa avanzando no seu plan de mellora viaria coa construción dun novo viario que conectará o estacionamento das Torres coa estrada que une o cámping de Llas coa rúa Sarria. Esta actuación, cun investimento de 67.678 euros a cargo do Plan Deputación 2024, ten como obxectivo mellorar a accesibilidade e a mobilidade na zona, facilitando a conexión da urbanización de As Lagoas coa praia de Llas e o paseo marítimo.

O alcalde, Fran Cajoto, destacou que esta infraestrutura permitirá unha saída máis fluída dos vehículos desde o aparcadoiro das Torres, ao tempo que favorecerá a mobilidade peonil mediante un novo camiño que enlazará co paseo xa existente. Ademais, instaláranse novos farois para recuperar a zona traseira da urbanización, mellorando a súa seguridade e estética.

Por outra banda, as obras de mellora viaria seguen o seu curso noutras áreas do municipio. A reforma da Avenida da Mariña avanza segundo o previsto e, tras a finalización



do suelocemento, a próxima semana acometerase o aglomerado, co obxectivo de abrir a circulación antes de Semana Santa. Ademais, están en marcha traballos de canalizacións e movemento de terras no novo acceso ás Torres e na intersección de Illa Nova con Sarria.

A nivel parroquial, realizáronse labores de limpeza en Cordido e Marzán, mentres que en Vilaxoane continúan as actuacións de mantemento. Paralelamente, o Concello asinou un contrato para a mellora de varias vías principais, incluíndo Corporacións, Mijail Gorbachov, a estrada Rapadoi-

ra-Llas, a subida ao Bispo Santo e o acceso á Basílica, entre outras.

Outro dos proxectos estratéxicos que se executará en breve é a reurbanización da vía de acceso ao instituto, cun orzamento de 117.364 euros. A actuación contempla a creación de beirarrúas de dous metros de ancho, a instalación dun sistema de recollida de augas pluviais, o asfaltado da calzada e a colocación dun paso de peóns elevado. Así mesmo, instalaranse seis novos farois e unha marquesiña de 5,5 metros para mellorar a comodidade dos estudantes á hora de esperar o transporte escolar.

Foz busca concesionaria para a xestión da auga

O Concello abriu o prazo de presentación de ofertas para a concesión do servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais. O contrato, valorado en 29.013.066,19 euros, terá unha duración de 15 anos sen posibilidade de prórroga. As empresas interesadas poderán presentar as súas propostas ata o vindeiro 24 de abril a través da Plataforma de Contratación do Estado.

O alcalde, Fran Cajoto, destacou a relevancia deste contrato, sinalando que se trata da concesión “máis importante, por volume e necesidade”. Entre as melloras que incluírá a nova xestión, subliñou a implantación dun mantemento preventivo da rede de saneamento, a xestión integral do sistema de depuración e a incorporación ao servizo das fosas de Santa Cilla, San Martiño e Santo Acisclo, que ata agora non estaban incluídas.

As empresas aspirantes deberán aportar un canon inicial de 1,1 millóns de euros para o ciclo integral da auga, así como mellorar as plantas potabilizadoras de



Cordido e Fazouro. A adjudicataria estará obrigada a renovar o sistema de filtrado en Cordido cun investimento de 100.000 euros e a levar a cabo unha reforma integral da potabilizadora de Fazouro, cun custo de 1,1 millóns de euros.

Entre as prioridades do proxecto está evitar os problemas que se produciron no verán de 2023 coa presenza de trihalometanos por riba dos niveis permitidos debido ao exceso de materia orgánica. Para iso, prevese a substitución do sistema de decantación, a mellora dos reactivos e a incorporación dun pre-tratamento con ozono.

A parroquia de San Martiño prepárase para celebrar o Obispo Santo

A parroquia de San Martiño xa está preparada para a celebración da festa do Obispo Santo 2025. A festividade dará comezo o 4 de maio, coa misa e o traslado da imaxe de San Gonzalo desde a Basílica de San Martiño ata o Monte da Grela. Os días 9, 10 e 11 de maio serán os máis destacados, con varias actuacións musicais. O venres 9, os grupos Mar de Arousa e Combo Dominicano amenizarán a verbena. O sábado 10, a xornada empezará cunha misa e procesión, seguida dunha sesión vermú coa orquestra Principal. Pola tarde, actuará o grupo de gaitas Dambara, e o Mago Paco fará un espectáculo para os pequenos. Ás 18:00 horas, dous DJs animarán a tarde. A verbena nocturna estará a cargo de Principal e Grupo Beatriz. O domingo 11 de maio, a sesión vermú será protagonizada polo Dúo Belinda e a Charanga Louband Street Band. O evento culminará o 18 de maio cunha misa e unha comida popular con polbo, xamón cocido e churrasco, organizada pola Pulpería A Rochela de Vilalba. Ademais, haberá unha zona de acampada dispoñible por un custo simbólico de 10 euros por enganche de luz.

“O cine é unha ferramenta para entender a vida, moitas veces de forma distinta”

A focega Lucía Ramiro foi unha das artífices do documental ‘Os espazos en branco’

Por Ana Somoza

Lucía Ramiro, guionista focega, foi unha das artífices do documental ‘Os espazos en branco’, obra galegada cos Premios Mestre Mateo 2024. A súa paixón polo audiovisual levouna tamén a representar a España no Programa de Talento Novo dos Premios LUX. Falamos con ela sobre a súa experiencia, a súa traxectoria e o papel do cine na sociedade actual. O recoñecemento a ‘Os espazos en branco’ foi un momento moi especial para todo o equipo. “Para nós foi un momento moi emocionante, xa que ao final é un proxecto que naceu dun grupo de persoas que acabamos de rematar a carreira. Fíxonos moitísima ilusión, sobre todo pola parte de recoñecer o traballo, que foi moito, e nos transmite que estamos arroupados polo sector audiovisual en si mesmo”, conta Lucía. A noticia do Mestre Mateo sorprendeuilles: “Foi moi emocionante. Ser capaces de facer unha película desde cero e que a nomeen para un premio, e por riba gañalo, é moi ilusionante. Estábamos absolutamente alucinados”. O documental xurdiu dunha idea de Bruno, sobriño de Xela Arias. “Cando se soubo que lle ían dar as Letras Galegas 2021 a ela, creou este proxecto. El sempre quixo facer unha peza sobre a súa tía, polo que sentiu que era o momento perfecto”, explica. O proceso de creación e desenvolvemento non foi doado. “Aventurámonos a intentar facer unha película, que era o noso primeiro proxecto grande para a maioría, ou polo menos o proxecto máis grande no que asumíamos nós os postos de máis responsabilidade”, recoñece. O guión sufriu cambios durante o proceso: “Na propia rodaxe sufriu cam-



bios, e logo na montaxe tamén, pois ata o final non ves se as cousas encaixan ou non. O proxecto de creación puido ser de dous anos, desde xaneiro 2021 ata abril 2023. Tamén cos cambios acabou convertendo máis nun relato sobre a ausencia e a memoria. Digamos que hai todo un proceso de Bruno de empezar non tanto a falar da súa tía poeta como da súa tía en si mesma”. Como en moitos procesos audiovisuais, o tempo de desenvolvemento foi longo e compatibilizouse con outros proxectos. “Parte do equipo creou a Asociación Memoria e Cinema, na que fan audiovisual vinculado á memoria histórica e traballan tamén en institutos; ou Miguel, o director de fotografía, está traballando en outras moitas producións. Cada un imos facendo outros traballos. Pero este proxecto foi moi especial para todos nós porque era como a filla de todos”.

ACTUAL. Lucía segue vinculada ao cine. “O mesmo ano que comezamos coa película, eu empecei a traballar no cine NUMAX en Santiago,

e despois pasei a ser cooperativista, pois é un cinema, librería e laboratorio de gráfica e vídeo. Tiven moita sorte, pois era o cine ao que ía cando estaba estudando e tiven a oportunidade de poder entrar a formar parte del. Fíxome moita ilusión. Síntome moi afortunada”. Agora mesmo, está centrada nesta etapa profesional: “Agora mesmo estou centrada na cooperativa e en aprender desde este lado do cine, do lado da exhibición”. Para ela, o cine ten un papel fundamental na sociedade: “O cine é unha ferramenta que existe para entender a vida, moitas veces de forma distinta á nosa, unha forma de aprender, de descubrir, de desconectar, e incluso de conectar con outras realidades”. Sen embargo, tamén é consciente das dificultades que atravesamos o sector: “Os datos do último ano foron máis baixos, pero o que ofrece o cine non se pode atopar noutro lugar: a experiencia de ir, o son, a calidade, etc.”.

DESDE PEQUENA. A súa paixón polo cine xorde desde a infancia: “Desde que era pequena, os meus pais en-

sináronme o amor pola lectura, música e cine. Despois formei parte de O Feitizo e as Farangullas, dúas asociacións moi potentes en Foz”. A súa etapa en Foz foi clave na súa formación: “No instituto falaba moito co conserxe do instituto, Carlos, sobre as películas que víamos na tele o día anterior”. O impacto da súa vila é evidente: “É onde pasei a miña infancia e adolescencia. Onde traballei a primeira vez nun audiovisual con Xaime Miranda, que tamén é da Mariña. O formar parte do Feitizo e estudar na escola de música Arcadio Pardiñas fíxome sentir esa parte de amor pola música. Hai moito cine que eu descubrín a través das bandas sonoras que me ensinaba Fernando, o profesor de música do instituto”. Tamén destaca o papel das Farangullas: “Houbo moitas cousas que espertaron en min. Todas estas experiencias fixéronme ser quen son”. A aqueles que queren dedicarse ao audiovisual, dálles un consello: “Eu diríalles que aproveitasen as oportunidades para ver e ler moitas cousas. E logo para facer todo o que poidan: talleres, formacións externas, etc. Na facultade tes acceso a un montón de material, os técnicos son persoas maravillosas que explican o funcionamento de todo”. E lembra con especial cariño as súas primeiras curtas: “Unha das lembranzas que teño da carreira é das curtas que fixen cos meus amigos, nas que aprendíamos moito e o pasamos moi ben”. E conclúe: “En xeral, case todo é parte do audiovisual e é unha cousa colectiva, por iso hai que coidarse e aprender uns dos outros”.

Reportaxe completa en:
www.amariñaxa.com

EN BREVE

EXPOSICIÓN. O Cenima acolle dúas novas exposicións que buscan reflexionar sobre a memoria migratoria e a convivencia cultural. As mostras Proximidade Llunyana e 113+, incluídas no proxecto Culturas en diálogo da Rede Museística Provincial de Lugo, propoñen unha viaxe entre o pasado e o presente a través da arte. As exposicións permanecerán en Foz ata finais de abril.

BIBLIOTECA. O Concello continúa apostando pola mellora dos seus servizos culturais, especialmente os da biblioteca municipal e a sala de estudos. “O novo horario da biblioteca será de luns a venres pola mañá, de 8:30 a 14:00 horas, e polas tardes, de 15:00 a 20:00 horas, o que supón a apertura tamén os venres pola tarde. Ademais, a sala de estudos abrirá de luns a venres de 8:30 da mañá a 20:00 horas de forma ininterrompida”, explicou a concelleira.

MERCADO. Vilaronte prepárase para acoller o IV Mercado de Produtos Locais “Aos Pés de Cornería”, un evento xa consolidado que terá lugar o vindeiro domingo, 4 de maio, no Atrio da Igrexa de Vilaronte. Organizado pola Asociación Cultural O Atrio, este mercado busca poñer en valor os produtos locais e fomentar a economía de proximidade. Nos vindeiros días, a organización irá desvelando a programación completa a través das súas redes sociais, polo que animan a estar atentos para non perder ningunha das novidades. Ademais, todos aqueles que desexen participar cun posto no mercado poden contactar con Andrés (669 106 817) ou Leticia (664 120 073), así como a través das redes sociais da asociación



Pensamento e Sementeira aposta pola tradición na Foliada do Maio

O sábado 10 de maio, a Escola Vella de Galdo converterase no epicentro da música e do baile tradicional coa celebración da Foliada do Maio. Organizado polo Colectivo Pensamento e Sementeira o evento ofrecerá unha xornada dedicada á cultura galega, combinando formación e diversión. A programación inclúe un obradoiro de baile tradicional para aqueles que queiran iniciarse ou perfeccionar os seus coñecementos nesta disciplina. Ademais, a xornada culminará cunha foliada aberta ao público, onde os asistentes poderán participar activamente, creando un ambiente festivo e de convivencia. O cartel musical contará coas actuacións de grupos de renome no panorama folk galego, como as Pandereteiras María Soliña, Axeigo e Abril, que farán vibrar ao público co seu repertorio de cantigas e ritmos tradicionais.

A Foliada do Maio é unha cita ineludible para os amantes da música e da danza galega, unha oportunidade para gozar da tradición.

Viveiro Tattoo Expo contará cunha gran afluencia de tatuadores

A Viveiro Tattoo Expo regresa este ano coas portas abertas para recibir a preto de 65 tatuadores de renome tanto a nivel nacional como internacional. O evento terá lugar os días 12 e 13 de abril no Pazo da Trave en Viveiro e promete converterse nun dos principais puntos de encontro para amantes da arte do tatuaxe. O evento contará cunha nutrida representación de profesionais incluíndo artistas de renome como Fredy Tomas Tattoo, de Murcia, quen conta cunha ampla base de seguidores nas súas redes sociais e que traballou con figuras do mundo da música pop. Tamén estarán presentes outros tatuadores destacados de diversos países, como Argentina, Italia ou Bélxica. A exposición non se limitará só a grandes nomes do sector, senón que a súa principal intención é dar visibilidade a todos os profesionais da tatuaxe, independentemente da súa notoriedade, proporcionando un espazo onde intercambiar coñecementos e experiencias. Entre os artistas que participarán, destacan tamén nomes como Rodrigo Kalaka, Bara, Gonzalo Muñiz, Javi Castaño, Colo López, Mikele, Carolina Ángel e Brujo, entre outros.

Aprobadas as dedicacións exclusivas da alcaldesa e do edil de Obras en Viveiro



O pleno extraordinario do Concello aprobou as dedicacións exclusivas da alcaldesa, Mariña Gueimunde, do PP, e do concelleiro de Obras, Parques e Xardíns, Vicente Vázquez Chao. A rexedora percibirá 59.000 euros brutos anuais e o edil, 25.500 euros, en ambos casos repartidos en 14 mensualidades. A medida saíu adiante cos votos a favor dos sete concelleiros do PP e os dous de Por Viveiro, mentres que PSOE e BNG optaron pola abstención. A retribución global mantense en 84.500 euros, a mesma cifra que destinaba o anterior goberno bipartito, pero cunha redistribución diferente. A oposición manifestou discrepancias. A exalcaldesa socialista María Loureiro cualificou o reparto como “desproporcionado”, ao destinarse o 70 % do orzamento ao soldo da rexedora. Pola súa banda, Míriam

Bermúdez, do BNG, reclamou máis dedicacións en lugar dun aumento salarial, afirmando que “a política non debe ser un medio de enriquecemento, senón un servizo á cidadanía”. Desde Por Viveiro, Bernardo Fraga defendeu o seu apoio á proposta ao considerar que se axusta ao orzamento establecido no mandato anterior. Ademais, durante o pleno, o grupo socialista formulou dous rogos. O primeiro referido á negativa a proporcionar megafonía e tarima para a manifestación do pasado domingo en defensa da sanidade pública. O segundo rogou explicacións sobre a decisión de cancelar a subscrición ao xornal “El País” e á revista “Saber Vivir”, unha iniciativa xa aprobada e consignada no orzamento para a biblioteca municipal.

O PSOE comprométese a liderar a oposición con responsabilidade

Tras a Moción de Censura, María Loureiro García, exalcaldesa de Viveiro e voceira do grupo municipal socialista, manifestou o compromiso do seu partido de continuar traballando dende a oposición con responsabilidade e experiencia de goberno. “Imos seguir traballando dende a oposición coa experiencia de goberno”, asegurou Loureiro, engadindo que o farán “con humildade, respecto e responsabilidade, como sempre o fixemos”. O seu obxectivo é velar porque todos os proxectos e obras xa iniciados polo anterior goberno municipal continúen o seu curso e se leven a cabo con éxito. Desde a agrupación insisten en que a súa prioridade son os veciños e, os seus intereses están por riba de calquera cuestión partidista. Ademais,




destacan algúns dos proxectos de relevancia que deixaron en marcha como a remodelación da fachada marítima de Celeiro, a mellora da rúa do Porto, a licitación do proxecto da praia de Covas para recuperar o sistema dunar, a reforma da pasarela do río Landro ou a renovación do barrio de Xunqueira.

A Semana Santa 2025 arrinca coa presentación do seu cartel oficial

A Semana Santa de Viveiro deu o pistoletazo de saída coa presentación do cartel oficial do 2025, unha fermosa fotografía de Pepa Losada que recolle a esencia desta celebración. A Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, subliñou durante a súa intervención o reforzo do compromiso da Deputación coa Semana Santa de Viveiro, aumentando a súa achega económica de 25.000 euros a 30.000 euros. “É unha aposta clara polo crecemento e consolidación desta festividade, que transcende as fronteiras locais para converterse nun referente internacionalmente”, sinalou.

Declarada Festa de Interese Turístico Internacional en 2013, a Semana Santa de Viveiro é unha das máis importantes e antigas de Galicia. Os seus pasos procesionais, de gran valor artístico, percorren as rúas da vila evocando momentos clave da Paixón. Entre eles destacan a Última Cea, creada en 1808; o Encontro, que reúne as tallas da Virxe da Dolorosa, San Xoán e a Verónica; o Vía Crucis; ou a Soidade, coñecida tamén como a procesión dos Caladiños, que se celebra o Venres Santo nun impresionante silencio iluminado por centos de candeas.

HORARIOS. As confrarías encarga-



das de organizar as procesións do Xoves Santo en Viveiro acordaron adiantar os seus horarios co obxectivo de optimizar o desenvolvemento da xornada e evitar que a última procesión remate ben entrada a madrugada.

A Venerable Orde Terceira, a Irmandade do Prendemento e a Confraría da Misericordia estableceron un novo cronograma para esta noite solemne. Así, a Procesión da Última Cea sairá ás 19:00 horas desde San Francisco, seguida da Procesión do Prendemento, que partirá ás 21:30 horas desde o mesmo lugar. Por último, a Procesión da Misericordia iniciárase ás 23:45 horas dende a capela da Misericordia, mantendo o seu percorrido reducido, unha medida xa aplicada en edicións anteriores.

O BNG denuncia que a Xunta rexeita asumir a xestión do Conservatorio de Viveiro

A portavoz do BNG, Míriam Bermúdez, criticou a negativa do Partido Popular a que a Xunta de Galicia asuma a súa responsabilidade sobre o Conservatorio de Viveiro. O rexeitamento do PP á proposición non de lei presentada pola deputada do BNG Cristina Fernández Davila no Parlamento galego supón un freo ás demandas da comunidade educativa, que xa reuniu case 9.000 sinaturas a favor desta reivindicación. O goberno galego argumenta que o Conservatorio de Viveiro foi creado por iniciativa municipal, polo que rexeita incorporalo á súa rede de centros oficiais, deixando ao Concello en solitario co seu financiamento. Esta situación repí-

tese noutros 22 concellos galegos que sufragan a educación musical profesional sen apoio da Xunta, a pesar de que a Consellería de Educación é a responsable de expedir os títulos oficiais. No caso de Viveiro, o mantemento do Conservatorio supuxo en 2023 un gasto de 1.141.676,22 euros para as arcas municipais, unha carga que compromete recursos esenciais doutros servizos públicos. “Non é xusto que Viveiro teña que asumir en solitario esta responsabilidade. É o momento de que a Xunta actúe”, reclamou Bermúdez, quen advertiu do risco que supón para os concellos soportar este custo sen apoio autonómico.

Viveiro contará cun novo aparcadoiro e un paseo marítimo

O presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez, visitou o porto de Viveiro acompañado da alcaldesa Mariña Gueimunde para avaliar o estado do peirao vello, unha área prioritaria para o novo goberno municipal. Esta visita segue a unha reunión previa entre a rexedora e o conselleiro do Mar, Alfonso Villares, na que se abordaron as actuacións previstas para a localidade.

Durante a inspección, Álvarez comprometeuse a levar a cabo varias actuacións, entre elas a creación dun paseo marítimo que conectará a Casa do Guardamuelles co Náutico de Viveiro e a reurbanización do aparcadoiro do peirao vello. Ademais, anunciou a rehabilitación da Casa do Guardamuelles, un edificio de valor patrimonial. No marco das melloras previstas, tamén se reorganizará o aparcadoiro do Náutico coincidindo coa pavimentación da explanada do porto deportivo, unha intervención prevista para a primavera cun investimento de 91.000 euros. Tamén se substituirán as luminarias do recinto portuario por tecnoloxía LED, cun custo de 93.000 euros. Outro asunto



tratado foi a ampliación do dique de abrigo, un proxecto paralizado pola falta de documentación por parte do departamento de Costas do Estado. Con 1 millón de euros de orzamento previsto, a obra segue pendente da tramitación ambiental e administrativa. A alcaldesa avanzou que enviará unha solicitude ao Goberno central para desbloquear a situación.

BNG. A voceira nacionalista, Míriam Bermúdez, tachou de “inaceptable” o cambio de postura do organismo autonómico, que

agora destina fondos ao proxecto coincidindo co cambio de goberno local. Bermúdez acusou á Xunta de bloquear investimentos mentres o Concello estaba en mans dunha administración non pertencente ao Partido Popular, privando á veciñanza de recursos. Segundo Bermúdez, o anterior executivo local tentou sen éxito reunirse con Portos de Galicia ata en tres ocasións e lamentou que, naquela altura, o presidente do ente afirmara que non había partidas orzamentarias dispoñibles para estas actuacións.

O Concello viveirense reorganiza a Policía Local cun novo xefe en funcións

O Concello de Viveiro dá un novo paso na reorganización da súa Policía Local coa designación do axente Germán Bouso como xefe en funcións. O cargo terá carácter provisional ata que se complete o proceso para cubrir a praza de maneira definitiva. A alcaldesa subliñou a necesidade de recuperar a estabilidade no servizo policial, considerado esencial para a

seguridade e o benestar da cidadanía. A lexislación establece que, ante unha vacante na xefatura, a responsabilidade debe recaer nun funcionario da mesma categoría ou, no seu defecto, nun de categoría inmediatamente inferior, sempre atendendo a criterios de mérito e capacidade.

Para garantir a transparencia na elección, o Concello abriu un prazo de cinco días hábiles para que os propios axentes puidesen presentarse voluntariamente. E posto que non se presentou ningunha candidatura, o goberno municipal tomou a decisión de propoñer a Bouso, avalado pola súa traxectoria e pola experiencia previa.

O Goberno local presiona para desbloquear a variante e mellorar a circulación

O Concello continúa traballando para mellorar a mobilidade na vila e dar resposta ás necesidades urbanísticas da cidadanía. A alcaldesa, Mariña Gueimunde, mantivo unha reunión coa conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, para avanzar na tramitación da variante de Viveiro, unha actuación prioritaria para o municipio.

Durante o encontro, abordouse tamén a remodelación da rotonda da Misericordia, un punto estratéxico para o tráfico pesado na localidade. A mellora desta infraestrutura é fundamental para garantir unha circulación máis fluída e segura.

Ademais, estudouse a posible cesión de espazos como o aparcadoiro da variante, co obxectivo de ordenar o estacionamento e optimizar o seu uso.

Outro dos temas centrais da reunión foi a escaseza de vivenda pública. A alcaldesa e a conselleira analizaron posibles solucións para reactivar os procesos de licitación que quedaron desertos por falta de empresas interesadas. “Precisamos vivenda pública e hai que buscar solucións, axilizar as licitacións que quedaron desertas ao non presentarse ningunha empresa”, destacou Gueimunde.

O Resurrection Fest 2025 celebra o seu 20º aniversario e presenta o cartel por días

O Resurrection Fest Estrella Galicia presentou o seu cartel por días para a edición máis grande e especial da súa historia. No seu 20º aniversario, o festival reafirmase como a referencia do metal e do rock en España e un dos máis importantes do mundo.

A pequena localidade de Viveiro, na Mariña lucense, volverá ser o epicentro mundial do metal en 2025, aollendo un cartel de luxo con lendas como Judas Priest, Korn e Slipknot, ademais de bandas emerxentes como Jinjer, Tesseract e Falling In Reverse. O evento celebrarase entre os días 25 e 28 de xuño, con-

tando cun total de cen bandas repartidas en catro escenarios. O festival arrinca o mércores 25 de xuño cunha xornada liderada por Judas Priest, xunto a Jinjer, Novelists, Stick To Your Guns, Tarja e moitas outras bandas. O xoves 26 será a quenda de Korn e Till Lindemann, ademais de Northlane, Death Angel e Heredeiros da Crus.

O venres 27 de xuño destacan Falling In Reverse e Tesseract, acompañados por Angelus Apatrida, Aphonic e Ignite. Finalmente, o sábado 28 de xuño pechará o evento Slipknot, con bandas como Skindred, Walls of Jericho e Zeal & Ardor.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias • Festivales
Fiestas • Infantil
Humor • Gastronomía
Teatro • Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

O Concello mellora o alumeadado público



O Concello segue avanzando na modernización do alumeadado público con varias actuacións en distintos puntos da vila. En Vilar, substituíronse 33 metros de cableado danado, mellorando o servizo. No Muro de Amarte, instaláronse seis novos focos para unha iluminación óptima. No complexo deportivo de A Marosa, renováronse tres focos no campo artificial e un proxector no natural, ademais de solucionar os problemas no sistema

de rego do terreo artificial. Finalmente, na Avenida Arcadio Pardiñas, solucionáronse avarías causadas por inundacións, aínda que segue pendente a substitución de equipos e o selado de luminarias. Doutra banda, o Concello tamén traballa na mellora da seguridade viaria. Tras as peticións veciñais, xestionouse a instalación dunha barreira de seguridade de protección na estrada LU-P-1502, na subida ao Montes Castelo.

O encaixe volve a Burela o 17 de maio no XV Encontro de Palilleiras

O porto de Burela converterase o vindeiro 17 de maio no epicentro da artesanía e do encaixe tradicional co XV Encontro de Palilleiras, organizado pola Asociación Cultural e Artesanal de Mulleres Palilleiras “As Encaixeiras” en colaboración co Concello de Burela e diversas entidades patrocinadoras. Esta cita, xa consolidada no calendario cultural galego, busca poñer en valor o labor das palilleiras, promover a tradición do encaixe e fomentar o intercambio de coñecementos entre artesás de diferentes puntos de Galicia e doutras rexións. A xornada dará comezo ás 10:30 coa recepción das participantes, seguida dunha demostración de traballos en encaixe ata as 13:30. Ás 11:30 terá lugar o acto de inauguración, e ao mediodía os asistentes poderán gozar dunha degustación de empanada de pescada, así como dunha visita ao Monte Castelo e á igrexa da Vila do Medio. Xa pola tarde, as demostracións continuarán a partir das 16:00, seguidas dun sorteo de agasallos ás 17:30 e a despedida ás



19:00. A xornada estará amenizada por Arume, con actividades de globflexia e pintacaras para os máis pequenos. Ademais, o evento inclúe un programa complementario que ofrece visitas ao Barco Museo Boniteiro “Raíña do Carme” e ao Museo Histórico, así como a posibilidade de admirar os murais da Cofradía de Pescadores. As persoas interesadas tamén poderán participar nun obradoiro impar-

tido por Marisa Hermida, cun grupo reducido e previa inscrición. As prazas para participar no encontro estarán abertas ata o 4 de maio. As asistentes que desexen xantar poderán facelo en diversos establecementos colaboradores da vila. Unha vez máis, Burela reivindica o seu papel como referente na promoción da artesanía e a cultura mariñeira, nunha celebración que une tradición, arte e convivencia.

O ciclo de concertos Maraxes da Osa chega á Casa da Cultura

Maraxes da Osa prepárase para traer un novo aire musical á Mariña de Lugo cun ciclo de concertos que servirá como aperitivo do festival Osa do Mar. A iniciativa busca ofrecer unha programación máis íntima e próxima ao público antes da celebración do evento estival. A primeira actuación terá lugar o venres 11 de abril coa cantante e compositora canaria Marilia Monzón, recoñecida pola súa voz cálida e a súa mestura de estilos musicais. O concerto celebrarase ás 21:00 horas na Casa da Cultura de Burela, que será o escenario de todas as actuacións programadas. O sábado 10 de maio será a quenda da madrileña Mercedes Cañas, quen chegará cun estilo fresco e cargado de emocións. O ciclo continuará o 14 de xuño coa presentación de Yarea, mentres que o peche do evento correrá a cargo de Sabela Caamaño e Antía Ameixeiras, que subirán ao escenario o sábado 28 de xuño. As entradas anticipadas xa están dispoñibles a un prezo de 15 euros para o público xeral, 10 euros para mozos de 16 e 17 anos, e gratuítas para menores de 16 anos. Os billetes adquiridos na billeteira o día do concerto terán un custo de 18 euros.

Burela súmase á Rede de Concellos Emprendedores tras a proposta do Partido Popular

O grupo municipal do Partido Popular conseguiu no pleno deste xoves que o goberno local aprobase a adhesión do Concello á rede de Concellos Emprendedores da Xunta de Galicia. Esta iniciativa, que xa fora presentada anteriormente e rexeitada, abre agora novas oportunidades para o tecido empresarial e os veciños da localidade. A integración nesta rede permitirá que os empresarios e autónomos de Burela poidan acceder a bonificacións fiscais de ata o 95% en impostos como o de actividades económicas (IAE), o de bens inmobles (IBI) ou o de construcións e instalacións (ICIO). Ademais, o Concello gañará unha posición preferente á hora de optar a axudas autonómicas en réxime de concorrencia competitiva. O portavoz do PP en Burela, Manuel Rouco, destacou que lograron o apoio unánime despois de aceptar a petición do grupo socialista de modificar a exposición de motivos, eliminando referencias ao impacto da taxa

de paro e ao peche de negocios na vila. “O noso obxectivo era aprobar unha iniciativa beneficiosa para Burela e, por iso, non tivemos problema en facer este cambio”, explicou Rouco. Con todo, o portavoz popular insistiu en que a realidade económica do municipio é preocupante. Segundo indicou, “Burela ten actualmente a taxa de paro máis alta da Mariña, por riba incluso de Viveiro, e no primeiro trimestre do ano rexistrou 41 desempregados máis”. Ademais, Rouco subliñou que “desde o inicio do actual mandato pecharon 74 negocios na localidade, 30 deles do sector da hostalería e do comercio”. Se non se tivesen producido novas aperturas, asegurou, “estaríamos a falar de preto de 100 locais pechados en Burela”. Aprobada esta medida, os populares esperan que se traduza nun impulso para o desenvolvemento económico da vila, fomentando a creación de emprego e dinamizando a actividade comercial.

Un novo mural enche de arte a rúa Nosa Señora do Carme



A rúa Nosa Señora do Carme de Burela gañou unha nova obra de arte grazas ao traballo do alumnado de Bacharelato de Artes. Este mural, que enriquece o espazo urbano cunha temática centrada na saúde, foi posible grazas á colaboración entre a Área de Educación do Concello e os centros educativos do municipio. O tenente de alcaldesa e concelleiro de Mocidade, Mario Pillado, quixo destacar o esforzo e a creatividade do estudantado e do departamento de Artes, agradecendo a súa implicación no proxecto. “Para nós é unha obriga traballar da man da comunidade educativa, pero tamén un orgullo e un privilexio, porque nos permite obter resultados tan bos coma este”, afirmou. A obra non está aínda totalmente

finalizada, xa que está previsto que o IES Perdouro complemente o mural cunha serie de pezas metálicas deseñadas e fabricadas polo seu propio alumnado. Con esta intervención, o proxecto non só embelece a vila, senón que tamén serve como exemplo da colaboración entre administración e ensino para fomentar a creatividade e a expresión artística na mocidade. Esta iniciativa encaixa dentro da aposta do Concello pola arte urbana como ferramenta de embelecemento e dinamización do espazo público. Ademais, fomenta a participación activa da mocidade na transformación do seu propio contorno, dándolle un papel protagonista na construción dunha vila máis acolledora e chea de expresión cultural.

O Concello está a renovar a rede de abastecemento no Camiño Real

O Concello iniciou unha importante intervención no Camiño Real, que ten como obxectivo renovar a rede de abastecemento e saneamento, ao tempo que mellora a seguridade viaria na zona. Esta actuación, que conta cun orzamento de 34.652,55 euros, está completamente financiada con fondos municipais.

A alcaldesa de Burela, Carmela López, destacou a relevancia desta obra, que, a pesar de non ser das máis visibles, é crucial para a mellora dos servizos e a seguridade dos veciños. “Non son as obras máis vistosas nin as que chaman máis a atención, pero son fundamentais”, afirmou a alcaldesa, facendo fincapé na importancia de mellorar a calidade das infraestruturas sen necesidade de mostrar grandes cambios estéticos. Un dos obxectivos principais desta intervención é a eliminación progresiva do fibrocemento na rede de abastecemento, un paso máis na modernización das infraestruturas de Burela. “O fibrocemento en



Burela está desaparecendo grazas a actuacións como esta, que, aínda que non se vexan, melloran a calidade dos servizos e a seguridade das infraestruturas para todos os veciños e veciñas. Seguimos avanzando, paso a paso, cara a unha Burela máis moderna e sostible”, explicou López, facendo referencia aos avances logrados na renovación da rede de abastecemento e saneamento no municipio.

Ademais, a actuación tamén prevé a mellora da seguridade dos peóns

mediante a renovación da beirarrúa, que presentaba signos de desgaste polo paso do tempo. O concelleiro de obras, Ramiro Fernández Rey, explicou que este proxecto tamén incide na accesibilidade e seguridade para os viandantes. “Esta intervención permite mellorar a accesibilidade e a seguridade dos peóns, renovando unha beirarrúa que presentaba desgaste polo paso do tempo e pequenas irregularidades. Os viandantes contarán cun espazo máis seguro e funcional”, destacou Fernández Rey.

A Asociación Camiña organiza xornadas de lecer inclusivo

A Asociación Camiña impulsa unhas xornadas de lecer inclusivo durante as vacacións de Semana Santa, que se desenvolverán os días 14, 15, 16 e 21 de abril en horario de 10:00 a 14:00 horas. Como novidade este ano, incorporárase un servizo de madrugadores, pensado para apoiar ás familias que precisen conciliar.

As actividades están abertas a toda a infancia, aínda que terán prioridade os nenos e nenas de entre 3 e 10 anos con diversidade funcional. Durante as sesións, os pequenos poderán gozar de obradoiros de manualidades, xogos, cociña e outras propostas nun espazo inclusivo, adaptado ás súas necesidades.

O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o 9 de abril e as prazas son limitadas. As persoas interesadas poden contactar coa Asociación Camiña a través do teléfono 982 580 423 (de luns a xoves, de 15:30 a 21:00 horas) ou mediante as súas redes sociais.

O PP critica a falta de proxectos para o municipio por parte do Goberno local

Os concelleiros do PP critican a “constante improvisación” da alcaldesa, asegurando que non hai un proxecto claro para o municipio. Denuncian que, malia os intentos do goberno local por destacar os servizos de orientación laboral, Burela lidera o incremento do paro na Mariña. Segundo os populares, non existen políticas activas de emprego.

Os populares tamén sinalan a falta de apoio ao comercio local, propondo campañas para fomentar a contratación de veciños e incentivar o autoemprego. Critican a “imaxe desanxelada” das rúas, con numerosos locais baleiros, e lembran que todas as súas propostas para revitalizar Burela foron rexeitadas. Ademais, lamentan a baixa capacidade inversora do goberno, situando a Burela por detrás doutros concellos en investimentos.

O portavoz do PP, Manuel Rouco, tamén denuncia a falta de trans-



parencia do goberno local, que aínda non respondeu ás cuestións expostas polo seu grupo no pleno. Reclama claridade sobre o financiamento das festas patronais, xa que, segundo as súas contas, o gasto superou os 90.000 euros fronte aos 60.000 anunciados. Tamén critica o incumprimento das primas de produtividade prometidas aos traballadores municipais, que finalmente non se pagaron por ser ilegais.

A XX Feira Expomar espera bater récords de participación



O comité executivo da Fundación Expomar está a ultimar os detalles da XX Feira Expomar, que terá lugar do 7 ao 10 de maio na nave de redes do porto. Esta edición aspira a superar os récords de participación da anterior, cunha superficie expositiva de máis de 5.000 metros cadrados e a presenza de 400 marcas de distintos países.

A organización tamén traballa na preparación das Xornadas Técnicas e do Encontro Empresarial

de Organizacións Pesqueiras, que celebran as súas edicións número 32 e 26, respectivamente. Estes encontros reunirán a profesionais e entidades do sector pesqueiro para debater sobre os desafíos e o futuro da pesca.

En paralelo, a Fundación Expomar tamén impulsa o turismo mariñeiro e organizará o 10 de abril unha xornada sobre a ‘Rede Nacional de Turismo Pesqueiro’, onde se presentarán exemplos deste sector.

O Concello apoia o deporte e o medio ambiente coa creación do Burela Surf Club

O Goberno local reafirma o seu compromiso co medio ambiente e o deporte coa recente entrega dun local ao novo Burela Surf Club. A adecuación do espazo foi posible grazas ao financiamento da Deputación de Lugo, destacando o traballo conxunto das administracións para dotar ao municipio de infraestruturas que apoiem o crecemento do tecido deportivo local.

Así mesmo, o Burela Surf Club organizará, durante a Semana Santa, os días 17 e 18 de abril, unha actividade gratuít de iniciación ao surf na praia da Marosa. A actividade, dirixida a persoas maiores de 8 anos, terá o acompañamento dos monitores do club, quen ensinarán os aspectos básicos do surf e as medidas de seguridade e protección do medio ambiente.

GONZALO CASTELO REY
Patatas de consumo • Productos del país
Tel.: 609 647 496 - Xermade (Lugo)

REMATEXpress
Liquidaciones Warehouse

LIQUIDACIONES

amazon
TEMU
AliExpress
SHEIN
PAQUETES SORPRESA

RÚA PLÁCIDO PEÑA, 30. 27800 VILALBA, LUGO
645 347 848 - WWW.REMATEXPRESS.ES

A vila énchese de sabor coa nova edición de ‘Trabada Tapeo’

O Concello de Trabada vén de anunciar a celebración do evento gastronómico Trabada Tapeo 2025, unha iniciativa que busca promover a hostalería local e atraer visitantes a través da gastronomía. A cita terá lugar os días 11, 12 e 13 de abril, cunha oferta de tapas elaboradas polos tres establecementos participantes da localidade.

Os negocios que se suman a esta proposta culinaria son A Taberna da Curuxeira, que ofrecerá ‘Crujiente de pataca rechea’ e ‘Ensalada mariñeira’; o Mesón Camiño Norte, que presentará ‘Vieiras en frío y fuego’ e ‘Tosta de sensacións’; e O Porfirio, cunha oferta de ‘Carne mechada con verduras confitadas’ e ‘Moruno con salsa’.

Todas as tapas terán un prezo unificado de 2,50 euros, co obxectivo de facer accesible a degustación para todos os asistentes.

O alcalde de Trabada, Rubén García, destacou o impacto positivo que este tipo de eventos teñen na



economía local: “É unha oportunidade para dar visibilidade aos nosos establecementos hostaleiros e, ao mesmo tempo, converter Trabada nun punto de referencia gastronómico. Queremos que tanto os veciños como os visitantes gocen da nosa riqueza culinaria e contribúan a dinamizar a nosa vila”.

A paixón polas motos chega a Trabada coa I Concentración Moteira os días 21 e 22 de xuño

A paixón polas motos tomará Trabada os días 21 e 22 de xuño coa I Concentración Moteira, un evento que reunirá afeccionados ás dúas rodas para desfrutar dunha fin de semana chea de emoción e actividades. Organizada polo Motoclube A Cadeira, a cita promete espectáculos de habilidade, percorridos turísticos e unha ampla oferta lúdica e gastronómica.

O sábado 21 arrancará coa apertura de inscricións ao mediodía, seguida dunha sesión vermú musical. Pola tarde, haberá un simulador de pilotaxe de MotoGP Ducati e unha exhibición de acrobacias a cargo do recoñecido Emilio Zamora. A xornada culminará cunha cea no recinto cuberto e unha verbena a cargo dos grupos La Tremenda e The Sound Project.

O domingo 22 comezará cun almuerzo para os participantes, seguido dunha ruta turística con pincho e unha nova sesión vermú con DJ. O evento pecharase cun xantar e a entrega de premios e sorteos.

As inscricións inclúen diferentes opcións, con descontos para socios do motoclub. Os asistentes tamén poderán gozar de food trucks, servizo de taxi e zonas de acampada. Unha fin de semana irrepitible para os amantes do motor en Trabada.



CARRILANAS. O vindeiro 24 de maio, a localidade de Sante, estrease como sede dunha competición de carrilanas baixo a normativa da Federación de Deportes de Inercia (FDI), sumándose así ás xa consolidadas citas da provincia. As carrilanas, consideradas o deporte de inercia máis antigo, consisten en descender portos de montaña en vehículos de tres ou catro rodas sen propulsión, equipados con dirección e freos. A chegada desta nova proba a Trabada reflicte o crecemento do interese por esta disciplina na provincia de Lugo.

Novos investimentos para impulsar o turismo, a vivenda e a mobilidade

O Concello de Trabada segue a avanzar na mellora do seu territorio a través da captación de recursos que permitan executar proxectos fundamentais en áreas como o turismo, a vivenda e a eficiencia enerxética.

Unha das actuacións máis destacadas será a recuperación do miradoiro situado na Área Recreativa de A Chozza, na Ría de Abres, grazas a unha subvención de 30.000 euros. O financiamento permitirá levar a cabo a adecuación e posta en valor deste enclave, optimizando a súa integración paisaxística e potenciando o seu atractivo turístico. O alcalde, Rubén García, sinalou que: “A previsión e a boa xestión están a dar os seus froitos, e esta subvención é un exemplo do noso compromiso por impulsar proxectos estratéxicos.”

Ademais, no ámbito da vivenda, o Concello conseguiu unha nova subvención para a rehabilitación da primeira planta da antiga escola de Valboa, que será destinada a vivenda en alugueiro. O proxecto, cun orzamento de 52.631,56 euros, contará cunha achega de 43.054,97 euros procedentes da axuda concedida, mentres que os 9.576,59 euros restantes serán fondos municipais. Esta iniciativa forma parte dunha estratexia máis ampla que inclúe a reforma da escola de Vilapena e a creación dunha bolsa de vivendas municipais. “Creemos que este é o camiño a seguir para ofertar vivenda municipal a un prezo asumible”, destacou o alcalde.

Doutra banda, o Concello tamén



vén de solicitar unha subvención á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para mellorar a eficiencia enerxética da antiga escola de Sante, onde actualmente funcionan o albergue municipal de San Xiao e unha vivenda de alugueiro social. O proxecto inclúe renovación de ventás e portas e instalación de illamento térmico na fachada, cun investimento estimado de 60.000 euros. García subliñou a importancia deste tipo de intervencións para optimizar as infraestruturas municipais.

Por último, o Goberno local finalizou recentemente traballos de mellora en varias estradas municipais das parroquias de Vilaformán e Sante, dentro dun plan financiado pola Deputación de Lugo cun orzamento de 105.000 euros. Ademais, nas próximas semanas dará comezo a construción dun circuíto de pump track

para bicicletas e monopatíns no complexo deportivo municipal, xunto coa instalación dun novo tobogán, reforzando así a aposta por espazos de lecer para todas as idades. O alcalde agradeceu a colaboración da Deputación de Lugo e destacou a importancia destas infraestruturas para a veciñanza: “Seguimos a traballar para mellorar as nosas vías de comunicación e para ampliar as opcións deportivas e recreativas en Trabada.” O Goberno local ten programadas para este ano diversas actuacións nas oito parroquias do municipio, co obxectivo de mellorar infraestruturas e servizos para os veciños. Estas intervencións abranguerán desde a renovación de viais ata a posta en valor de espazos públicos, garantindo así un desenvolvemento equilibrado en todo o territorio.

Gastronomía e tradición danse cita na VI Festa da Enfariñada en Trabada

A VI Festa da Enfariñada xa conta motores tras a presentación oficial do seu cartel. O evento, que se celebrará o domingo 4 de maio na Praza do Concello de Trabada, renderá homenaxe a un dos pratos máis tradicionais da zona: a enfariñada.

O alcalde, Rubén García, destacou a relevancia desta festividade para a posta en valor da gastronomía e as tradicións locais. “A Festa da Enfariñada é unha oportunidade única para promover a nosa cultura culinaria e atraer visitantes ao noso concello. Estamos seguros de que esta edición volverá ser un éxito”, afirmou.

A partir das 12:00 horas, os asis-

tentes terán a oportunidade de degustar a enfariñada, un prato elaborado con ingredientes básicos como ovos, leite, auga, fariña e sal, e que en moitas zonas da contorna é coñecido como “fargullos”. Como novidade, nesta edición ofreceranse opcións sen glute, ademais de racións de xamón cocido e chourizo.

A festa contará cun mercado de produtos locais de proximidade, onde os visitantes poderán adquirir delicias gastronómicas e artesanía tradicional. A xornada estará amenizada pola música tradicional dos grupos “Tumba e Dálle” e “Grupo Lume”, que porán a banda sonora a un día de festa e convivencia.

Sante acolle un curso de apicultura

A parroquia de Sante converterase os días 12 e 13 de abril nun punto de encontro para os amantes da apicultura. A Asociación de Veciños San Julián de Sante organiza un curso intensivo que abordará tanto os aspectos teóricos coma os prácticos da cría de abellas e a produción de mel.

A formación desenvolverase en dúas sesións diarias, en horario de mañá (9:30 a 13:30) e tarde (16:00 a 19:00). Cun custo de 35 euros por persoa e prazas limitadas, a actividade está dirixida tanto a persoas que desexen iniciarse no sector como a aquelas que queiran perfeccionar os seus coñecementos. Será imprescindible levar traxe de apicultor para as prácticas no apiario.

Aquelas persoas interesadas en participar poden inscribirse a través do teléfono 636 024 263.

Unha festa con sabor a lembranzas

A Enfariñada, o prato humilde que sostivo xeracións en tempos difíciles e que hoxe é protagonista dunha gran celebración

O primeiro domingo de maio, Trabada vístese de festa para celebrar un dos seus eventos máis emblemáticos: a Festa da Enfariñada. Este encontro gastronómico, que xurdiu no ano 2018, converteuse nunha homenaxe á cociña tradicional e á memoria das xeracións que fixeron deste prato un alimento imprescindible nos tempos de escaseza. Rubén García Freije, alcalde do concello, destaca a importancia desta celebración: “Esta festa é unha homenaxe ás antigas xeracións do noso concello, pois durante a posguerra a xente alimentábase deste prato, xa que contén uns ingredientes moi básicos que podían atoparse en todas as casas. Foi unha forma de combater a pobreza dese tempo”. A enfariñada, sinxela na súa preparación pero rica en historia, leva ovos, fariña, auga e un chisco de sal. Nalgunhas variantes, engádeselle leite, e pódese consumir doce ou salgada. “A da festa de Trabada faise con leite e cun pouquiño de sal, pois despois poñemos touciño ou torresmos para acompañar”, explica o alcalde.

COCIÑA TRADICIONAL

Carmen Rodríguez, máis coñecida polos veciños como Carmen de Montaña, é unha das voluntarias que manteñen viva esta tradición. Aos seus 78 anos, é a máis veterana das cociñeiras da festa e garda con agarimo as lembranzas de cando era nena. “Para min significa moito porque lembro os meus tempos de nena. Tamén de moza, cando me fun vivir fóra de España e volvía a Trabada, a miña nai cociñábaa. Había que comela si ou si”, conta con emoción. Carmen ten claro cal



“A da festa de Trabada faise con leite e cun pouquiño de sal, pois despois poñemos touciño ou torresmos para acompañar”

é a clave para unha boa enfariñada: o repouso. “Para min non é un truco, pero creo que o segredo da enfariñada está en deixar repousar a masa ou amoadado durante varias horas”. Ademais, a súa variedade favorita é a de Trabada: “Sen dúbida, salgada e con torresmos”. Outro dos rostros imprescindibles desta festa é Mari Carmen Orea, voluntaria cociñeira de 70 anos, que leva participando dende a primeira edición. “Durante a festa somos moitas cociñeiras e polo momento só hai un home, pero hai que dicir que o fai moi ben”, comenta entre risas. Mari Carmen explica con detalle o proceso de prepara-

ción: “Hai que mesturar ben o leite ou a auga, dependendo de quen a faga, coa fariña, os ovos e o sal. Mínimo hai que deixala repousar unha hora, pero a verdade é que canto máis tempo repouse, mellor sabe”.

PUNTO DE ENCONTRO

A Enfariñada non é só unha festa gastronómica, senón un punto de encontro para os veciños de Trabada e para todos aqueles que queren descubrir as súas tradicións. O evento conta ademais con postos de artesanía, demostracións en vivo e actuacións musicais que amenizan a xornada. O alcalde lembra con especial agarimo a implicación da comunidade: “Outros compañeiros e máis eu axudamos a preparar o amoadado, é dicir, a mestura inicial, para deixala repousar durante varias horas e que estea lista para cociñar. Madrugamos ese día para garantir que saia coa mellor calidade”. En cada edición, centos de persoas achéganse ata Tra-

“Esta festa non só pon en valor a nosa gastronomía, senón tamén o espírito de comunidade que sempre caracterizou a Trabada”

bada para degustar este prato. “O ano pasado vendemos unhas 500 racións aproximadamente a un prezo de 5 euros. No prezo inclúese unha cunca elaborada pola Asociación Saúde Mental da Mariña. Ano tras ano seguimos contando con eles porque cremos que é unha forma de colaborar e darlle unha esencia diferente á festa”, detalla García Freije.

UN PRATO CON HISTORIA

Para moitos, a enfariñada é máis que un prato: é unha parte da súa historia familiar. “Ven-me á memoria a miña nai ou a miña avoa paterna na cociña

de lareira, cociñándoas nunha placa de ferro. Saíalle perfecta, non se queimaba”, lembra Carmen de Montaña. Para Mari Carmen Orea, a enfariñada está vinculada aos recordos de infancia: “Lembro cando eramos cativos, meus irmáns e máis eu, mirando na casa como cociñaba a nosa nai, e segundo a cociñaba xa nola daba a comer ben quentiña”. A día de hoxe, a festa da Enfariñada segue sendo un evento moi especial para os trabadenses. “Meu fillo, que vive en Alemaña, gústalle moito, e aos meus netos encántalles. Aló hai unha cousa que se chama *spätzle* que é un prato parecido, o que me di que nos tempos da guerra e posguerra todos subsistían dun xeito moi similar”, conta Carmen de Montaña.

UNHA CITA INELUDIBLE

A festa da Enfariñada segue a medrar ano tras ano, converténdose nun referente gastronómico e cultural da comarca. Para os veciños de Trabada, é moito máis que unha festa: é unha xornada de lembranza, de convivencia e de posta en valor dun prato que forma parte da súa identidade. Como di Mari Carmen Orea: “É un día moi especial no que se achega moita xente ao pobo, hai moita actividade, música... É unha cita moi sinalada”. O 4 de maio, Trabada abrirá de novo as súas portas para celebrar con orgullo unha festa que, máis alá do sabor, garda nas súas receitas a memoria dunha terra e a esencia da súa xente. Quen se achegue a esta celebración non só descubrirá un prato cheo de historia, senón que levará consigo un anaco da alma de Trabada.



A Pontenova prepárase para a IX Ruta Ecuestre



A vila acollerá o próximo 12 de abril a IX Ruta Ecuestre, unha xornada que unirá afeccionados ao mundo ecuestre nun percorrido polas fermosas paisaxes da zona. A actividade está organizada por Equus Norte e conta con numeroso apoio de patrocinadores locais. A xornada comezará ás 10:00 horas cun café no Lar de Balbina. A saída oficial terá lugar ás 10:30 desde a área recreativa do “Pozo da Ola”. Ao rematar a ruta, os participantes poderán gozar dun xantar de convivencia no Hotel-Restaurante San Briz.

O prezo da inscrición é de 30 euros, con tarifa reducida de 15 euros para nenos. Aqueles que desexen asistir unicamente á comida poden adquirir os tickets no propio restaurante. As inscricións estarán abertas ata o 10 de abril. Ademais da ruta a cabalo, o evento contará cun ambiente festivo amenizado polo DJ Bombardero. A organización lembra que cada xinete será responsable dos posibles danos ocasionados polo seu cabalo.

A vila honra a Semana Santa cunha solemne procesión

O Concello prepárase para celebrar a Semana Santa cunha emotiva procesión que terá lugar o Xoves Santo, 17 de abril. Os actos litúrxicos comezarán ás 19:00 horas cunha misa, tras a cal, ás 19:30 horas, partirá a procesión polas rúas da vila. O evento contará coa participación da Banda de Cornetas e Tambores da Asociación de Mulleres e Homes do Rural, que acompañará ás imaxes procesionais. Nesta ocasión, as con-

frarías do Cristo da Agonía e da Esperanza serán as encargadas de dar solemnidade ao desfile relixioso. A organización deste acto corre a cargo da Asociación de Mulleres e Homes do Rural de A Pontenova, en colaboración co Concello, coa intención de manter viva esta tradición e ofrecer á veciñanza e visitantes unha celebración chea de fervor e simbolismo.

Os pensionistas organizan unha excursión ao Pazo de Mariñán

A Asociación de Pensionistas e Xubilados Val de Miranda de A Pontenova organiza unha excursión o sábado 26 de abril de 2025 ao Pazo de Mariñán e ao tradicional Feirón de Sada. Esta saída, pensada para o goce dos socios e veciños, permitirá descubrir a historia e a beleza deste emblemático pazo barroco, así como desfrutar dun dos mercados máis coñecidos da comarca. O autobús partirá ás 8:00 da mañá desde a Praza de Os Fornos en A

Pontenova, e o regreso está previsto para a última hora da tarde. O prezo da excursión é de 45 euros por persoa e inclúe o transporte, a visita guiada ao pazo e o xantar. As prazas son limitadas, polo que a organización anima a anotarse canto antes. O prazo de inscrición remata o luns 21 de abril de 2025. Para formalizar a reserva, pódese contactar cos seguintes números de teléfono 659 98 84 51, 619 41 40 23 ou 676 05 33 92.

A XLV Festa da Troita homenaxe a tradición pesqueira e a cultura

A Pontenova xa quenta motores para a súa XLV Festa da Troita, que se celebrará os días 30 de abril e 1 de maio. Este evento, recoñecido como Festa de Interese Turístico e Mellor Evento Deportivo de España en 2022, destaca pola súa combinación de competicións de pesca, cultura e música.

A xornada do martes 30 de abril abrírase ás 9:00 cunha exhibición do escultor Eugenio Linares, que traballará en directo con motoserra. Ás 10:00, a Casa da Cultura acollerá unha exposición de materiais de pesca. Pola tarde, ás 19:00, inaugurarase unha nova homenaxe no Paseo do Pescador, seguida dunha visita ao Museo da Pesca. Ás 21:00, farase entrega dos recoñecementos do CIT e das prestixiosas Troitas de Ouro. O pregón estará a cargo de Miguel Ángel Revilla ás 21:30 e dará paso á apertura da caseta de degustación de troitas de Ribeira de Piquín. A noite pecharase cunha gran verbena das orquestras Gran Parada e Grupo Beatriz.

O mércores 1 de maio comezará ás 7:00 coa concentración de pescadores na Praza dos Fornos e, ás 9:00, iniciaranse os concursos de lance, salmón e mosca. Ás 12:00, terá lugar



unha exhibición de pesca a mosca a cargo de campións do mundo como Pablo Castro, Said Yahiaoui e Fran Llamas, ademais da competidora Raquel Cabeza. Ás 13:30, tras a pesaxe e clasificación dos concursos, celebrarase unha macro sesión vermú amenizada pola orquestra Salsarena. Pola tarde, ás 16:30, disputarase o IV Campionato de Billarda Festa da Troita, antes da entrega de trofeos ás 18:00 na Casa da Cultura. Nesta edición, entregaranse diplomas de socios de honra a Iván Bruzos Cendán “Pericas” e Luis Frade Prado “Chacho”. Tamén se renderá homenaxe a pescadores destacados como Manuel Andión Abraira, José María Rigueiro Otero e Jorge Gómez

Sampayo. O Paseo do Pescador engadirá novas Pedras de Honra coas inscricións de Canal “Caza y Pesca” (Movistar+), Alberto Torres Roca, Leonardo de la Fuente (Radio Marca), Antonio Pérez Hevia “Chani”, Pablo Castro Pinos, Concepción García Rodil e Ángeles Yáñez Gallo. As Troitas de Ouro deste ano recoñecerán a traxectoria de Río de la Vida, Said Yahiaoui Mohamed (campión do mundo), o Concurso Salmón do Ulla e a Festa da Troita de Ponte Caldelas. A Pontenova reafirma así o seu compromiso con esta cita que fusiona a paixón pola pesca coa tradición festiva e cultural.

A Foliada A Chocolateira celebra a súa oitava edición o 7 de xuño

A vila xa comezou coa preparación da VIII edición da Foliada A Chocolateira, unha cita ineludible para os amantes da música e da tradición galega. O evento, organizado pola Asociación Musical A Chocolateira, terá lugar o sábado 7 de xuño na Praza dos Fornos e arrancará a partir das 12:00 horas.

A Foliada A Chocolateira consolidouse ao longo dos anos como un referente dentro do calendario cultural da comarca, converténdose nun espazo de encontro para músicos, bailadores e público de todas as idades. A xornada estará marcada por actuacións de grupos tradicionais, acompañadas dun ambiente festivo no que a música e a danza popular serán as grandes protagonistas.

O cartel do evento, que xa circula polas redes sociais, é obra da deseñadora Rocío Chafaricas e reflicte o espírito da foliada con tons verdes e elementos gráficos



que evocan a música tradicional. A organización anima a toda a veciñanza e visitantes a participar nesta celebración, que busca poñer en valor o patrimonio cultural e musical galego.

ESCOLA DE MÚSICA. A Escola Municipal de Música convida a toda a veciñanza a desfrutar da súa audición-concerto, que se celebrará o vindeiro venres

11 de abril ás 20:30 horas no auditorio da Casa da Cultura. O evento pretende ser unha mostra do traballo realizado polo alumnado ao longo do curso e unha oportunidade para poñer en valor o talento musical local. Este concerto será unha ocasión perfecta para que os asistentes coñezan de primeira man o resultado do esforzo e a dedicación dos estudantes.

O xacemento da Roda segue en perigo pola falta de protección

O xacemento arqueolóxico da Roda de Barreiros, situado en Santiago de Reinante, continúa sen recibir as medidas de protección necesarias, o que compromete seriamente a súa conservación. Recentemente, as asociacións ADEGA e Mariña Patrimonio alertaron sobre a presenza de rodeiras de maquinaria pesada na área arqueolóxica e na súa contorna de protección, indicativo do uso da zona como acopio de madeira. A circulación intensiva de vehículos pesados está tendo un impacto negativo no estado do xacemento, que leva case dúas décadas sen mantemento nin salvagarda. Este xacemento, datado no Bronce Medio, foi escavado en 2006 durante as obras da Autovía do Cantábrico (A8). A retirada da capa superficial durante a escavación deixou os estratos arqueolóxicos expostos ás inclemencias do tempo e ás intervencións humanas, acele-




rando o seu deterioro. A recente actividade de maquinaria pesada intensificou os danos, deixando marcas a escasos metros das estruturas do xacemento e provocando movementos de terra e retirada de piñeiros próximos.

As asociacións denunciaron o feito en 2013 e 2022 ante a Dirección

Xeral do Patrimonio Cultural, pero as medidas de protección seguen a faltar. O xacemento de gran valor histórico precisa dunha intervención urxente por parte das administracións públicas para garantir a súa conservación e evitar a súa total degradación.

Barreiros renovará integralmente o seu alumbeado público



O Concello de Barreiros levará a cabo a renovación integral do alumbeado público, que incluírá a substitución das luminarias actuais por tecnoloxía LED, mellora dos cadros de mando e cableados, e a instalación dun sistema de telexestión para regular o fluxo lumínico e reducir a contaminación. O proxecto afectará a máis de 1.650 puntos de luz e 70 centros de mando, e permitirá un aforro enerxético de até un 85%. A alcaldesa, Ana Ermida, afirmou que a actuación, cun orzamento de 2.048.125€, non afectará á estabilidade económica do Concello grazas á boa xestión nos últimos anos. O financiamento do proxecto virá dun préstamo sen intereses a 10 anos do Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética. A alcaldesa subliñou que a boa xestión financeira permitirá agora investir en proxectos estratéxicos, unha situación ben distinta á do pasado, cando se recorría ao crédito para resolver problemas económicos.

O PP esixe melloras na estrada LU-P-0602 e avances na EDAR



O Partido Popular critica a falta de mantemento da estrada LU-P-0602 en Barreiros, acusando á Deputación de Lugo, gobernada polo PSOE e o BNG, de ignorar o seu deterioro. O voceiro provincial do PP, Antonio Ameijide, acompañado polos deputados José María Fernández e José Manuel Gómez Puente, visitou a vía e asegurou que os baches superan os 20 centímetros de profundidade, poñendo en risco a seguridade viaria. Ademais, denuncian que a falta de limpeza das cunetas impide a drenaxe da auga da choiva.

Os populares responsabilizan á alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, e ao deputado provincial Daniel García de non xestionar solucións. Tamén alertan de que

o mal estado da estrada afecta tanto ao sector gandeiro como ao turismo.

Por outra banda, os senadores do PP censuran a falta de avances na EDAR de San Miguel de Reinante. Tras preguntar ao Goberno central sobre o financiamento e os prazos de execución, critican a ausencia de compromisos concretos. O Executivo só recoñeceu contactos preliminares con Acuaes, sen confirmar orzamento nin datas. O PP reclama accións inmediatas para mellorar tanto as infraestruturas viarias como a xestión das augas residuais, asegurando que os veciños levan anos esperando solucións sen obter respostas claras.

O Concello incorpora novo material para mellorar a atención en emerxencias



O Concello reforzou os seus medios para a atención de emerxencias coa incorporación dun novo remolque equipado con material básico para intervencións. O vehículo conta con bombas para augas residuais, xeradores eléctricos, desbrozadores, torres de ilumina-

ción e elementos de sinalización, entre outros recursos esenciais. Con esta nova dotación, Barreiros segue apostando polo reforzo da seguridade e a prevención, garantindo unha resposta máis eficaz ante posibles incidencias no municipio.

O municipio estreará en maio un ximnasio renovado

Barreiros estreará en maio un ximnasio municipal renovado, equipado con maquinaria moderna e un sistema de acceso flexible. O obxectivo do Concello é promover hábitos saudables entre a veciñanza, organizando xornadas de portas abertas con actividades divulgativas.

Segundo o concelleiro Dani García, a antiga instalación presentaba deficiencias que obrigaron ao seu peche. A reforma integral mellorou a accesibilidade e creou espazos compartidos co pavillón, como enfermería, recepción e baños adaptados.

O novo ximnasio contará con áreas diferenciadas para cardio, musculación e adestramento funcional, ademais de melloras no chan, illamento acústico e novos espellos. O proxecto foi financiado pola Deputación de Lugo (144.546,42 euros), a Xunta (54.546,42 euros) e fondos municipais.

O pleno municipal aprobará unha ordenanza con prezos reducidos para empadroados. O Concello busca ofrecer un espazo deportivo moderno e accesible para toda a comunidade.

O Concello está á espera de resolucións para investimentos

O Concello de Barreiros agarda a resolución de 11 solicitudes de axuda da Xunta, fundamentais para os investimentos deste ano. Segundo a alcaldesa, Ana Ermida, os proxectos inclúen melloras no parque empresarial, renovación do alumbeado do paseo marítimo, acondicionamento de escolas e melloras en estradas municipais. Tamén se prevé a compra de maquinaria de limpeza viaria, instalación de composteiros e renovación da iluminación no Centro Social de San Cosme.

O Concello solicitou 530.965,72

euros en subvencións, asumindo con fondos propios os 145.566,29 euros restantes dun total de 676.532,01 euros de investimento. Ermida critica a concesión das axudas "por orde de chegada", dificultando o acceso dos municipios con menos recursos.

Ademais, o Concello pediu 188.000 euros para contratar persoal en prevención de incendios, socorrismo e vixilancia en praias, así como para a biblioteca, actividades culturais e campamentos de verán.

A vila prepárase para a XXI Festa do Polbo cunha ampla oferta gastronómica e musical



O vindeiro 17 de abril, coincidindo co Xoves Santo, o Concello de Xove converterase no epicentro gastronómico da Mariña coa celebración da XXI Festa do Polbo. A partir das 19:00 horas, os asistentes poderán degustar racións de polbo a un prezo de 15 euros nos establecementos hostaleiros participantes, que ademais ofrecerán un ambiente festivo e animado. A música tamén será protagonista nesta edición, coa participación da comparsa Habelas Hainas, do Concello veciño de Barreiros, que percorrerá os

locais amenizando a xornada cunha sesión de percusión en directo. A festa está organizada pola asociación de hostaleiros de Xove, coa colaboración e patrocinio do Concello, e reunirá a locais emblemáticos como Bar Pepe, Cafetería A Roda, A Fuga, O Refuxio, La Cívica, Os Faroles, O CabaLiño, Antoxo e Pulpería-Bar Cociña. Con esta iniciativa, Xove reafirma a súa aposta pola gastronomía como atractivo turístico e punto de encontro para veciños e visitantes.

O Concello impulsa o crecemento urbano cunha modificación do PXOM

O Concello está a promover unha modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) para habilitar novas áreas urbanizables destinadas a vivendas unifamiliares e edificios residenciais, principalmente nunha zona próxima ao colexio. A modificación consiste na reclasificación dunha pequena superficie de solo urbano consolidado, que pasará a ser solo urbano non consolidado, permitindo a construción de novas vivendas e espazos viarios. O proxecto inclúe un novo trazado viario e a ampliación do Camiño Real, mellorando a accesibilidade para os futuros residentes. A actuación delimita zonas para vivendas unifamiliares, vivendas entre medianeiras, zonas verdes públicas e equipamentos municipais, ademais de mellorar a conectividade viaria. Esta iniciativa busca favorecer o crecemento ordenado de Xove, mellorar o acceso á vivenda e fortalecer os servizos públicos, consolidando a

vila como un lugar atractivo para vivir. **FOSAS SÉPTICAS.** O Concello de Xove vén de habilitar unha liña de axudas destinada ao baleirado de fosas sépticas e outros sistemas individuais de depuración de augas residuais para o exercicio 2025. Estas subvencións están dirixidas a persoas propietarias de inmobles de uso residencial situados dentro do termo municipal de Xove en áreas que non dispoñen de rede de saneamento municipal. Para optar ás axudas, as vivendas deberán contar cun sistema propio de xestión de augas residuais, como fosas sépticas, en zonas sen acceso á rede de sumidoiros pública. As bases que regulan estas subvencións foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do 8 de marzo e poden consultarse tamén no taboleiro de anuncios do Concello de Xove.

A inauguración das áreas de autocaravanas xera controversia

Xove reforza a súa aposta polo turismo itinerante coa recente inauguración de dúas novas áreas de autocaravanas, unha situada no centro urbano xunto ao parque multideportivo, e outra ao lado da praia de Esteiro. Estas infraestruturas buscan mellorar as condicións para os visitantes que viaxan en autocaravana, potenciando un modelo de turismo sustentable e, ao mesmo tempo, favorecendo a dinamización económica da zona. O acto de inauguración contou coa presenza da directiva da Asociación Galega de Autocaravanas (AGA), representada pola súa presidenta, María del Mar García Pena, e a súa secretaria, María del Carmen Prado Maroño. Ademais, estiveron presentes membros da corporación municipal, como o alcalde de Xove, Demetrio Salgueiro, a tenente de alcalde, Dolores Meitín, e as concelleiras Cecilia Duarte e Cristina Iglesias. A área de Esteiro dispón de 40 prazas, mentres que a de Xove conta con 18, aínda que tamén se pode aparcar nas zonas próximas ás áreas habilitadas. A inauguración congregou a máis de 130 vehículos e arredor de 300 persoas, demostrando o interese que este tipo de infraestruturas ten entre os afeccionados ao turismo sobre rodas. Xove pretende consolidarse como un destino de referencia para o turismo itinerante,



proporcionando as comodidades e infraestruturas necesarias para os viaxeiros. **BNG.** Porén, o BNG de Xove criticou ao goberno local, acusándoo de “vender” como novidades obras que xa estaban operativas dende hai tempo. Os nacionalistas consideran que a inauguración das áreas de autocaravanas, tanto no centro como na praia de Esteiro, é un exemplo claro de auto-bombo, xa que a área de Esteiro estaba aberta dende marzo de 2021 e a do centro de Xove levaba funcionando desde xuño de 2024, cando se inaugurou o parque multideportivo. Para o BNG, estas infraestruturas xa existían e foron presentadas como novas para dar a impresión de avances do goberno local. Ademais, os nacionalistas sinalaron

que a apurada inauguración provocou varias deficiencias nas instalacións, como problemas de drenaxe e mala planificación nas prazas de aparcamento. Tamén criticaron a inutilidade dunha rotonda interior. A súa denuncia inclúe que estas deficiencias deberían ter sido solucionadas antes da inauguración, pero a improvisación do goberno local obrigou a realizar novos traballos. O BNG tamén subliñou que non é a primeira vez que o goberno local debe corrixir erros nas obras aprobadas, o que implica un custo adicional para as arcas municipais. A formación política trasladou ao pleno de febreiro unha serie de rogos sobre o estado das infraestruturas e pediu que o goberno local mellorase a súa supervisión das obras para evitar malgastar cartos públicos.

O Curso de Formación Orquestral continúa sendo un referente

A vila prepárase para recibir, unha vez máis, o seu tradicional Curso de Formación Orquestral, que se celebrará entre os días 12 e 16 de abril de 2025. Organizado por PrestoXove e co apoio do Concello de Xove, este evento chega á súa 34ª edición consolidándose como un referente na formación musical para orquestra clásica. Desde a súa creación en 1990, este curso ofrece unha ponte de unión entre o estudantado e o mundo profesional da música, contando coa colaboración de profesores de prestixio con ampla traxectoria en orquestras recoñecidas. Nesta edición, o profesorado estará composto por Nazaret Canosa, Mila García e Sofía Canoura, entre outros. A programación incluírá clases maxistras, ensaios orquestrais e de música de cámara, ademais de dous concertos que prometen ser



o punto culminante da semana. O primeiro deles terá lugar o martes 15 de abril ás 18:00 horas, dedicado á música de cámara, mentres que o mércores 16 celebrárase o concerto de clausura á mesma hora, ambos no salón de actos do Centro Cívico de Xove. A organización destaca que este curso está aberto tanto para estudantes de nivel intermedio como avanzado, ofrecendo unha experiencia úni-

ca de aprendizaxe nunha contorna inmersiva. “O obxectivo é seguir medrando e evolucionando na formación musical, adaptándonos ás novas xeracións sen perder a esencia coa que naceu este proxecto”, sinalan dende PrestoXove. As inscricións xa están abertas e poden realizarse a través do correo electrónico prestoxove@gmail.com ou nos contactos habilitados pola organización.

lourenzá

O PP solicita a renovación urxente da estrada a San Xusto

O Partido Popular de Lourenzá denuncia a falta de acción do goberno local ante o deterioro da estrada de San Xusto, que conecta o municipio con Barreiros. Segundo os populares, o executivo municipal fai ver que está a traballar na solución do problema, pero en realidade “só pon escusas”, o que agrava a situación dunha vía que se atopa nun estado preocupante. O PP lembra que no último pleno se acordou co Concello de Barreiros o arranxo conxunto da estrada, pero esta actuación está condicionada ao financiamento de outras administracións, o que a formación considera unha excusa para non actuar.

Se non se consegue ese financiamento, a única medida prevista polo goberno local sería un simple bacheo, que o PP considera unha

solución “totalmente insuficiente” para os problemas da vía, que presenta fochancas e deficiencias. Os populares propuxeron no pleno un plan integral de mellora que incluía asfaltado completo, limpeza de cunetas, mellora das beirarrúas e poda de árbores para mellorar a seguridade viaria. A súa proposta foi rexeitada polo equipo de goberno, o que, segundo o PP, demostra a falta de interese en garantir a seguridade dos veciños.

A estrada de San Xusto atópase nun estado “desolador”, dificultando a circulación e aumentando os riscos de accidentes. O PP esixe que o goberno local “pase das palabras aos feitos” e execute a renovación da estrada canto antes para reducir os perigos aos que se enfrontan os veciños.

Javier Huertas asumirá a Alcaldía en funcións de Lourenzá temporalmente

O Concello de Lourenzá terá un cambio temporal na súa dirección política nas próximas semanas. Javier Huertas, actual tenente de alcalde, exercerá como alcalde en funcións mentres a rexedora, Rocío López, se atopa de baixa por maternidade.

Ao mesmo tempo, a presidencia da Mancomunidade de Concellos da Mariña tamén sufrirá unha modificación temporal. Ana Ermida, alcaldesa de Barreiros e vicepresidenta da entidade, asumirá o cargo ata o regreso de López.



Deste xeito, tanto Lourenzá como a entidade comarcal garantirán a continuidade da xestión municipal sen interrupcións.

Concello e Deputación analizan melloras no barrio da Cazolga

Técnicos da Deputación e membros do equipo de goberno local visitaron o barrio da Cazolga para analizar diversas melloras demandadas polos veciños. Entre os asuntos tratados destacaron o pintado da varanda da ponte e a limpeza das cunetas da estrada LU-P-2804, solicitudes que xa foran trasladadas anteriormente ao organismo provincial.

Ademais, achegáronse ao local da escola para supervisar as obras que se van acometer grazas a unha axuda da Deputación de Lugo, solicitada pola Asociación de Veciños San Pedro Fiz da Cazolga.

A visita dos responsables municipais e provinciais tamén serviu para que os veciños expuxeran novas peticións relacionadas co benestar comunitario.

O Maio, a Festa Campesiña e o Vilou Spring Fest encherán de xente as rúas laurentinas



O Goberno local prepara unha nova edición de O Maio e a Festa Campesiña, unha xornada festiva que combina música, teatro, xogos e tradición popular. O evento terá lugar o 1 de maio e busca poñer en valor as raíces culturais da vila. O programa inclúe o tradicional Desfile do Maio, espectáculos musicais e teatrais, espazos de lecer para os máis cativos e unha gran comida popular. Ademais, repartiranse premios aos mellores balconadas e portais decorados, sombreiros e caracterizacións campesiñas. A festa está organizada polo Concello en colaboración coas asociacións locais, e conta co apoio da Deputación de Lugo. Unha cita imperdible para gozar da cultura e da tradición nun ambiente festivo e familiar.

VILLOU SPRING FEST. O festival regresa con forza a Lourenzá e convértese no escenario elixido para o inicio da xira 2025 de Panorama. O evento terá lugar o xoves 17 de abril no Recinto Feiral de Vilanova, onde os asistentes poderán gozar dun espectáculo único da coñecida orquestra, ademais de actuacións doutros artistas.

A xornada dará comezo ás 14:00 horas cunha animada sesión vermú a cargo de DJ Billy. Xa pola noite, a partir das 22:30 horas, abriranse as portas do recinto para ofrecer unha noite chea de música e espectáculo. Ademais da Panorama, subirán ao escenario Alejandro Martínez, Marcos Peón e o propio DJ Billy, completando así un cartel pensado para todos os públicos.

A Xunta apoia a Faba de Lourenzá con axudas de ata 2.000 euros por hectárea



A Consellería do Medio Rural activará axudas directas para os produtores da Faba de Lourenzá, co obxectivo de apoiar a súa continuidade e poñer en valor a calidade diferenciada deste produto, que se converteu nun símbolo de identidade para a comarca. Estas axudas, cunha contía aproximada de 2.000 euros por hectárea, beneficiarán aos produtores inscritos na Indicación Xeográfica Protexida (IXP), pero tamén buscan incentivar a incorporación de novos participantes no selo de calidade. A medida, que se canalizará a través dun convenio coa IXP, pretende asegurar que os fondos cheguen directamente aos produtores.

A conselleira María José Gómez tamén anunciou a creación dun novo instrumento financeiro a partir de abril para mellorar a liquidez dos agricultores e gandeiros galegos, con especial atención aos de Lourenzá, que

foron gravemente afectados polo temporal Kirk. A Xunta cubrirá os intereses e os gastos de formalización, permitindo que os beneficiarios devolvan só o importe do crédito sen custos adicionais. Por outra parte, Isabel Vilalba, secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego (SLG), criticou as axudas, argumentando que son inxustas, xa que exclúen aos produtores non inscritos na IXP, cando a crise afectou a todo o sector. Vilalba defendeu que as axudas deben chegar a todos os cultivadores, sen discriminación, e resaltou a importancia de mellorar as condicións da IXP para que sexa máis atractiva para novos produtores, sen esquecer aos actuais. “Sen produtores, non hai futuro para a IXP”, alertou, facendo un chamamento á acción para garantir a viabilidade do sector agrícola e a preservación da Faba de Lourenzá como un dos principais elementos culturais da zona.

Veciños de Bordón denuncian o mal estado dunha pista

Os veciños de Bordón fixeron pública a súa preocupación polo deterioro da pista municipal que conecta a N-634 co núcleo de poboación. A estrada, que presenta numerosos buratos e deficiencias, está dificultando o paso de vehículos, e representa un perigo para a seguridade, en especial para aqueles con mobilidade reducida. Un dos residentes, que utiliza cadeira de rodas, caeu debido ao mal estado da vía, o que pon de manifesto os riscos que implica a falta de reparación.

Ademais, a situación tamén afecta a unha granxa da zona. “O camión encargado de recoller a leite non pode circular con normalidade pola vía, o que xera molestias diarias ao propietario”, dixeron. A estrada tamén afecta a unha casa de turismo rural que se atopa na contorna.

A pesar de que se realizaron algúns traballos de mellora na estrada, os veciños sinalan que a parte máis deteriorada, onde se localizan os fochancas máis graves, aínda non foi reparada. A situación vén arrastrándose desde fai “uns dez anos e non foi resolta polos diferentes gobernos municipais que se sucederon no tempo”. Os residentes tamén reclaman a instalación de iluminación na vía para mellorar a seguridade durante as horas nocturnas.

Pola súa banda, o Concello confirmou que os veciños trasladaron as súas queixas ao goberno local, e aseguraron que “en breve se acometerá a reparación, xa que está previsto asfaltar aos fochancas e mellorar a estrada cun rego asfáltico”.

EN BREVE

OBRADOIRO. O vindeiro martes 29 de abril, o Centro Sociocultural de Alfoz acollerá un obradoiro gratuito sobre saúde bucodental, impartido por Berta García Torres, especialista en Hixiene Bucodental da Área Sanitaria de Lugo. A sesión comezará ás 16:30 horas e está dirixida a toda a poboación interesada en mellorar os seus hábitos de hixiene oral e previr afeccións comúns como as caries ou as enfermidades das enxivas. As persoas que desexen participar poden inscribirse ata o 25 de abril no Concello de Alfoz. Trátase dunha oportunidade para recibir consellos profesionais e resolver dúbidas sobre o coidado da boca.

SEMANA SANTA. A Semana Santa en Alfoz terá unha xornada especial dedicada á mocidade o mércores 16 de abril. O pavillón municipal converterase nun gran espazo de lecer, con múltiples actividades pensadas para menores de 18 anos. Desde as 16:30 ata as 20:30 horas, os participantes poderán gozar dunha tarde chea de xogos, retos e moita diversión. O evento, organizado pola área de Cultura do Concello de Alfoz, incluírá unha ampla variedade de propostas: inchables para os máis activos, un circuíto de coches teledirixidos, xogos xigantes supervisados por monitores e unha Battle Arena, onde os asistentes poderán enfrontarse en divertidas batallas sobre colchonetes con bolas de espuma. Todo isto amenizado con música para garantir un ambiente festivo e animado. Desde o Concello invitan á mocidade de Alfoz e arredores a sumarse a esta iniciativa, que busca ofrecer unha alternativa de lecer saudable e participativa durante as vacacións. “Queremos que os rapaces teñan un espazo onde xogar, socializar e divertirse de forma segura”, sinalan desde a organización.

DÍA DA VECIÑANZA. A Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo organiza a segunda edición do Día da Veciñanza, que terá lugar o 11 de maio no concello de Alfoz. Tras o éxito da primeira convocatoria, esta xuntanza busca consolidarse como un evento de referencia para fomentar a convivencia e o espírito comunitario entre os veciños. O programa incluírá diversas actividades ao longo da xornada, cun ambiente festivo no que non faltarán a música, os bailes tradicionais e outras propostas para todas as idades. O evento pretende ser un punto de encontro no que a veciñanza poida compartir un día de lecer e reforzar os vínculos sociais. Deste xeito, Alfoz reafirma o seu compromiso coa dinamización social e cultural, promovendo iniciativas que favorecen a participación cidadá e o reforzo da identidade local.

Alfoz mellora e acondiciona os parques municipais para crear espazos máis accesibles



O Concello vén de poñer en marcha un proxecto de mellora e acondicionamento dos parques municipais do municipio, en particular do Parque Municipal Alcalde José Palmeiro e o espazo verde no interior do recinto do CEIP Plurilingüe Castro de Ouro. O obxectivo é ofrecer á veciñanza un espazo renovado e máis accesible para o lecer, así como mellorar a seguridade e a calidade do entorno.

As actuacións no Parque Municipal Alcalde José Palmeiro incluíron a limpeza das rúas próximas ao parque, a instalación de bordos que pechan todas as rúas con acceso directo a unha estrada e a retirada de antigas papeleiras en mal estado, que foron substituídas por novos elementos máis modernos. Tamén se procedeu á retirada dos xogos infantís, mellorando ademais o chan destas áreas para aumentar a seguridade dos máis pequenos. Como parte das melloras, tamén se instalou unha papeleira hixiénica para os residuos das mascotas, co fin de garantir a limpeza e benestar do parque.

A alcaldesa de Alfoz destacou que esta intervención responde a unha demanda da veciñanza e busca facer do parque un espazo máis agradable, seguro e inclusivo para todas as idades. “Queremos que os nosos parques sexan lugares de encontro e goce para toda a familia, facendo especial fincapé na seguridade dos nenos e na accesibilidade para todos,” explicou. A remodelación tamén tivo en conta criterios de sustentabilidade, empregando materiais respectuosos co medio ambiente e fomentando a conservación da biodiversidade. No parque do colexio CEIP Plurilingüe Castro de Ouro tamén se levaron a cabo melloras, como a retirada e limpeza do solo danado, e a reparación e arranxo dos xogos infantís. Neste espazo tamén se priorizou a seguridade e a accesibilidade para o uso dos máis pequenos.

Ademais, o Concello de Alfoz está a estudar a situación do Parque da Feira do 13 e convocará unha reunión coa asociación parroquial para decidir melloras adicionais neste espazo.

A II Ruta a Cabalo de Cabaleiros do Ouro será o 26 de abril

A Asociación Cabaleiros do Ouro organiza a segunda edición da súa Ruta a Cabalo, que terá lugar o sábado 26 de abril en Alfoz. O evento reunirá afeccionados á equitación nunha xornada que combinará deporte, natureza e gastronomía. A ruta dará comezo ás 10:00 da mañá desde o Restaurante O Frenazo e contará cun percorrido que incluírá unha parada para xantar e degustar pinchos. A participación ten un custo de 25 euros. O xantar final celebrase ás 15:00 horas no mesmo

restaurante. A xornada estará amenizada polo DJ Balbín e haberá sorteos e agasallos para os asistentes. Un dos momentos máis esperados será o sorteo dun poldro cruce árabe, que terá lugar ao remate do evento. As inscricións estarán abertas ata o 23 de abril e poden realizarse a través dos teléfonos 653 21 36 75 e 637 32 32 73. A organización convida a todos os amantes dos cabalos a participar nesta experiencia única en plena natureza.

A Xunta reforza o seu apoio ao Valadouro para impulsar servizos



O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, e a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas mantiveron unha reunión de traballo co alcalde do Valadouro, José Manuel Lamela, na que analizaron diversas actuacións urbanísticas. Durante o encontro, reafirmouse o compromiso da Xunta de cooperar cos concellos a través de iniciativas que melloren a calidade de vida da veciñanza e axuden a fixar po-

boación no rural. Segundo destacaron, o obxectivo foi desenvolver proxectos que favorezan o crecemento equilibrado e sostible do territorio, potenciando servizos e infraestruturas clave para o municipio. O alcalde do Valadouro valorou positivamente a reunión e salientou a importancia de contar co apoio da Administración autonómica para levar a cabo melloras que redunden no beneficio dos seus veciños.

O Goberno central comprométese a rehabilitar o cuartel da Garda Civil de Ferreira



O Goberno central comprométese oficialmente a realizar as obras de reparación e rehabilitación necesarias no cuartel da Garda Civil de Ferreira do Valadouro, segundo se recolle nun documento oficial. Así o confirmou o Executivo en resposta ás preguntas formuladas polos senadores do PP lucense –José Manuel Balseiro, José Manuel Barreiro e Juan Serrano–, quen trasladaron a petición do alcalde do municipio, José Manuel Lamela. Ademais, o Goberno especifica que as actuacións serán financiadas a través do gasto descentralizado da Comandancia da Garda Civil de Lugo. O senador José Manuel Balseiro lembrou que a situación actual das instalacións “non é óptima nin para que os axentes poidan prestar servizo en boas condicións nin para residir nelas”, polo que esixe unha actuación urxente. Entre as melloras necesarias, destacou o illamento térmico, o pintado e a redistribución dos espazos para potenciar a comodidade e funcionalidade do

cuartel. Os senadores populares trasladaron ao Executivo o acordo unánime do pleno municipal de Ferreira do Valadouro, no que se instaba ao Ministerio do Interior a acometer a reforma do cuartel. Con esta resposta, o Goberno recoñece a necesidade da intervención e abre a porta ao inicio das obras.

PSOE. Segundo o senador socialista por Lugo, César Mogo, a afirmación do PP é “absolutamente falsa”, xa que as actuacións previstas xa estaban contempladas no plan do Goberno de Pedro Sánchez. “O único que confirma a resposta do Goberno é que se preocupa por solucionar os problemas da Mariña, mentres que o PP se dedica a enredar con mentiras”, afirmou Mogo. Mogo criticou que o PP utilice esta cuestión para xerar confusión entre os veciños da Mariña. “É canso ter que aclarar os seus infundios, pero o importante é que a cidadanía non sexa enganada”, concluíu o senador socialista.

Un compromiso coa natureza e coa pesca sustentable

A Sociedade Pesca Amigos do Ouro destaca polo seu compromiso coa preservación e fomento das tradicións pesqueiras locais

Por Ana Somoza

Fundada no ano 2002 en Ferreira do Valadouro, a Sociedade Pesca Amigos do Ouro naceu coa intención de organizar mellor a actividade da pesca na zona. “Algúns pescadores locais vimos a necesidade de crear unha entidade que nos permitise realizar concursos, conservar o río e ter un couto de pesca para os socios”, explica un dos membros fundadores. O proxecto, que comezou como unha pequena iniciativa, medrou co paso dos anos ata contar na actualidade con máis de 60 socios, non só da comarca, senón tamén de lugares tan afastados como A Coruña, Lugo ou mesmo Madrid. A orixe da Sociedade debeuse ao impulso de varios pescadores locais, entre eles Manolo, Roberto, Edmundo e Laureano. “Hoxe en día, algúns destes pioneiros seguen formando parte da directiva”, sinala o actual presidente, Pablo, quen lembra con nostalgia como asistía de pequeno ás primeiras reunións co seu pai. “Eu daquela era un neno, pero xa ía ao río a pescar”, di con orgullo.

MISIÓN. A Sociedade Pesca Amigos do Ouro ten como obxectivo principal a conservación do río Ouro e a promoción da pesca sustentable. “O noso labor non se limita á pesca, senón que nos preocupamos activamente polo coidado da contorna”, afirma o presidente. Recentemente, organizaron xornadas de limpeza en Alfoz e O Valadouro, nas que se realizaron podas de mantemento e se retiraron árbores caídas que poderían supoñer un risco para o fluxo do río. “Cando o caudal aumenta, estas árbores crean tapóns contra os piares das pontes, provocando problemas serios”, explica. Ademais, recolleron unha gran cantidade de lixo, especialmente plásticos. “A calidade da auga do río Ouro é boa, pero estamos vendo cada vez máis plásticos descompostos en pequenos anacos, e iso dificulta moito a súa recollida”, engade. Os valores fundamentais da Sociedade son a conservación medioambiental e a divulgación da pesca como deporte. “Sentimos orgullo de contar con nenos entre os nosos socios, porque significa que hai

un futuro para a pesca”, sostén o presidente. A súa dedicación á protección do río levou a que a Consellería de Medio Ambiente lles concedese o recoñecemento de Entidade Colaboradora de Pesca Fluvial, o que lles permite xestionar permisos exclusivos para o couto do río Ouro.

ACTIVIDADES. A Sociedade non só se centra na conservación, senón que organiza eventos para atraer á comunidade. “Nos úl-

socios como para o público en xeral”, explica o presidente. O concurso anual de pesca é un dos eventos máis populares. “Organizámolo en dúas modalidades: lance e mosca, e grazas á colaboración dos comercios locais ofrecemos unha ampla variedade de premios”, destaca. Ademais, a xornada conclúe cunha comida de confraternización entre os participantes. Outras iniciativas inclúen xornadas técnicas de divulgación sobre



timos catro anos puxemos en marcha actividades tanto para

a pesca con mosca, nas que se explicaron conceptos de ento-



moloxía e se realizaron talleres prácticos. “A resposta da xente foi increíble”, asegura. Ademais, organizaron saídas ao campo con biólogos para analizar os macroinvertebrados do río. “A abundancia destas especies é un indicador de que o río está en bo estado”, afirman os expertos. Todas as actividades son anunciadas en redes sociais e mediante carteis nos establecementos lo-

“Queremos ensinar aos nenos como evolucionou a pesca e a importancia da conservación medioambiental”

cais. “Cada vez temos máis xente interesada en participar”, comentan dende a directiva.

“O noso labor non se limita á pesca, senón que nos preocupamos activamente polo coidado da contorna”

OS RETOS. A conservación do río supón un reto constante. “Hai anos, os propietarios dos campos encargábanse do mante-

“Cada vez vemos máis plásticos no río, e iso é un problema que debemos afrontar entre todos”

mento das marxes, pero agora, coa falta de xente no rural, moitas fincas quedan abandonadas”, explica o presidente. Isto provoca a acumulación de maleza, di-

ficultando o traballo de limpeza da Sociedade. “Facemos o posible polo mantemento do couto de pesca, que abarca uns 7 km, pero hai moitos tramos que non podemos atender por falta de medios”, lamenta. En canto ao financiamento, a Sociedade funciona grazas ás cotas dos socios, que son bastante baixas. “Somos unha entidade sen ánimo de lucro, polo que temos que organizar as actividades en función do noso orzamento”, afirman. Este ano, grazas á colaboración do Concello de O Valadouro, puideron adquirir ferramentas para a conservación do río. “Estas axudas son fundamentais para o noso labor”, destacan.

APOIO INSTITUCIONAL. A Sociedade busca máis apoio das administracións locais. “Non pedimos só financiamento, senón que se promova o valor do río, se realicen campañas de concienciación e se soliciten brigadas anuais de limpeza”, propoñen. Tamén agradecen a difusión das súas actividades nos medios de comunicación. “Axuda moito a que cheguemos a máis xente”, din.

O FUTURO. A Sociedade ten varios proxectos en mente para os próximos anos. “Queremos seguir mellorando o río e fomentar a formación na pesca deportiva”, explica o presidente. Entre as iniciativas futuras inclúense a organización de viaxes de pesca a Castela e León ou Asturias, e a realización de actividades educativas nos colexios de Ferreira e Alfoz. “Queremos ensinar aos nenos como evolucionou a pesca e a importancia da conservación medioambiental”, sostén. Outro proxecto clave é a creación dunha ruta de sendeirismo ao longo do río, especialmente na zona alta, onde se atopan fermosas fervezas e fragas. “Actualmente hai un percorrido duns 4 km en Alfoz e outro preto da desembocadura, pero gustaríanos ampliar esta rede”, explican. “Sería unha gran colaboración para o turismo e o deporte nestes concellos”, afirman.

Licitada por 1,18 millóns a xestión do centro de día



O Concello de O Vicedo sacou a licitación a explotación do centro de día para persoas maiores e dependentes, situado na antiga Casa do Mar, cun orzamento de 1.181.980 euros, IVE incluído. O contrato terá unha duración inicial de tres anos, con posibilidade de dúas prórrogas anuais.

As entidades interesadas en optar á concesión teñen un prazo de 26 días naturais para presentar as súas ofertas, contado a partir do 12 de marzo. Ademais, o Concello ofrece unha visita ás instalacións o venres 21 de marzo, previa comunicación coa traballadora social do municipio.

O BNG pide melloras na limpeza e no desbroce das vías

O Bloque Nacionalista Galego de O Vicedo, a través do seu portavoz municipal Miguel Gómez Fraga, levou ao pleno municipal varias demandas da veciñanza que, a pesar de ser aprobadas en sesións anteriores, seguen sen executarse pola Alcaldía. Entre as cuestións pendentes atópanse melloras para o sector gandeiro, o saneamento público e a limpeza das vías municipais. O BNG pide que se avance no Plan de Melloras para o Sector Gandeiro, que inclúe medidas como a concesión de subvencións para antenas de xeolocalización, a creación dun punto de desinfección para o transporte de animais vivos e a instalación dunha ITV móbil en Riobarba. Tamén se reclama que O Vicedo

sexa recoñecido como Zona de Gandaría de Montaña para acceder a axudas específicas. En canto á limpeza das estradas municipais, o BNG propón reforzar o servizo cun novo peón tractorista para mellorar o desbroce en quenda de mañá e tarde. Ademais, a problemática do saneamento público, que afecta ao 80 % da poboación, tamén se abordará. O BNG suxire crear subvencións para mellorar os sistemas de saneamento autónomo e o baleirado de fosas sépticas, financiadas a través do Fondo de Compensación Ambiental. Miguel Gómez subliña que todas estas demandas son urxentes para mellorar a calidade de vida no municipio.

Veciños do Vicedo denuncian o abandono bancario local

Os veciños do Vicedo denuncian as dificultades para acceder a servizos bancarios tras o peche da oficina de ABANCA na localidade. O único caixeiro automático dispoñible está obsoleto e falla con frecuencia, obrigando aos residentes a desprazarse a localidades próximas para realizar xestións bancarias. A situación afecta especialmente á xente maior, que debe percorrer máis de 12 quilómetros e sofre a falta de transporte público

adequado para realizar as xestións antes de que pechen as caixas. A pesar de que veciños presentaron queixas no Concello, aseguran que só recibiron evasivas. Comparan a súa situación coa de outros municipios onde ABANCA ofrece unidades móbiles de servizo. Os afectados exigen unha solución urxente tanto ao Concello como á entidade bancaria para resolver este problema e mellorar a accesibilidade aos servizos bancarios.

O PSOE do Vicedo esixe solucións urxentes para o parque cuberto

No pleno municipal o PSdeG do Vicedo volveu alertar sobre o deterioro do parque cuberto, reclamando unha intervención inmediata para garantir a seguridade da cidadanía. A instalación presenta graves deficiencias, como varandas soltas, fendas na madeira e filtracións de auga, xerando un risco especialmente para a infancia, principal usuaria do espazo. “Este parque debería ser un lugar seguro e agradable para a veciñanza, pero a realidade é que se atopa nun estado lamentable. Requirimos unha acción inmediata por parte do Concello para evitar posibles accidentes”, manifestaron os representantes do PSdeG. Ademais, o grupo socialista intereuse pola evolución do proxecto de mellora do Fuciño do Porco, solicitando claridade sobre o financiamento e o estado da tramitación. Outras reivindicacións expostas na sesión incluíron a reposición das papeleiras retiradas do centro



urbano, a mellora do acceso ao Punto de Atención á Infancia (PAI) mediante a creación dunha zona de estacionamento e a reparación das varandas da estrada xeral, cuxo estado actual representa un perigo. Tamén se reclamou información sobre o plan de conservación das instalacións deportivas municipais para evitar a súa degradación progresiva. No apartado de preguntas, o PSdeG pediu explicacións polos atrasos na

implantación da fibra óptica en San Román, a situación dos inmobles en estado ruinoso, a reparación das pontes do FEVE e a falta de accións para a restauración de fontes e lavadoiros municipais. Desde o PSdeG do Vicedo manifestaron o seu compromiso de continuar esixindo solucións e medidas concretas que garantan espazos seguros, a conservación do patrimonio e servizos de calidade para toda a veciñanza.

Comeza a tramitación para a remodelación do Fuciño do Porco

O emblemático Fuciño do Porco, un dos lugares máis visitados da Mariña lucense, podería dar un paso decisivo cara á súa remodelación nas próximas semanas. O Concello espera dispoñer a finais de abril dun anteproxecto ou memoria que permita solicitar as autorizacións necesarias para levar a cabo as obras de mellora e conservación deste enclave. O alcalde do municipio, Jesús Novo, explicou que o proceso administrativo será longo, xa que “obter os permisos pertinentes levará arredor de dous meses, aos que hai que sumar outros dous para a redacción do proxecto definitivo, e posteriormente, os tempos de licitación e adxudicación da obra”. Por este motivo, prevese que os traballos non poidan comezar ata despois do verán. Unha vez dispoña da memoria técnica do proxecto, o Concello terá que solicitar autorizacións á Consellería de Medio Ambiente, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural—debido á existencia dun antigo castro no istmo—e a Costas. Ademais, o rexedor avanzou que manterá reunións con distintas administracións para explorar posibles vías de financiamento, xa que o custo total da actuación ascende a un millón de euros. Esta in-



tervención busca mellorar a accesibilidade e garantir a conservación dun espazo natural que cada ano recibe miles de visitantes, consolidándose como un dos principais atractivos turísticos da zona. **RECOLLIDA DE BASURAS.** O Goberno local someterá a debate no próximo pleno unha proposta para incrementar nun 30% a taxa de recollida de lixo. Segundo os cálculos do alcalde, Jesús Novo, este aumento suporá uns 13 euros máis ao ano por fogar, o equivalente a aproximadamente un euro mensual. O rexedor mantivo este xoves unha

reunión cos portavoces municipais do PSOE e do BNG para explicar os motivos da medida. Actualmente, o recibo medio por recollida de lixo, subministración de auga e saneamento no municipio ascende a uns 40 euros por semestre. Para aqueles fogares que só pagan pola xestión dos residuos, o importe é de 21 euros cada seis meses, o que supón 42 euros anuais. Segundo os datos municipais, o Concello destina 205.324 euros á prestación do servizo, mentres que os ingresos pola taxa suman 87.557 euros, o que xera un déficit de 117.566 euros.

A Feira do Ferro presenta o seu programa de 2025



A XVI Feira da Artesanía do Ferro celebrárase o domingo 20 de abril, reunindo ferreiros procedentes de distintas partes de Galicia, España e Europa. A xornada arrancará ás 11.00 horas coa apertura da feira, onde os ferreiros locais compartirán espazo con outros artesáns e produtores agrícolas. Ás 11.15 horas comezarán as demostracións doutros oficios tradicionais como a olería de Buño, a cestería de Lugo e o torneado de madeira de José Manuel, de Arzúa.

Ás 12.00 horas actuará o coro de Riotorto e, pouco despois terá lugar a inauguración oficial da feira. O pregón será pronunciado por Benigno Fernández Salgado, profesor de filoloxía galega e fillo de ferreiro, quen destacará a relevancia desta arte tradicional.

Un dos momentos máis esperados da xornada será a demostración en vivo de artesanía do ferro, que dará comezo ás 12.30 horas. Entre os participantes estarán os Ferreiros de Riotorto: Manuel Alonso (MAF), Agustín Iglesias (FY), José

Mario Cabo (JOMACA) e Óscar Villada (AV); tamén estarán presentes outros artesáns como Friedrich Brasmsteidl, un ferreiro austríaco; Alberto Leis, de Santiago de Compostela, e representantes do Centro de Interpretación da Forxa (Forjas Brun-Navarra).

Para o público infantil, ás 12.45 horas terá lugar un taller de forxa dirixido por Friedrich Brasmsteidl. Ao mesmo tempo, a Charanga El Tattoo de Ourense animará o recinto cun espectáculo musical itinerante que incluírá lume e malabares. Pola tarde, a Charanga El Tattoo regresará ás 16.30 horas para seguir amenizando o evento. Ás 17.00 horas retomarase as demostracións de oficios tradicionais, incluíndo exhibicións de pirogravado e torneado de madeira.

A clausura do evento será ás 19.00 horas cun espectáculo infantil a cargo de Roberto Lolo no atrio da igrexa. Durante toda a xornada, a música correrá a cargo dos Gaiteiros de Riotorto e da Charanga El Tattoo.

Melloras na estrada LU-P-4404 para reforzar a seguridade viaria

A Deputación de Lugo aprobou a adxudicación das obras de acondicionamento da estrada LU-P-4404, que conecta Riocabo coas Rodrigas por Aldurfe, no municipio de Riotorto. Cun investimento de preto de 190.000 euros, esta actuación busca mellorar a seguridade e accesibilidade da vía, esencial para as comunicacións dentro do concello. Os traballos afectarán un tramo de máis de tres quilómetros, comprendido entre a parroquia de Espasande e o Teixeira, desde os puntos quilométricos 15,000 ao 18,030. As intervencións inclúen a drenaxe da estrada mediante a reapertura e mellora das cunetas, a repavimentación con aglomerado en quente e a sinalización viaria. Para garantir



unha maior visibilidade e seguridade, procederanse ao pintado da vía con marcas reflexivas brancas e á reposición da sinalización vertical.

O prazo de execución destas melloras será dun mes desde o inicio dos traballos. Desde a Deputación subli-

ñan que esta actuación responde á necesidade de manter en bo estado as infraestruturas viarias do municipio, garantindo unhas condicións óptimas para a mobilidade da veciñanza e reforzando a seguridade na circulación.

Ourol rehabilitará unha vivenda para destinala a alugueiro social

O Concello de Ourol vén de adxudicar as obras de rehabilitación dun dos pisos das antigas vivendas dos mestres, situadas xunto ao grupo escolar do municipio. O obxectivo desta intervención é destinar o inmovible a alugueiro para familias ou persoas que o necesiten, contribuíndo así á oferta de vivenda social no concello.

A actuación será posible grazas a unha subvención da Xunta de Galicia por un importe superior aos 41.000 euros. As obras xa foron adxudicadas e contan cun prazo de execución que finalizará en se-



tembro deste ano.

Con esta iniciativa, o Concello de Ourol reafirma o seu compromiso coa mellora das infraestruturas

municipais e a busca de solucións para facilitar o acceso á vivenda a aquelas persoas que máis o precisan.

Convocada a VIII edición do concurso Avelino Díaz

Os concellos de Meira e Riotorto veñen de convocar a oitava edición do Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz, aberto a toda a poboación e co obxectivo de lembrar a figura deste representante da cultura na zona.

O concurso dividirase en catro categorías de idade, de 3 a 8 anos, de 9 a 12, de 13 a 17 e de 18 en diante. Os máis pequenos só terán categoría de debuxo e os maiores de idade a de poesía e relato curto. Para o resto só será a de poesía.

No apartado de debuxo, poderán presentarse obras en formato e temática libre, mais os poemas e o relato curto deberán estar escritos en galego, cunha extensión no segundo caso de entre 1 e 6 folios. Poderán presentarse ata tres exemplares.

O prazo de presentación é ata o 17 de maio e o lugar de recollida de traballos é a Asociación Avelino Díaz de Meira. Establécense tres gañadores en cada categoría. Para os máis pequenos os agasallos serán de diplomas, lotes de material escolar ou libros. O gañador na categoría de 9 a 12 anos recibirá un libro electrónico, o da seguinte categoría unha tableta e os adultos terán un premio económico de 500 euros para poesía e tamén para relato.

O fallo do xurado darase a coñecer en xuño e a entrega do mesmo terá lugar o día 20 do mesmo mes, ás 19.00 horas, no salón de actos do centro sociocultural que leva o nome do poeta, situado en Riotorto.

O Festival Aturuxo regresa os días 18 e 19 de xullo con música e tradición

Bravos prepárase para acoller unha nova edición do Festival Aturuxo, que terá lugar os días 18 e 19 de xullo. Esta XIII edición promete manter o seu carácter familiar, incluso e próximo, consolidándose como un evento onde a cultura galega e a diversidade son as protagonistas.

Ao longo do festival, os asistentes poderán gozar dunha programación variada que incluírá concertos, xogos populares e un tradicional tor-



neo de billarda. Ademais, a entrada e a acampada serán totalmente gratúitas, favorecendo a participación de todo tipo de públicos.

O Festival Aturuxo aposta pola posta en valor do rural galego, servindo de punto de encontro interxeracional para compartir experiencias e concienciar sobre a importancia de coidar o patrimonio sociocultural e ambiental. Toda a información está dispoñible na súa web oficial: festivalaturuxo.gal.

A II Ruta Cabalar de Bidueira percorrerá Cervo o 13 de abril

O vindeiro domingo 13 de abril, a Asociación Cabaleiros da Bidueira organizará a segunda edición da Ruta Cabalar, un evento que reunirá afeccionados á equitación e amantes da natureza en Cervo. A xornada dará comezo ás 10:00 horas desde o Polideportivo de San Román e incluírá un percorrido a cabalo con parada para un aperitivo. Tras a ruta, os participantes e demais asistentes poderán desfrutar dunha sesión vermú amenizada polo grupo Conxuro. O xantar celebrarase no polideportivo, con menú de paella, costela asada, sobremesa, bebida e chopo, servido por *catering* Esmamar. O prezo é de 26 euros para adultos e 13 euros para nenos. A festa continuará cun baile, tamén a cargo de Conxuro. As inscricións están abertas ata o 10 de abril. Para máis información e reservas, pódese contactar con Adrián (657 256 408) ou Óscar (677 539 285).

O Concello inviste en camiños rurais e espazos públicos

O Concello de Cervo está a levar a cabo varias actuacións para mellorar a accesibilidade e a seguridade en diferentes zonas rurais e patrimoniais do municipio, cunha inversión que supera os 100.000 euros. Entre as actuacións máis destacadas está a reforma do camiño que conecta os lugares de Marrube e Calvario, na parroquia de San Román, co obxectivo de mellorar a infraestrutura viaria e facilitar o día a día das familias da zona. Esta obra, que conta cun investimento de 103.006,89 euros procedentes dos fondos do Plan Único, foi supervisada pola alcaldesa, Dolores García Caramés, acompañada polo edil de Obras, Adrián Arias, e outros representantes locais. A rexedora subliñou a importancia de seguir mellorando as infraestruturas rurais, para garantir a igualdade de oportunidades para todas as familias, independentemente da



súa localización. Tamén se está a traballar na mellora do camiño de Cambeiros, na parroquia da Rúa. Este proxecto, cun orzamento de 48.158,45 euros, contempla a renovación da capa de rodadura e a apertura de cunetas para mellorar a drenaxe das augas pluviais, o que permitirá mellorar tanto a circulación de vehículos como a seguridade dos peóns. No Porto de Arriba en San Cibrao,

outro dos puntos emblemáticos do municipio, as obras centráronse na mellora dos accesos peonís á Estrada do Faro, cun investimento de 20.000 euros. A alcaldesa explicou que estas actuacións son parte dun proxecto máis amplo que inclúe a rehabilitación do miradoiro da Atalaia e a creación dun parque de calistenia, co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos veciños e promover o benestar físico e social.

San Cibrao honra a súa mestra, Sagrario Martínez, cun retrato no Museo do Mar

O Museo do Mar de San Cibrao incorporou á súa colección un retrato de Sagrario Martínez López, mestra da antiga escola que deu orixe ao museo. A obra, un debuxo en carbón e xiz branca realizado polo artista mariñao Juanel Ponte Forest, baséase en fotografías recentemente localizadas polas súas antigas alumnas. O retrato será colocado na sala de entrada do museo, onde xa se exhiben un pupitre e fotografías históricas que lembran a función educativa do edificio, construído en 1931 grazas ao mecenado de Manuel Goñi Maíste e José María Montenegro, emigrantes na Arxentina. Con esta doazón, visibilízase a figura da mestra, outorgándolle o mesmo espazo de representación que ao mestre da sección masculina, Francisco Rivera Casás. A iniciativa enmárcase no traballo da Rede Museística Provincial para recoñecer o papel das mulleres na historia e converter os museos en espazos máis inclusivos e representativos.

O Concello instala carteis inclusivos no CEIP Península da Paz



O Concello acaba de dar un paso importante na mellora da accesibilidade no CEIP Península da Paz coa instalación de carteis con pictogramas e en sistema braille. Estes novos paneis teñen como obxectivo identificar os diferentes espazos do centro educativo, facendo que o recinto sexa máis inclusivo e accesible para todas as persoas, independentemente das súas condicións. A alcaldesa, Dolores García Caramés, destacou que este proxecto xorde dunha comuni-

cación continua entre o Concello e o equipo directivo do CEIP Península da Paz, subliñando que “é unha proposta excelente e estamos moi contentos de poder contribuír a mellorar a sinalización do centro”. García Caramés sinalou que esta acción “é unha verdadeira ponte cara á comprensión, a autonomía e a igualdade de oportunidades para que todo o alumnado, sen excepción, poida moverse libremente polo colexio con maior independencia”.

A IX Foliada de Cervo encherá de música e artesanía a Praza do Souto

O próximo 3 de maio de 2025, a Praza do Souto en Cervo acollerá a IX edición da Foliada e Feira de Artesanía. Esta xornada festiva contará cun variado programa de actividades, entre as que destacan os tradicionais pasabares e a celebración da foliada, un evento de gran tradición na vila. Esta cita está organizada por Fol do Raxal, ACR Fervenza de Sargadelos e Marmeladas A Morena, en colaboración co Concello de Cervo, a Deputación de Lugo. As inscricións para participar na foliada e pasabares están abertas até o 25 de abril. As persoas interesadas poden acceder aos formularios de inscrición na ligazón. Para aqueles que desexen participar como artesáns na feira, a inscrición debe realizarse antes do 13 de abril, e poden facelo a través do seguinte enlace. Tamén haberá tempo para aprender con Noemi Basanta, Marcos Botana e Oli Xiráldez. As inscricións deben facerse antes do 27 de abril en foliadecervo@gmail.com. A organización anima a veciños e visitantes a ser parte desta festa popular que celebra a cultura local e as tradicións da zona. Para máis infor-



mación, poden contactar a través do correo electrónico: marmeladasa-morena@gmail.com ou no teléfono 649 130 873. No apartado musical, contarán coa actuación de A Requinta de Lampai, que serán os encargados de amenizar a sesión vermú. Tamén Ailá traerá a Cervo o seu último traballo discográfico, Tradimensional, un repertorio para o baile inspirado na música de transmisión oral do noso patrimonio. Así mesmo, haberá un paseo guiado de man de Guido Guía, e as inscricións para a actividade poden facerse a través do correo: guidoguiaturismo@gmail.com.

FESTA DAS XERACIÓNS. A Praza dos Campos de San Cibrao converterase, un ano máis, no escenario da III Gran Festa das Xeracións, unha cita que se está consolidando como un referente na Semana Santa de Cervo. O evento, organizado polo club de trail A Fume de Carozo coa colaboración do Concello, celebrarase o sábado 19 de abril baixo unha gran carpa instalada para a ocasión. Os asistentes serán acomodados segundo a súa década de nacemento, fomentando así a interacción entre distintas xeracións e promovendo un espírito de comunidade. Ademais, a organización ten preparadas múltiples sorpresas, sorteos e música a cargo de DJ Pablo Conxuro. Os interesados en asistir xa poden adquirir os seus tickets en varios establecementos colaboradores: As Titas, O Noso Lar, O Faro, A Penúltima e Bodega de Ana, en San Cibrao; Antoxo-Cafetería, en Xove; e Vista Alegre, en Burela. Desde a organización tamén avanzan novidades para futuras edicións. Para a IV Gran Festa das Xeracións, propoñerán aos asistentes que acudan vestidos cun estilo representativo da súa década.

Cando sopra A Rebolaxe, a música tradicional cobra vida

A asociación mantén viva a música tradicional galega a través da gaita, a percusión e o canto, expandindo a súa paixón por toda A Mariña

Por Ana Somoza

En San Cibrao a música tradicional galega resoa con forza grazas a A Rebolaxe, unha asociación cultural que leva anos dedicándose á difusión da nosa identidade musical. O seu presidente e fundador, Ricardo García, cóntanos a historia desta agrupación, que pasou de ser unhas simples clases para adultos a converterse nun referente dos cantos de taberna e da música popular. “A Rebolaxe comezou sendo unhas clases de música tradicional para xente adulta”, explica García, pero axiña medrou: “Comezou a vir cada vez máis xente e decidiuse montar unha asociación centrada tanto na gaita, como na percusión, como no canto, pero sempre co fin de gozar da música tradicional”. A música de A Rebolaxe é unha mestura de gaitas, percusión e voces que busca transmitir a esencia da cultura galega. Con pezas populares e arranxos propios, o grupo logra que antigas melodías recuperen o seu brillo, chegando ao corazón da súa audiencia. “O noso estilo tentamos enfocalo máis nas pezas vocais e nas tradicionais, pero sempre destacando a voz”, explica o fundador. Teñen influencias dos coros históricos e tamén de grupos como Treixadura, tanto á hora de interpretar temas como de arranxos.

NOME CON HISTORIA. O nome da asociación tamén ten unha historia especial. Segundo nos conta García, a idea foi dun dos seus membros máis queridos, Babi, que tristemente xa non está con eles. “Cando vén o vento da rebolaxe significa que vén de distintos lugares, e no noso caso tiñamos e temos xente de Viveiro ou de Ourela, é dicir, o son da gaita vén de diferentes lugares da Mariña”. Ese espírito de unión e diversidade segue presente no grupo, que integra músicos de distintas localidades, todos coa mesma paixón pola música. García leva anos dedicado á música tradicional, primeiro como afeccionado e logo de maneira profesional. “Comezou como unha afección pero despois xa me dediquei a elo profesionalmente, sendo mestre de música tradicional desde moi novo”, lembra. Desde os 17 anos estivo impartindo clases de gaita en diversas agrupacións como Arume de Burela ou Os Buxos Verdes de Vilalba, ademais de traballar en escolas de música de Arteixo e Santiago.

TRAXECTORIA. Ao longo da súa traxectoria, A Rebolaxe percorreu escenarios por toda Galicia e mes-

mo fora dela. “A verdade é que si, participamos en moitos eventos. Xa non só en Galicia, senón en Madrid estivemos nun encontro de gaitas e íamos como representantes de Galicia”, explica García. Ademais, a agrupación fixo do canto de taberna un dos seus sinais de identidade, converténdose en habituais de foliadas e seráns. A súa presenza en eventos de música tradicional é constante. Entre as foliadas máis destacadas nas que participaron atópanse a famosa Foliada da Fonsagrada e a de Melide, onde non só fixeron gozar ao público coa súa música, senón que ademais foron premiados. En Melide, por exemplo, acadaron o terceiro premio nos Cantos de Taberna no ano 2019 e, de novo, repetiron ese logro no 2024. “Lembro con moito agarimo cando tocamos con Carlos Núñez en Mondoñedo, na Catedral”, destaca Ricardo García ao falar dos momentos máis especiais do grupo. Os premios son unha motivación, pero non o obxectivo principal da asociación. “Fíxonos bastante ilusión, aínda que como somos xente adulta non necesitamos recoñecementos, pero sempre é moi fermoso que valoren o teu traballo”, comenta



García. Máis aló dos galardóns, o verdadeiro propósito do grupo é pasalo ben, compartir a súa paixón coa xente e contribuír á conservación da música galega.

FOLIADA NORDESTÍA. A Rebolaxe non só participa en festivais, senón que tamén organiza o seu propio evento: a Foliada Nordestía, unha cita que se consolidou como unha das máis importantes da Mariña.

O vindeiro 12 de abril celebrábase a novena edición, unha xornada repleta de música, baile e actividades para todas as idades. Segundo García, un dos puntos fortes da foliada son os Cantos de Taberna, nos que o ano pasado participaron 14 grupos. Este ano agardan unha cifra semellante. Outro dos momentos máis esperados é o xantar popular de confraternización, onde o ambiente festivo e a música están sempre presentes. No 2023 reuníronse 150 músicos e 300 persoas no xantar, e este ano espérase unha participación similar. “Pode anotarse todo o que queira”, destaca García, convidando a todo o mundo a achegarse. A Foliada inclúe tamén diversos obradoiros para nenos e adultos, que permiten que a música e a cultura tradicional sigan transmitíndose de xeración en xeración. Pola noite, chegarán os concertos, coa participación de grupos recoñecidos como Tumba e Dalle, un conxunto mariño que levaban tempo querendo traer, Xisco Feijoo e Quinteto, unha das formacións máis destacadas da escena actual, e A Requiñta da Laxeira, que volven a San Cibrao tras unha actuación memorable en 2016. “Este grupo



mento no sentido de que hai moita xente implicada”, afirma. Destaca especialmente o auxo do baile tradicional, que nos últimos anos gañou moitos seguidores. “Cada vez vense

maior recoñecemento á Foliada Nordestía e continuar medrando como grupo, incorporando novos instrumentos como a zanfona, as cunchas, os pandeiros e as pandeiras.

“O noso soño? Pois seguir medrando, seguir gozando da música e, por que non, conseguir o primeiro premio en Melide!”

“Agora mesmo a música tradicional galega está nun punto fabuloso, xa que hai moita xente implicada e que goza dela”

máis bailadores, pandeireiros ou gaiteiros, ou xente que se interesa pola música tradicional aos que lles presta moito e acoden moito máis aos eventos”. En canto aos proxectos de futuro de A Rebolaxe, teñen en mente unha viaxe internacional a Stuttgart, seguir participando en concursos como o de Melide e, quen sabe, quizais conseguir o primeiro premio. Tamén queren dar

APOIO. A asociación mantense grazas ás cotas dos socios e ás actuacións, pero tamén recibe axuda do Concello e da Deputación para a organización da Foliada Nordestía. “A verdade é que non temos queixa, pois é un gran apoio”, recoñece García. A pesar diso, hai necesidades que aínda están por cubrir, como a dispoñibilidade dun local propio. “Sería bo ter un local para a asociación, para poder ensaiar ou gardar o material, pero en Cervo somos moitísimas asociacións e é bastante complicado por iso. Case hai máis asociacións que xente!”, comenta con humor. Polo momento, os ensaios lévanse a cabo no auditorio e o material gárdase nun local privado. A Rebolaxe segue avanzando con forza, converténdose nun referente da música tradicional na Mariña Lucense. O seu traballo é unha mostra de que a cultura galega segue viva, evolucionando sen perder a súa esencia. A través das súas interpretacións, logran conectar xeracións e transmitir a maxia de Galicia a todos aqueles que escoitan as súas melodías. Con cada nota de gaita, cada golpe de percusión e cada verso entoado, manteñen viva unha tradición que forma parte da nosa identidade.

vegadeo

O Concello aprobou novas medidas de mellora, incluíndo un Plan de Control Financeiro

O Concello de Vegadeo deu un paso importante na mellora do municipio coa aprobación de varias medidas durante o último pleno municipal. Entre elas destaca a aprobación dun “Plan de control financeiro para 2024”, que, coa colaboración de medios propios, ten como obxectivo auditar as contas do Concello, revisar os contratos menores e analizar algúns aspectos orzamentarios para garantir unha maior transparencia e eficiencia na xestión dos recursos públicos. Tamén se aprobou a modificación dos festivos locais. A proposta inclúe o cambio do festivo do 6 de xuño ao luns 9 de xuño, coincidindo coa celebración das festas locais. Ademais, o pleno ratificou esta modificación para os próximos anos, establecendo o luns de feiras como festivo para 2026, así como o 17 de agosto (día seguinte a San Roque). Outras das iniciativas aprobadas foron a nomeamento de tres novas rúas na zona de La Cal: rúa Amado Osorio Zabala, rúa Virxe de La Cal e rúa das Maestras. Esta medida xurde da proposta do Cronista oficial do municipio para poñer en valor a historia local e recoñecer a persoas e elementos significativos da vila. Outra das novidades foi o acordo de irmandamento de Vega-

deo co municipio de Cebreros, en Ávila, que ten unha forte vinculación educativa a través do proxecto Foro Comunicación e Escola. Ademais, Cebreros tamén é coñecido por ser a vila natal de Adolfo Suárez, e o seu museo, que alberga pezas históricas sobre a Transición española, reforza o valor cultural deste irmandamento. O pleno tamén aprobou a proposta de integración da Escola Infantil Municipal Piyaván na rede autonómica de Escuelines/ Escolías, co obxectivo de mellorar os servizos educativos do municipio.

TALLER. O Concello organizará os días 9, 16 e 23 de abril de 2025 un Taller de Queixería e Produtos Lácteos dirixido a persoas maiores de 60 anos. A actividade terá lugar no local de Paramios en horario de tarde, de 16:30 a 18:30 horas, e contará cunha aprendizaxe práctica para descubrir os segredos da elaboración tradicional de derivados do leite. Desde a organización sinalan que as prazas son limitadas e que as persoas interesadas poden inscribirse chamando ao 646 232 953. Ademais, ofrecerase un servizo de transporte para aqueles maiores de 65 anos que o precisen, facilitando así a súa participación na iniciativa.

Finalizan as obras de mellora no acceso a A Graña, en Vegadeo



O Goberno de Asturias destinou 45.496 euros á mellora do camiño de acceso á localidade de A Graña, en Vegadeo. A actuación, levada a cabo pola empresa Asfaltados Balda, S.L., incluíu o reforzo da drenaxe, a limpeza do camiño e a pavimentación cun triplo rego bituminoso, mellorando así a seguridade e accesibilidade para os veciños. Durante a visita, o conselleiro

Marcelino Marcos lembrou que nesta lexislatura tamén se completaron en Vegadeo as obras da rede de camiños da concentración parcelaria dos montes de Abres e Guiar, cun investimento de 603.790 euros. Os propietarios destas parcelas tomaron posesión das novas fincas en decembro de 2024, o que permitiu incrementar o tamaño das parcelas e facelas máis produtivas.

mondoñedo

Renovada a iluminación do cemiterio vello cun investimento de 137.000 euros



O cemiterio vello experimentou unha importante mellora na súa iluminación grazas a unha renovación integral que se acometeu cun orzamento de 137.000 euros, financiados dentro do Plan Xacobeo Next Generation da Xunta de Galicia. Esta actuación non só mellora a visibilidade no campo santo, senón que tamén respecta o entorno, xa que as novas instalacións de luces LED están perfectamente integradas no ambiente, e foron elixidas para ser máis resistentes e eficientes. Ademais da renovación da iluminación, tamén se levou a cabo un

traballo de sinalización para identificar os sepulcros de persoas ilustres da cidade, como o escritor Álvaro Cunqueiro, o compositor Leiras Pulpeiro, o músico Pascual Veiga ou o historiador José Pacheco. Para isto, empregáronse ‘uplights’, luces dirixidas que realzan de maneira discreta e respectuosa as tumbas destes personaxes sen alterar a estética do cemiterio. Esta actuación supón un paso máis na recuperación e mellora dos espazos patrimoniais de Mondoñedo, co obxectivo de preservar e poñer en valor a súa rica historia e cultura.

O BNG impulsa novas medidas para revitalizar o comercio

O pleno municipal aprobou por unanimidade unha moción do BNG que instou ao goberno local a tomar medidas para revitalizar o comercio local. Unha das propostas máis destacadas foi a reactivación da Asociación de Comerciantes e Autónomos de Mondoñedo (ACIAM), que, segundo os nacionalistas, xogaba un papel crucial na dinamización do sector pero actualmente está inactiva. O voceiro do BNG, Eloi Cabanas, subliñou a necesidade de apoiar o comercio de proximidade para garantir o futuro de Mondoñedo. A moción tamén inclúe a creación dun censo de produtores locais e a formación dunha comisión de traballo integrada por representantes de todos os grupos municipais, comerciantes, produtores e feirantes. O obxectivo é desenvolver propostas que axuden a fortalecer o sector e frear a perda de negocios na localidade. O BNG lamentou que actividades exitosas como sorteos de vales de compra ou mercados tradicionais tiveran desaparecido pola inactividade da ACIAM e chamou ao goberno a recuperar estas iniciativas.

O PSOE esixe solucións para a Ponte de Arco



Os socialistas de Mondoñedo esixen ao goberno municipal do PP unha intervención urxente para evitar o colapso da Ponte de Arco, en Masma, en estado crítico desde hai cinco anos. Na última sesión plenaria, instaron ao Concello a actuar ou trasladar o problema ás administracións competentes, xa que a deterioración da ponte afecta á circulación e prexudica á veciñanza. Ademais, apoiaron unha Declaración Institucional para abordar as inundacións en Santa María Maior, onde varias vivendas sofren danos pola mala xestión das escorrentías. Tamén denunciaron o mal estado dos camiños municipais en Argomoso e Escourido,

onde o recente asfaltado foi insuficiente ou inexistente. Outros rogos incluíron a limpeza da Escola de Música Municipal e a recolocación das pedras espaxadas na igrexa de San Roque. Preguntaron pola situación do PEPRICH e polo funcionamento deficiente da Biblioteca Municipal Peña Traperero, que carece de equipamento axeitado. Por último, o PSdeG solicitou explicacións sobre un recurso contencioso dunha empresa de Lugo contra o Concello polo impago dunha factura de 1.023 euros. O alcalde, Manuel Otero, confirmou que o pago se efectuou en decembro de 2024 tras atrasos administrativos.

Mondoñedo prepárase para acoller a Correlingua 2025 con 800 escolares

O Concello está a ultimar os preparativos para a celebración da Correlingua 2025, que terá lugar o vindeiro martes 20 de maio. O evento converterá a cidade nun espazo de encontro e diversión para os máis novos, coa lingua galega como gran protagonista da xornada. Ao longo da mañá, preto de 800 escolares de distintos puntos da comarca participarán nesta iniciativa lúdica. A xornada será presentada por Frank Rey e incluírá diversas actividades. Os máis pequenos gozarán dunha sesión especial con Paco Nogueiras na Praza da Catedral, mentres que os estudantes maiores, tras completar o percorrido da carreira, poderán desfrutar da música en directo de Mecánica Rolling Band. O alcalde, Manuel Ángel Otero, subliñou a importancia de celebrar eventos coma este para potenciar o uso e a transmisión do galego de xeración en xeración. “A lingua galega debe ser a protagonista non só desta festa, senón de todas as que celebramos”, declarou o rexedor, animando a toda a cidadanía a implicarse nesta xornada de convivencia e defensa do noso patrimonio cultural.

DEPUTACIÓN

O Pleno aproba o reparto dos cartos do Plan de Cooperación cos concellos

O Pleno aprobou por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos da provincia propuxeron para executar con cargo ao Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, que nesta anualidade conta con 22 millóns de euros de fondos da institución provincial. Deste xeito, o Goberno provincial sacou adiante a súa proposta a favor deste programa de investimentos, que inxecta 25 millóns de fondos públicos no tecido socioeconómico da provincia, tendo en conta as achegas dos concellos, que suman case 3 millóns.

Destacou o presidente da Deputación, José Tomé Roca, que é o quinto ano consecutivo que esta ferramenta se aproba no primeiro trimestre do ano, permitindo así aos concellos planificar as súas accións, traballar con máis previsión, aproveitar mellor os recursos e dar unha resposta máis áxil aos veciños e veciñas. Incidiu á entrada do Pleno que é un instrumento de cooperación que garante a distribución dos recursos públicos entre os 67 concellos con “criterios obxectivos e equitativos”.

A Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, explicou que os concellos presentaron as súas propostas para investir estes fondos da institución provincial aos diferentes programas: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); reforzo do emprego; actividades culturais; actividades deporti-



vas; actuacións e eventos turísticos; feiras e mercados; administración electrónica e protección de datos; e protección civil.

Nas peticións das entidades locais teñen prioridade os investimentos, aos que deciden dedicar máis de 16,5 millóns -case o 70% do total dos fondos-, para acometer 324 obras e subministracións; seguido da creación de emprego, á que destinan algo máis de 3,6 millóns cos que crearán 282 postos de traballo; e do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que os concellos de menos de 20.000 habitantes reciben 3,3 para atender a unhas 2.000 persoas.

ORZAMENTO. Na sesión tamén se lle deu o visto bo a unha modificación do Orzamento da Deputación de Lugo para este ano 2025, mediante Transferencia de Crédito e Suplemento de Crédito, precisamente para poder materializar o

Plan Deputación. A Deputada de Economía, Recadación e Facenda, Carmela López, detallou que coa Transferencia de Crédito, se modifican as partidas orzamentarias que estaban consignadas inicialmente no Presuposto para adaptalas ás necesidades manifestadas polos concellos. E, por outra banda, co Suplemento de Crédito, incorpóranse aos Orzamentos algo máis de 10,4 millóns de euros, o que permite que a dotación económica do Plan Deputación deste ano acade os 22 millóns.

Así mesmo, acordouse a incorporación de máis 19 millóns de remanentes ao orzamento deste ano 2025 para “a amortización da débeda con 6 millóns de euros e lograr a débeda cero, algo moi importante, pero tamén para seguir reforzando a cooperación da Deputación cos concellos, e o apoio ao tecido social e económico da nosa provincia, para que poidan manter ou impul-

sar novas accións que contribúan a mellorar a calidade de vida e o benestar dos veciños e veciñas, así como á dinamización da actividade económica e do emprego”, detallou López, ao tempo que concretou a que estes fondos “irán destinados a distintos eidos que consideramos fundamentais para o noso territorio, como son as estradas, a cultura, a mocidade, o deporte, o medio rural, o turismo, a atención á cidadanía e as transferencias ós concellos”. O voceiro popular, Antonio Ameijide, denunciou que con este Plan Deputación PSOE e BNG “poñen a dieta a máis da metade dos veciños da provincia xa que a realidade é que o plan baixa os recursos a 32 concellos da provincia e conxélaos para case todos excepto 4”.

CONDONACIÓN DA DÉBEDA. Ademais, na sesión plenaria tamén saíu adiante unha moción do Grupo Provincial Socialista instando á Xunta de Galicia a aceptar a oferta de condonación da débeda feita polo Goberno de España, cos votos a favor de socialistas e nacionalistas e cos votos en contra dos populares. Esta medida permitiría reducir a débeda pública galega en 570 millóns de euros, liberando recursos que poderían destinarse á mellora dos servizos públicos, incluída a sanidade. Tamén se aprobou unha moción do BNG en apoio á mobilización nacional convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública do 6 de abril en Compostela.

Uns 132 colectivos foron aceptados para participar no programa Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo vén de publicar no Boletín Oficial da Provincia (BOP) a listaxe definitiva de entidades admitidas na quinta edición do programa Coñece a túa provincia. Un total de 132 colectivos foron aceptados para participar nesta iniciativa de viaxes gratuítas e destinada a entidades sen ánimo de lucro con sede en algún dos 67 concellos da provincia.

Desde a súa posta en marcha no 2021, esta iniciativa permitiu que preto de 10.000 persoas viaxasen pola provincia, pertencentes a 438 colectivos. Ademais, xerou un impacto económico superior aos 600.000 euros. Nesta quinta convocatoria, o programa ofrece un total de 3.036 prazas, mentres que outras 201 entidades quedaron en lista de agarda. Pola contra, 37 solicitudes foron excluídas por non cumprir cos requisitos da convocatoria.

O programa Coñece a túa provincia, impulsado pola Deputación de Lugo, ten como obxectivo fomentar o coñecemento da riqueza patrimonial entre os propios veciños e veciñas da provincia. Ademais, busca incentivar o turismo de proximidade e apoiar aos sectores hostaleiro, turístico e comercial.

Este programa supón unha importante oportunidade para que os veciños da provincia coñezan mellor o seu propio territorio e poidan contribuír á dinamización do turismo e da economía local.

Abre o prazo do programa Da Escola á Granxa

O BOP publicou a convocatoria de subvencións de concorrencia competitiva do programa Da Escola á Granxa da área de Rural da Vicepresidencia, que financia actividades educativas en granxas, producións agrarias e proxectos de emprendemento no rural.

A convocatoria, que conta cun orzamento de 200.000 euros, está aberta a asociacións de nais e pais de centros de educación infantil e primaria, que recibirán achegas de ata 1000 euros -100 máis que o ano pasado- para financiar o custo da actividade e o desprazamento ata as granxas e producións agroalimentarias que elixan entre as 45 participantes.

O programa ampliou e diversificou un ano máis a súa proposta educativa coa incorporación de 13 granxas novas respecto á última edición, a maioría delas proxectos familiares, que teñen en común a aposta pola diversificación produtiva e pola produción ecolóxica.

O deputado de Rural Daniel García agradeceu “as granxas participantes a súa implicación en deseñar as actividades para os nenos e as nenas que as visitan, mostrándolles a importancia do sector primario na produción de alimentos e na conservación do territorio”.

O prazo para presentar as solicitudes está aberto ata o luns 21 de abril.

FORMACIÓN



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, xunto á deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, entregou no salón de actos do Pazo de San Marcos os diplomas a 133 empregados e empregadas públicos da propia institución e de 38 concellos que completaron os cursos do Plan de Formación Continua 2024. A Deputación organizou 20 accións, con máis 800 diplomas expedidos. O Plan Agrupado de Formación Continua 2024 incluíu accións centradas nos recursos humanos, transparencia e bo goberno, novas tecnoloxías, políticas de igualdade, procedementos xurídicos, atención ao cidadán, saúde laboral ou urbanismo e medio ambiente.

DEPORTES

Cervo acollerá dúas probas de atletismo do programa Xogade

O Concello de Cervo será escenario de dúas importantes probas de atletismo do programa Xogade da Xunta de Galicia nos vindeiros meses. As competicións celebraranse nas pistas municipais da Veiga os días 26 de abril e 11 de maio, reunindo a centos de atletas de toda A Mariña. Xogade, posto en marcha na tempada 2009/10, busca fomentar o deporte entre a mocidade galega, favorecendo a participación de escolares de entre 6 e 16 anos en diversas modalidades atléticas. Co apoio das federacións e agrupacións deportivas escolares, o programa conseguiu implicar a preto de 150.000 nenos e nenas nas últimas tempadas.

Viveiro acolle un campus de tecnificación en baloncesto

Viveiro converterase en abril nun punto de referencia para os amantes do baloncesto coa celebración do Campus de Tecnificación, unha iniciativa dirixida a mozos e mozas de entre 10 e 17 anos. O campus terá lugar os días 14, 15, 16 e 21 de abril e desenvolverase en diferentes instalacións da vila, como o Pavillón Municipal, o do IES María Sarmiento e o do IES Vilar Ponte.

Para inscribirse, os interesados poden contactar a través do correo baloncesto@recordeventos.com ou dos teléfonos 648 085 737 e 651 551 481.

O VII Rallye da Mariña será do 9 ao 11 de maio

A emoción do motor regresará á Mariña lucense os días 9, 10 e 11 de maio de 2025 coa celebración do VII Rallye da Mariña, unha das probas destacadas do Campionato Xunta de Galicia de Rallyes. Nesta edición, os pilotos terán que completar un percorrido total de 343,57 quilómetros, dos que 106,30 serán cronometrados, nun trazado que promete espectáculo e competitividade. En anteriores edicións, o rally percorreu concellos como Viveiro, Xove, Cervo, Muras, Ourol e O Vicedo, atraendo a numerosos afeccionados que gozan da emoción das carreiras en estrada.

A Mariña échese de carreiras en abril coa Carreira das Praias e o Camovi



Coa chegada de abril, A Mariña prepárase para vivir un mes de intensa actividade deportiva, combinando a beleza natural da súa costa e das súas montañas con dúas probas xa consolidadas no calendario: a XI Carreira Popular das Praias de Barreiros e o XIV Camovi de Viveiro.

O domingo 13 de abril, os areais de Barreiros converteranse nun circuíto de atletismo coa XI Carreira Popular das Praias, unha nova edición do circuíto +Kms Barreiros. A proba inclúe unha andaina de 9 quilómetros, carreiras para menores e unha competición absoluta de 7,5 quilómetros. O percorrido desta última comezará e rematará na praia de Coto, pasando polas de Acantillado, Pena da Salsa, Valea, Fontela, Lóngara e Curbeira.

Dúas semanas máis tarde, o sába-

do 26 e domingo 27 de abril, Viveiro será o escenario dunha das competicións de montaña máis relevantes da provincia de Lugo: a Carreira pola Montaña dos Montes de Viveiro, Camovi. Esta edición será especialmente significativa, xa que decidirá os Campionatos Galegos individuais da Federación Galega de Montaña.

O evento, que nos últimos anos contou coa presenza de destacados corredores como Oihana Kortazar, Manu Merillas, Zaid Ait Malek e o finado Ramón Blanco, xa conta con case 500 inscritos. O programa comeza o sábado 26 con dúas citas especiais: a andaina homenaxe a Ramón Blanco e as probas infantís Camovi Kids. O domingo 27 será a quenda das carreiras principais, con distancias de 42 quilómetros, 42 por relevos, 21, 18 e 10 quilómetros.

A Valkiria Race desembarca en San Cosme de Barreiros chea de desafíos e adrenalina

A emocionante carreira de obstáculos Valkiria Race chega a San Cosme de Barreiros o próximo 20 e 21 de setembro, prometendo unha fin de semana repleto de emoción, reto e espírito de superación. Inspirado na valentía e determinación dos guerreiros viquingos, o evento contará con percorridos adaptados para todos os niveis de condición física e idades.

A organización do evento fai un chamamento para que persoas voluntarias se sumen a esta experiencia única, contribuíndo á celebración da competición e vivindo a emoción da carreira dende dentro. Quen decidan formar parte do equipo de voluntarios recibirán varias vantaxes, entre elas inscrición gratuíta

na categoría especial de voluntarios, camiseta oficial do evento, medalla de finisher, comida e bebida durante o evento e a posibilidade de formar parte da organización e vivir a carreira de forma intensiva.

Os voluntarios terán un papel clave na correcta realización da carreira, realizando tarefas como distribución de avituallamento, supervisión e control dos obstáculos, entrega de dorsais aos participantes e animación e apoio aos corredores.

Para formar parte do equipo e vivir unha experiencia única, hai que inscribirse na seguinte ligazón. Para máis información, tamén podes contactar co evento a través do número de teléfono 686 71 92 00 ou nas súas redes sociais [@valkiria.race](https://www.valkiria.race).

Finalizan as ligas de bolos en Xove cunha gran participación



Este sábado 15 de marzo puxéronse fin ás competicións de bolos en Xove, tras meses de intensas partidas disputadas desde outubro nas distintas boleras do municipio. A XXXVI Liga Sénior Masculina, a XVI Liga Feminina e a XXV Liga Sub-16 coronaron os seus campións nunha xornada festiva para este deporte tradicional.

Na categoría sénior masculina, o gañador foi Arturo; na categoría sénior feminina, o triunfo

foi para Carmen, que tamén se impuxo na categoría de veteranos, e na categoría Sub-16, o campión foi Jordi.

O acto de entrega de trofeos contou coa presenza do alcalde de Xove, Demetrio Salgueiro, e da concelleira de Deportes, Cristina Iglesias, quen destacaron o alto nivel da competición e o compromiso dos participantes na preservación e promoción desta disciplina.

O V Enduro Monte Castelo convértese nunha proba de ámbito estatal



Burela será, un ano máis, o escenario da carreira Enduro Monte Castelo. Nesta quinta edición, o evento marcará un fito na súa historia ao integrarse na Copa de España de Enduro, converténdose nunha proba de referencia a nivel estatal. A organización corre a cargo do Club Ciclista Cerezo Bikes, co apoio do Concello, da Deputación e do comercio local.

O programa do evento arrancará o sábado 12 de abril cunha xornada de adestramentos no tramo urbano, permitindo aos asistentes gozar

dun adianto da competición. Pola noite, a Praza do Concello acollerá un concerto do grupo Louband, engadindo un toque festivo á fin de semana. A carreira oficial disputarase o domingo 13 ao longo de toda a mañá.

O percorrido incluírá catro tramos cronometrados no monte e un quinto tramo completamente urbano, que transformará as rúas de Burela nun circuíto repleto de estruturas de madeira para o espectáculo dos corredores e espectadores.

“Competir en Pipeline foi como estar no Wembley do surf”

Uxío Rodríguez, surfista de Viveiro, estivo en Hawai competindo

Por Ana Somoza
Uxío Rodríguez é un nome ben coñecido no mundo do surf na Mariña lucense. Neste momento, atópase en Hawai, competindo na prestixiosa proba Hawaiian Pipeline Bodyboard Championship. O seu percorrido como deportista e a súa paixón polo surf e bodyboard forman unha historia de superación e amor polo mar. Neste reportaxe, falamos co propio Uxío sobre a súa traxectoria, os retos que enfróntase na súa carreira e os valores que intenta transmitir ás novas xeracións.

PERCORRIDO. Uxío Rodríguez conta que a súa introdución ao surf foi un proceso natural, grazas á súa amizade con Pedro Salgueiro, quen o iniciou no mundo do deslizamento nas ondas. “Foi a través de el que comecei a practicar nas praias da zona: Esteiro, San Román e Abrela. Despois, amigos máis vellos como Diego Mini ou Alex Seoane levábame ás praias, xa que eu non tiña coche,” comenta Uxío, recordando os seus primeiros pasos no mundo do surf. Uxío conseguiu clasificarse para competir en Hawai de forma inesperada. “Despois de pasar alí dúas tempadas, os organizadores avisáronme de que estaba na lista de espera e que podía entrar no cadro. Ao haber baixas, aos dous días de aplicar, cheguei a mensaxe de que estaba dentro.” A súa clasificación para esta proba de tan alto nivel non foi sinxela, pero a oportunidade chegou cando menos o esperaba. Para Uxío, o maior desafío na súa traxectoria foi a sustentabilidade económica do deporte. “Hoxe en día é moi difícil, fóra do fútbol, poder dedicarse ao deporte. En termos competitivos, é case imposible vivir dos resultados deportivos, e menos dun deporte como o surf ou o bodyboard,” asegura. A súa solución foi combinar a competición co traballo na formación deportiva, xa sexa na súa escola ou nos cursos de adestrador.

HAWAI. A competición en Hawai non foi só un reto físico, senón tamén un reto emocional. “As condicións non foron as que eu esperaba, con un Pipe de tubos grandes e fortes, pero aínda así, só poder elixir e ir nas ondas que queres foi un luxo,” expresa, subliñando a importancia de poder competir nun escenario tan mítico. A preparación de Uxío para afrontar as ondas de Hawai non é sinxela. “Combino sesións de auga con preparación física e piscina en inverno, xa que en Galicia fai moito frío,” explica, destacando a disciplina e a adaptación ao cambio climático como parte fundamental da súa rutina de adestramento. A súa visión sobre Banzai Pipeline non deixa lugar a dúbidas: “Pódeste facer o tubo da túa vida, pero se algo sae mal e pegas contra o fondo, é como se te atropelase un coche. Pode acabar mal, por iso é tan desafiante.” Para el, este tipo de ondas representan o maior desafío de todos. “Pipeline é un tubo forte que rompe con violencia nun arrecife con pouca auga, sinala. Competir en Hawai non foi un proceso exento de presión. Uxío recoñece que, a pesar das difíciles condicións, os nervios estaban presentes. “As condicións non eran as que eu estaba buscando nin as que me beneficiaban, pero aínda así quería pillar dúas boas,” afirma, subliñando a súa capacidade para manter a calma e dar o mellor de si.

APOIO. O apoio da súa comunidade e dos seus patrocinadores é fundamental para Uxío. “As empresas locais de amigos surfistas axudáronme a poder ir á competición. Resurrection Fest, A Óptica e Soniapeix foron os meus principais patrocinadores para facer isto posible,” explica sobre como conseguiu o financiamento necesario para participar nun evento internacional tan importante. A pesar de competir en solitario en Hawai, Uxío destaca a importancia de contar con máis representación local. “De España no cadro open

masculino estabamos Armide Soliveres (Canarias) e eu. O ano que vén, agardamos poder ir máis ‘boogies’ nacionais. Sería increíble,” comenta, mostrando a súa esperanza de que no futuro máis deportistas da Mariña se sumen á competición. O apoio emocional é tamén crucial. “Sinto moito o apoio dos meus amigos e da miña familia. Sen eles non podería ir a competir a un evento así. Ao

“O maior reto ao que me enfrontei foi poder vivir deste deporte”

“O surf e o bodyboard na Mariña necesitan moito apoio institucional”

final, os patrocinadores son amigos que intentan axudarche a cumprir os teus obxectivos,” subliña Uxío, destacando o apoio constante que recibe desde a súa terra natal.

SELECCIONADOR. “Combino o meu traballo na escola e no club de Viveiro cos proxectos deportivos da FGS e FES”, di Rodríguez, que tamén desempeña un papel activo na formación de novos surfistas. “Estudo un máster en alto rendemento deportivo na UCAM e son profesor nun posgrao na UDC,” explica, subliñando a súa dedicación á formación e á mellora do rendemento deportivo. Ao falar sobre o futuro do surf na súa comarca, Uxío deixa claro que, para que o deporte creza, necesita apoio. “Vexo o surf e o bodyboard na Mariña igual que o de todos os deportes que non sexan o fútbol: con necesidade de apoio institucional e inves-



timento,” reflexiona, lembrando que as cousas mellorarán se as institucións apoian aos deportistas. Na súa escola de Viveiro, Uxío transmite aos seus alumnos os valores fundamentais do surf. “Que entendan e respecten o mar e saiban comportarse na auga,” explica, destacando a importancia de formar deportistas que non só teñan habilidades nas ondas, senón que tamén comprendan

como funciona o mar e o respecten.

FUTURO. Uxío xa pensa no futuro, e os seus plans están centrados na escola de surf. “Poder facer algunha competición en casa cos rapaces e poder surfear o que poida,” conclúe, facendo fincapé na importancia de manter a conexión coas novas xeracións de surfers. “Os meus plans son chegar e preparar a tempada de traballo coa escola de verán”, sinala. Aínda que competir e ensinar son tarefas que require gran dedicación, Uxío está decidido a seguir facendo as dúas cousas. “As dúas cousas son fermosas, unha leva á outra e o bonito é desfrutar do proceso,” asegura, mostrando que para el, o camiño no deporte é tan importante como o destino. Uxío Rodríguez segue demostrando que a súa traxectoria é un exemplo de perseveranza e paixón polo surf. A súa historia é un testemuño de que, con esforzo e apoio, os soños poden cumprirse, mesmo cando as ondas son tan grandes como as que atopa en Hawai.



“Gustaríame que houbera máis surfistas da Mariña na competición”

“Diariamente intento combinar sesións de auga buscando condicións de tubo e fortes”

COLABORACIÓNS

A irmá da miña nai

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Se pecho con forza os ollos, podo ver esa foto, mesmo palpala coa puntilla dos dedos, do mesmo xeito ca facía nela, abro a man e doulle unha cóxega á bóla de pedra que hai no baixo das escaleiras. Aínda agora cada vez que subo repito ese xesto, coma fan os maiores cando percorren de punta a punta a praia do Cantiño e pousan o pé sobre a mesma rocha para que conte ese camiño. Do contrario esa volta non valeu para nada. Pouco se fala en xeoloxía do fenómeno da erosión provocada por esa teima de tocar co pé sempre a mesma pedra. Simpáticos din no Congreso que non somos, pero xente de costumes si. A parede do fondo semella mármore, agora fíxome nenas cousas nas que daquela non reparaba e ata podo cheirar a bauxita. San Ciprián hai moitos

anos que cheira a mineral cando vén o vento de nordés, que acostuma a ser sete días por semana. Malia iso, sempre lle facemos a risa por iso, porque para ela, podemos ir de vacacións á outra punta do mundo, que coma o seu San Ciprián non hai lugar ningún. Pode que teña razón, pero non se decata de que o mellor lugar do mundo sempre o fan as persoas coma ela. “Á nosa idade sabemos que nada é para sempre” dixo Alejandra Pizarnik. Pero reza Xacobe Pato que celebramos a valentía de embarcarnos cando o destino derradeiro é o naufraxio, porque os barcos non se fixeron para acabar en porto. Celebramos que a vida é mellor cando nos pasan cousas, e estamos aquí para contalas. Podemos lembrar cando te namoraches de M. ou cando naceu L. pero o que temos que ter presente é que nos quedan moitos cafés por tomar e a ti moitos artigos por colleccionar. Viaxo en tren menos do que me gustaría, lembro a miña etapa universitaria e poucas cousas re-



petiría, unha delas sería esa. Moita xente voltaría a eses anos sen dubidar, eu dubido que puidese volver. Aínda teño unha reconciliación pendente coa capital onde chove cara arriba. Para alguén que non deixa nunca de estudar pode resultar contradictorio, pero que ben se estuda cando un se atopa ben. Falamos pouco no entorno educativo do contexto socio-

cultural do alumnado, avogamos pola saúde mental, pero desde o papel. Estamos a traballar con persoas en formación, mentes inculcadas e bulideiras na procura do seu camiño. Que bonito é sentar canda eles e transmitirles unha miguiña de paixón polo que facemos. Decía onte unha alumna miña que lle gustaría sentir as Matemáticas como eu as sinto, e

eu lembraba ao meu profesor de Galego, Eduardo, se lles dese clase, descubrirían realmente o que significa a palabra paixón. É a razón pola que unha mente cuadrada e matemática coma a miña está a escribir estas liñas, por iso que a todo se chega. Eu tamén penso que o resultado non é esixible, o que é esixible é o esforzo, esixir unha nota é moi inxusto, hai moitas variables que non controlamos á hora de facer un exame. Pero cando un vai moitas veces, e vai e vai e vai, dunha vez chega. Entón non é unha cuestión de sorte, é unha cuestión de ir, moitas veces, porque moitas veces non se chega, pero gañouse a aprendizaxe do camiño. Daquela comecei a ler sobre as persoas amarelas, aquelas que te atopas nalgún momento e sen máis, che cambian a vida. Hai persoas que levan un candil na man e van creándolle sombras ás luces, para que aprendamos a abrir a mente e a cuestionarnos as cousas, a miña tía R. é unha delas.

O meu fillo nunca minte

O PUPITRE



Levo días dándolle voltas a unha noticia que saíu referente a uns panfletos colgados no entorno dun instituto de Ourense en forma de “esqueletos” contra unha profesora do centro pola súa maneira de impartir docencia. –Como estes días leva chovido moito e a min gústame pisar charcos vou comezar relatando unha historia real que ocorreu fai pouco”- Todo comezou un día calquera, cando un docente do corpo de mestres dun colexio público comezou a recibir insultos e ameazas por parte dalgún dos seus alumnos, en particular dun en concreto. O docente comunicou o incidente á dirección do centro, que se puxo en contacto cos pais. Estes, lonxe de reprender ao seu pupilo, desculpase polo ocorrido e plantexarse educar correctamente ao seu fillo responderon

con ameazas e faltas de respecto, onde o proxenitor do alumno chegou a espetar “onde está que o vou matar”. Os comentarios ían subindo de ton e os pais encoraxáronse ambos os dous.- Tal foi a situación que o docente decidiu interpor denuncia ante a policía e como resultado o xuíz ditaminou unha orde de afastamento dos pais, así como o pago dunha multa e indemnización ao docente. Xusto despois disto, a nai chegou a dicir a outro membro do persoal do centro educativo que era preferible que o docente non regresara polo colexio e manifestou as súas violentas intencións: “Cando o vexa vouno pinchar” en clara referencia a unha hipotética agresión cunha arma branca. O docente que estaba de baixa médica, incorporouse e ante novas faltas de respecto, insultos e ameazas o profesor precisou dunha nova baixa laboral. Como vedes este relato real debuxa un perfil de proxenitor acusador que mantén problemas co profesorado. Son persoas que



creen cegamente na inocencia do seu fillo/a “xamais minte”, alegan. Non aceptan a realidade, desculpan e xustifican calquera acción do seu fillo. Non confían no docente e desautorízanos na súa presenza. Acusan ao profesor de terlles manía, maltratalos psicolóxicamente e non facer ben o seu traballo.- A maioría das queixas están relacionadas co intento de presións para que se modifiquen as notas dos seus fillos e especialmente

nos dous cursos de bacharelato que supoñen o acceso a unha ou outra carreira ou mesmo poder presentarse ás probas de acceso á universidade.- O normal é que estas falsas acusacións, seguidas das denuncias ante os servizos de inspección, saltándose as canles normais de falar co titor do seu fillo e a continuación co equipo directivo do centro van directamente aos servizos de inspección, que por certo debería esixirles as canles pre-

vias antes de acadar accedendo ao seu servizo en lugar de aclarar o problema directamente co docente ou co titor de seu fillo. Adoitan ademais buscar o apoio doutras familias estendendo infundios e esaxerando calquera actuación. Buscan unha “camarilla” ao seu redor para sementar dúbidas da profesionalidade do docente e desacreditala.- Seguramente me tachen de corporativismo, e pode que sexa certo, pero tamén digo que nun colectivo tan amplo como o noso ten que existir todo tipo de docentes e seguro hai quen se mereza que non o defenda, pero tamén temos cada vez un maior número de proxenitores que están criando nenos de cristal en burbullas, que se cren todo o que os seus fillos contan e antepón a súa palabra á nosa. Isto da docencia vai doutra cousa vai de colaboración e non de enfrontamentos, vai de axudarse e non de criticar, vai de participar en vez de obstaculizar... Pais e docentes temos un ben común, Os seus fillos.

Nun lugar de Francia...

CULTURA



Rebeca Maseda

Oíches falar da Costa Azul? Se non o fixeches, é hora de deixar de vivir na caverna! Este anaquiño de paraíso onde o sol brilla con tanta intensidade que ata o mar parece estar a tomalo, é unha xoia da Ribeira Francesa. E non só é un destino turístico calquera, é onde a maxia acontece: desde pintores famosos ata aristócratas con gravata branca e iates que parecen sacados dunha película de James Bond. A historia da Costa Azul, ou “Côte d’Azur” como lle gusta chamarse en francés, comeza no século XVIII, cando a aristocracia británica decidiu abandonar as frías illas para pasar o inverno nun lugar máis so-lleiro. Si, os ingleses sempre marcando tendencia. Anos máis tarde, o escritor Stephen Liégeard, un adiantado ao seu tempo, decidiu poñerlle un nome máis glamouroso á rexión, e voilá: así nace a Costa Azul en 1887. Pero a fama desta zona non vén só do seu clima perfecto, non, non. Ao longo dos séculos XIX e XX, artistas como Chagall,

Picasso e Matisse, entre outros, namoráronse da súa luz e paisaxes e convertérona na súa musa. Chagall desbordou cores nas paredes de Saint Paul-de-Vence, Picasso pintou a vida mariña de Antibes, mentres que Renoir se apousentou en Cagnes-sur-Mer, deixando atrás unha casa convertida en museo. En fin, que se os artistas a elixen, é por algo. A Costa Azul foi durante moito tempo refuxio de famosos. Cannes, Niza, Antibes... son nomes que resoan como os destinos de elite da jet-set. Pero se tivésemos que elixir o lugar máis emblemático, sen dúbida Saint-Tropez levaríase o premio. A década de 1950 foi testemuña de como Brigitte Bardot, en todo o seu esplendor, cambiou as regras do xogo coas escenas de praia de “E Deus creou á muller” (nome moi acaído, por certo). A mítica actriz converteu a Saint-Tropez no destino por excelencia para todos aqueles que querían ser vistos na praia cun glamour inigualable. Se algunha vez te deixas caer por este recuncho do mundo, asegúrate de pasar polo Vieux Port, este lugar ten máis historia que moitos museos. Durante a Segunda Guerra Mundial foi destruído e logo reconstruído, pero hoxe é o fogar de iates luxosos que

conviven cos barcos de pesca artesanal. Quen di que non se pode ter o mellor de ámbolos mundos? Se es madrugador ou noctámbu-

E se o teu é a arte, prepárate para unha dose de cultura. A capela de l’Annonciade, un edificio do século XVI que agora alberga un museo

cantís deixarache sen alento, tanto pola súa beleza como polo seu carácter salvaxe. Ah, e se es fan das historias de escritores soados,



lo, non te perdas unha boa cunca de café no Sénequier, un bar tradicional onde a xente pasa máis tempo nas terrazas que nas súas casas. Se prefires un ambiente máis pintoresco e tranquilo, vai dar unha volta polo antigo barrio de pescadores de La Ponche. O bulicio aquí é tan contaxioso como a risa dun neno cun xeadro en man. Os días de mercado, martes e sábados, o aire échese de cheiros deliciosos: desde olivas ata queixo de cabra. É un festín para os sentidos!

de arte moderna con obras de vangardistas como Henri Matisse, Paul Signac e outros artistas que contribuíron a facer da Costa Azul un lugar icónico. Saint-Tropez é o punto de partida ideal para explorar a rexión, especialmente entre outono e primavera, cando a calor non aperta demasiado e as multitudes se dispersan. Se che apetece unha excursión, non te perdas os cantís máis altos de Francia, situados entre Marsella e Cassis. A senda que conecta estes

Winston Churchill aprendeu a pintar nesta zona, e Virginia Woolf e a súa irmá Vanessa Bell considerábanla o seu propio Bloomsbury Mediterráneo. Non dubides, fai as maletas, compra un par de lentes de sol e vai desfrutar da maxia desta fermosísima rexión. Desde a súa arte ata as súas praias, este lugar ten un “nonseique” indescribible: glamour, historia, cultura e un toque de sol que non atoparás en ningún outro lugar do mundo.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ	
Concello:	982 55 80 01
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde:	982 55 86 97
BARREIROS	
Concello:	982 12 40 02
Garda Civil:	982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 41 05
BURELA	
Concello:	982 58 60 00
Policia Local:	982 58 62 11
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña):	982 58 99 00
Capitanía Marítima:	982 57 51 53
CERVO	
Concello:	982 55 77 77
Policia Local:	615 52 10 52
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 75 25

FOZ	
Concello:	982 14 00 27
Policia Local:	982 13 36 40
Garda Civil:	982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 23 85
Agencia Tributaria:	982 13 35 12
LOURENZÁ	
Concello:	982 12 10 06
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 20 29
MONDOÑEDO	
Concello:	982 52 40 03
Policia Local:	982 50 70 40
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 50 74 52

OUROL	
Concello:	982 55 91 09
Garda Civil:	982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 90 62
PONTENOVA, A	
Concello:	982 34 22 77
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 24 00
RIBADEO	
Concello:	982 12 86 50
Policia Local:	982 12 86 50
Garda Civil:	982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 01 43
RIORTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63

TRABADA	
Concello:	982 13 50 11
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 53 00
VALADOURO, O	
Concello:	982 57 40 00
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa):	982 57 43 12
VICEDO, O	
Concello:	982 59 00 02
Garda Civil:	982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 03 51
VIVEIRO	
Concello:	982 56 01 28
Policia Local:	982 56 29 22
Policia Nacional	982 56 17 11
Policia Nacional cita DNI	060/ 982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa):	982 56 12 01
XOVE	
Concello:	982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062

DE RUTA EN RUTA

Lourenzá: ruta da Faba

Un paseo circular pola vila fabeira no que pasear entre historia e natureza

Lourenzá ofrece aos amantes do sendeirismo unha ruta sinxela e accesible que conecta historia, natureza e gastronomía: a Ruta da Faba. Con tan só 5,5 km de percorrido, esta ruta circular é perfecta para realizar en aproximadamente dúas horas, ideal para todos aqueles que queren descubrir a beleza da parroquia de Santo Tomé. A ruta comeza e remata na entrada do Café-Bar Baos, situado a poucos metros da estrada principal, e cun aparcadoiro xusto ao carón, o que facilita o acceso ao punto de inicio. Desde aquí, os sendeiristas comezan a súa viaxe a través de camiños e sendeiros que se adentran no corazón de Santo Tomé. Este pequeno pobo, situado no interior da Mariña, conta con numerosos atractivos que converten esta ruta nunha das máis recomendables da zona. Un dos primeiros puntos de interese é a Igrexa de Santo Tomé, un fermoso edificio do século XVI que destaca pola súa arquitectura e polo seu encanto rural. A igrexa, de estilo

tradicional galego, é un lugar de recoñecemento para os veciños e ofrece un ambiente tranquilo para os visitantes que desexen facer unha parada antes de continuar a súa camiñada. A poucos metros da igrexa, atopamos un pavillón onde se celebran eventos, festas e comidas, servindo como centro social da parroquia. A ruta continúa e, tras un breve paseo, os sendeiristas chegan ao imponente Pazo de Tovar, unha fortaleza de estilo gótico isabelino que data do século XVI. Este pazo, que conserva o seu característico estilo medieval, está composto por dúas torres cadradas e un patio interior. Ao entrar no pazo, os visitantes poden descubrir o Centro de Interpretación Cultural dos Pazos de Galicia, que ofrece información detallada sobre a historia e o patrimonio dos pazos galegos. Dentro deste pazo tamén se atopa o restaurante O Forno de To-

var, un lugar ideal para celebrar eventos e cerimoniais como vodas ou aniversarios. Outro punto importante da ruta é a Capela de Virxe María da Ó, un pequeno templo dedicado á virxe que pon o broche final á parte máis histórica da ruta. Neste lugar de tranquilidade, os camiñantes poden descansar e contemplar a paisaxe que rodea a parroquia. Un dos aspectos máis interesantes desta ruta é a súa conexión coa agricultura local. A Ruta da Faba transita por áreas onde se cultivan as famosas fabas de Lourenzá, un dos principais produtos gastronómicos da zona. Durante a época de cultivo, que vai de maio a outubro, os sendeiristas teñen a oportunidade de observar as amplas plantacións de fabas que decoran o camiño. As abundantes plantacións de faba son un recordatorio do orgullo que a parroquia sente pola súa tradición agrícola, que

forma parte fundamental da súa identidade cultural e gastronómica. En definitiva, a Ruta da Faba non só é un camiño para desfrutar da natureza e do aire libre, senón tamén un percorrido cultural e histórico que invita a descubrir o mellor de Lourenzá. A súa facilidade, con pouco desnivel e accesible para todos, converte esta ruta nunha opción perfecta para pasar unha mañá ou tarde ao aire libre, coñecendo a historia e os sabores que definen esta fermosa localidade lucense.



DATOS



2 horas



5,5 quilómetros



Dificultade media



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



www.corbarsil.com



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240



NOVEDAD

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com